

Víctor Manuel Basoa Maneiro

Paisaxes Marxinais

Cotobade: Lóxicas urbanas dun territorio pos-rural



Universidade Fernando Pessoa

Faculdade de Ciência e Tecnologia

Porto 2018

Víctor Manuel Basoa Maneiro

Paisaxes Marxinais

Cotobade: Lóxicas urbanas dun territorio pos-rural



Universidade Fernando Pessoa

Faculdade de Ciência e Tecnologia

Porto 2018

Víctor Manuel Basoa Maneiro

Paisaxes Marxinais

Cotobade: Lóxicas urbanas dun territorio pos-rural

Trabalho apresentado à Universidade Fernando Pessoa
como parte dos requisitos para obtenção do grau de
Mestre em Arquitectura e Urbanismo.

Dissertação orientada pela Prof.^a Dr.^a Arquitecta Sara Sucena

Sumario

En 2007, a porcentaxe de poboación mundial que habita en condicións urbanas superou por primeira vez o 50%. Sen embargo, tal acontecemento non implica necesariamente que a poboación se esté a concentrar nos ámbitos de límite preciso que habitualmente se asocian á morfloxía urbana que presenta a cidade tradicional. Os fenómenos de globalización e as lóxicas da economía de mercado, así como unha revolución tecnolóxica sen precedentes, terminaron non só por transformar os tradicionais modelos de asentamento de maneira radical e irreversible, senón tamén a natureza da nosa civilización. O aparentemente imparabile proceso de urbanización fai que a maneira en que esta toma forma cristalice nunha nova entidade que xa non ten que ver coa cidade ou o campo, ocupando, ao encontrarse as lóxicas do espazo cada vez máis desvinculadas do *lugar*, a estrutura espacial dominante que na actualidade representa o *espazo de fluxos*.

O fenómeno de difusión da urbanización en Galicia alimenta o seu continuo crecemento a expensas do territorio que tradicionalmente fora ocupado por áreas aínda hoxe convencionalmente entendidas como *rurais*; historicamente asociadas a condicións de vida pre-modernas e á produción agropecuaria, o recente proceso de cambios rematou por alteralas radicalmente, provocando a aparición dun novo tipo de hábitat que, asentando sobre o preexistente, toma diversas formas segundo a intensidade e extensión dos seus ámbitos relacionais, así como do grao de actividade que presenta.

Cotobade serve como soporte para a investigación e o estudo desa nova entidade, ao encontrarse presentes nel, tanto a hibridade histórica da *paisaxe transxénica*, como a indecisión do espazo residual produto da derelición. O traballo pretende, así, afondar no significado dunha serie de conceptos que, con frecuencia, son utilizados para definir o carácter dun territorio, ofrecendo unha base teórica apoiada nunha produción gráfica que proporciona, mediante a introdución de bloques multiescalares, unha interpretación paralela –incluso alternativa– á que se poida desprender inicialmente da lectura do texto.

Palabras chave: *Cidade; hipermodernismo; paisaxe; rural hipercartesiano; urbanización difusa; urbano.*

Sumário

Em 2007, a percentagem da população mundial que vive em condições urbanas é, pela primeira vez, superior a 50%. No entanto, tal acontecimento não implica necessariamente que a população esteja concentrada nos âmbitos de limite preciso que são geralmente associados à morfologia urbana da cidade tradicional. Os fenómenos da globalização e as lógicas da economia de mercado, assim como uma revolução tecnológica sem precedentes, não só acabaram por transformar os modelos tradicionais de assentamento de uma maneira radical e irreversível, mas também a natureza da nossa civilização. O processo aparentemente imparável de urbanização faz com que o modo como esta toma forma se cristalize numa nova entidade que não mais tem a ver com a cidade ou o campo, ocupando, ao encontrar-se as lógicas do espaço cada vez mais dissociadas do lugar, a estrutura espacial dominante que atualmente representa o espaço dos fluxos.

O fenómeno de expansão da urbanização na Galiza alimenta o seu contínuo crescimento a expensas do território que foi tradicionalmente constituído por áreas ainda hoje convencionalmente entendidas como rurais; historicamente associadas a condições de vida pré-modernas e à produção agrícola, o recente processo de mudança acabou por alterá-las radicalmente, provocando o surgimento de um novo tipo de habitat que, baseado no preexistente, assume diversas formas dependendo da intensidade e extensão dos seus domínios relacionais, bem como do grau de atividade que apresenta.

Cotobade serve de suporte para o estudo e investigação desta nova entidade, ao estarem nela presentes quer a hibridez histórica da paisagem transgénica, quer a indecisão do espaço residual resultante da derrelicção. O trabalho pretende, assim, aprofundar o significado de uma série de conceitos que, com frequência, são utilizados para definir o carácter de um território, oferecendo uma base teórica apoiada numa produção gráfica que proporciona, através da introdução de blocos multiescalares, uma interpretação paralela –mesmo alternativa– da que pode inicialmente emanar da leitura do texto.

Palavras chave: *Cidade; hipermodernismo; paisagem; rural hipercartesiano; urbanização difusa; urbano.*

Abstract

In 2007, the percentage of global population living in urban conditions exceeded 50% for the first time in history. However, such a significant change does not necessarily imply a concentration of population in areas commonly associated with the urban morphology of precise boundaries displayed by the traditional city. The phenomena of globalisation, forces of the market economy, and an unprecedented technological revolution have not only irreversibly transformed the nature of historical settlement patterns but also the nature of our civilisation. The seemingly relentless processes of urbanisation have crystallised in the embodiment of a novel entity which no longer relates to either city, or country. It rather occupies the prevailing spatial structure of the *Space of Flows* as the new logics of space are increasingly dissociated from *place*.

The phenomenon of diffuse urbanisation in Galicia continually expands at the expense of what are still commonly known as *rural areas*, that is, premodern developments and lifestyles historically associated with husbandry and agricultural production which the recent processes of change have radically altered, causing the rise of a new kind of habitat which overlays the preexistent, and takes various forms depending on the extension and intensity of its relational scope and the activity level it contains.

The territory of Cotobade, as a holder of both the hysteric hybridity typical of the *transgenic landscape* and the indecisive residual space derived from dereliction, serves then as a base for the study and investigation of the new urbanised entity. This work seeks to investigate a series of concepts that are often used to define the character of a territory and proposes a theoretical framework based on a graphic production which provides, through the introduction of multiscalar blocks of maps, plans, and images, a parallel or alternative interpretation of what can initially be taken from the text.

Keywords: *City; diffuse urbanisation; hypercartesian rural; hypermodernism; landscape; urban.*

Índice

Páx.

1. **Introdución**
Obxecto, obxectivos, metodoloxía e estrutura do traballo
7. **I. CONCEPTOS**
9. 1.1 *Identidade*
18. 1.2 [Soporte] *Espazo e lugar*
33. 1.3 *Paisaxe*
50. 1.4 *Hipermodernidade*
59. **II. METAMORFOSE**
60. 2.1 *Hábitat hipermoderno*
79. 2.2 *Rural hipercartesiano*
96. **III. COTOBADE: FENOMENOLOXÍA DUNHA PAISAXE MARXINAL**
97. 3.1 *De cidades a sistemas urbanos*
103. 3.2 *escalas [XL]*
107. 3.3 *O mundo baixo as sete cidades*
113. 3.4 *escalas [L]*
133. 3.5 *Da Zwischenstadt á Terceira Paisaxe*
139. 3.6 [estadísticas]
144. 3.7 *escalas [M]*
159. 3.8 *O espazo á marxe*
171. 3.9 *escalas [S]*
Paisaxe transxénica / Undead places / Res derelicta / Res nullius.
193. **Conclusión**
197. **Bibliografía**

Índice de figuras

Páx.

9. **Wilfredo Lam**, 1943. *La Jungla*.
12. **Luis Plácido**. *Serie Galicia Profunda*.
15. Dolmen neolítico de Axeitos (Ribeira) / Castro galaico–romano de Viladonga (Castro de Rei) / Necrópole rupestre medieval de San Vitor de Barxacova (Parada de Sil) / Estrutura agraria tradicional (Courel). **Luis Plácido**.
18. **Robert Smithson**, 1968. *A Nonsite*, (Franklin, New Jersey).
20. **José Antonio Coderch**, 1951. *Casa Ugalde*. Caldes d'Estrac (Barcelona).
22. **Team 10**, 1954. Texto mecanografiado de *Hábitat*, tamén coñecido como *Manifesto de Doorn*.
24. **Adalberto Libera**, 1938-1940. *Casa Malaparte*. Punta Massullo (Capri).
33. **Joan Miró**, 1923-1924. *Paisaje Catalán (El Cazador)*.
35. *Landscape*. Captura de pantalla de busca de imaxes en google.
38. *Mapa de Bedolina*. Val Camonica, Italia. (2000-1500 a.c.).
42. **Caspar David Friedrich**, 1817. *Wanderer über dem Nebelmeer (Camiñante sobre o mar de nubes)*.
46. **OMA**, 1982. Esquema do programa proposto para o *Parc de La Villette*, París.
49. **George Steinmetz**. *Turistas fotografando un frautista disfrazado subido nunha vaca*. Luoping, Provincia de Yunnan. China.
50. **Xavier Ribas**, 1997. *Sundays*. Barcelona n.19.
53. **Gonzalo Sabina Martín**, 2015. *Selfie sobre mar de nubes*.
56. Mapa do mundo minguante a través das innovacións no transporte.
60. **François Dallegret**, 1965. *Transportable standard-of-living package*.
62. **Koolhaas et al.**, 1972. *Exodus, or the voluntary prisoners of architecture*.
65. *Detroit*, ca. 1930. / **J.B. Ingwersen**, ca. 1960. *Leidseplein*, Amsterdam.
68. **Kisho Kurokawa**, 1972. *Nakagin Capsule Tower*. Tokyo.
71. **Archigram**, 1964. *Walking City (Ron Herron)* e *Plug-in City (Peter Cook)*.
74. **Morphosis**. *Residencia Was*, 1988 e *Residencia Cohen*, 1981.
76. **Cedric Price**, 1963-1966. *Potteries Thinkbelt*. Staffordshire, UK.
78. **François Dallegret**, 1965. *Anatomy of a Dwelling*.
79. **Hans Hollein**, 1964. *Aircraft Carrier City in Landscape*.
81. **Richard Serra**, 1981. *Tilted Arc*. Federal Plaza, New York.
82. **Jaume Plensa**, 2004. *The Crown Fountain*. Millennium Park, Chicago.
86. *Tecnoloxía agropecuaria*.
88. **Koppert Cress**, 2014. *Invernadoiro de luz vermella LED para o cultivo de leitugas*. Monster, Holanda. / **Panasonic**, 2014. *Granxa vertical*. Planta de Singapur. / **Toshiba**, 2014. *Cultivos en sala branca*. Planta de Yokosuka, Xapón.
89. **Nasa**, 2001. *Patróns agrícolas*.
91. **Walter de Maria**, 1977. *Lightning Field*. New Mexico. / **Robert Smithson**, 1970. *Spiral Jetty*. Utah.
92. **Michael Heizer**, 1972. *City*. Nevada.
93. **Switch Citadel Campus**, 2017. *Granxa de servidores Tahoe Reno 1*. Tahoe-Reno Industrial Centre, Nevada.

94. **Next Generation Data (NGD)**, 2008. *Granxa de servidores*. Newport, Gales.
95. **Tesla Gigafactory**, 2016. Tahoe-Reno Industrial Centre, Nevada.
96. **Wim Wenders**, 1987. *Wings of Desire (Ceo sobre Berlín)*. Fotograma.
97. **Wim Wenders**, 1987. *Wings of Desire (Ceo sobre Berlín)*. Fotograma.

Escalas [XL]

104. **1:2.500.000** Europa, 2011. *Densidade de poboación baseada na malla de poboación de GEOSTAT*
105. **1:2.500.000** Europa, 2011. *Densidade de poboación por rexións NUTS 3*
106. **1:1.500.000** NW Peninsular. *Corine Land Cover 2006*
107. **Wim Wenders**, 1987. *Wings of Desire (Ceo sobre Berlín)*. Fotograma.

Escalas [L]

114. Delimitación dos concellos rurais galegos. *OCDE (2005) / Delimitación dos concellos rurais galegos. EUROSTAT (2005) / Delimitación dos concellos rurais galegos. INE (2005) / Clasificación dos concellos galegos en zonas grao de urbanización EUROSTAT (2011)*.
115. Clasificación do IGE dos concellos galegos en zonas e subzonas. *Grao de urbanización EUROSTAT (2011) / Clasificación do IGE das parroquias galegas en zonas e subzonas. Grao de urbanización EUROSTAT (2011)*.
116. **Galicia**. *Variación demográfica. Nivel parroquial (1991-2001) (2001-2006) / Galicia*. Variación demográfica relativa por concello (2001-2011). / **Galicia**. Municipios con saldo demográfico positivo (1960-2011).
117. **1:1.250.000** Galicia, 2016. *Densidade de poboación e ocupación*.
118. **1:1.250.000** Galicia, 2016. *Sistema de Asentamentos*.
119. **1:1.250.000** Galicia, 2001. *Commuters*. nivel: municipal.
120. **1:1.250.000** Galicia, 2016. *Modelo de Densidade: Edificado residencial*.
121. **1:1.250.000** Galicia, 2016. *Modelo de Densidade: Edificado industrial*.
122. **1:1.250.000** Galicia, 2016. *Modelo de Densidade da Actividade*.
123. **1:1.250.000** Galicia, 2016. *Concentración e Reestruturación Parcelaria*.
124. **1:20.000** Área metropolitana de Ferrol. *Evolución diacrónica*.
125. **1:20.000** Área metropolitana de A Coruña. *Evolución diacrónica*.
126. **1:20.000** Área metropolitana de Santiago. *Evolución diacrónica*.
127. **1:20.000** Área metropolitana de Pontevedra. *Evolución diacrónica*.
128. **1:20.000** Área metropolitana de Vigo. *Evolución diacrónica*.
129. **1:300.000** *Commuters Rexión urbana de Vigo – Pontevedra*.
130. **1:300.000** Sistema urbano de Pontevedra. *Hipsometría*.
131. **1:300.000** Sistema urbano de Pontevedra.
132. **1:150.000** Sistema urbano de Pontevedra. *Síntese urbana*.
133. **Wim Wenders**, 1987. *Wings of Desire (Ceo sobre Berlín)*. Fotograma.

Estatísticas

140. Dinámicas da poboación mundial 1950 - 2050 / Porcentaxe anual da distribución da poboación de España en áreas rurais e urbanas / **España**. Porcentaxe de traballadores segundo sector de actividade. / **Cotobade**. Porcentaxe de traballadores segundo sector de actividade.
141. **Galicia**. *evolución da poboación / Provincia de Pontevedra*. *evolución da poboación / Cotobade*. *evolución da poboación / Cotobade*. *Licenzas de construción segundo tipo de obra 2000–2014 / Provincia de Pontevedra*. *Vivendas familiares segundo tipo e ano de construción do edificio*.

142. **Cotobade.** *Porcentaxe de superficie ocupada por usos de cada tipo de sistema / Cotobade. Incendios forestais e superficie queimada / Distrito Forestal XIX. Incendios forestais e superficie queimada.*
143. **Cotobade.** *Evolución demográfica por parroquias.*

Escalas [M]

145. **Termo Municipal de Cotobade** (1944). *Mapa Topográfico* [Inexistente]
146. **1:100.000** Termo Municipal de **Cotobade** (2014). *Ortoimaxe.*
147. **1:100.000** Termo Municipal de **Cotobade** (2015). *Mapa Topográfico.*
148. **1:100.000** Termo Municipal de **Cotobade** (2016). *Relevo.*
149. **1:100.000** Termo Municipal de **Cotobade** (2016). *Hipsometría.*
150. **1:100.000** Termo Municipal de **Cotobade** (2016). *Estado actual.*
151. **1:100.000** Termo Municipal de **Cotobade** (2016). *Áreas de interese ambiental.*
152. **1:100.000** Termo Municipal de **Cotobade** (2016). *Cultivos e aproveitamentos.*
153. **1:100.000** Termo Municipal de **Cotobade** (2016). *Estrutura da propiedade.*
154. **1:100.000** Termo Municipal de **Cotobade** (2016). *Estrutura parroquial.*
155. **1:100.000** Termo Municipal de **Cotobade** (2016). *Estrutura viaria.*
156. **1:100.000** Termo Municipal de **Cotobade** (2011). *Evolución demográfica.*
157. **1:100.000** Termo Municipal de **Cotobade** (2018). *Concentracións parcelarias.*
158. Termo Municipal de **Cotobade** (2016). *Polígonos Thiessen. Nivel parcelario / edificado.*
159. **Wim Wenders**, 1987. *Wings of Desire (Ceo sobre Berlín)*. Fotograma.

Escalas [S]

- 172-176. *Paisaxe transxénica.*
- 177-182. *Undead places*
- 183-188. *Res derelicta.*
- 189-192. *Res nullius.*

Introdución

Obxecto, motivacións, obxectivos, metodoloxía e estrutura do traballo

Introdución: Obxecto

Debido á aparición tardía dos primeiros procesos de concentración da poboación en entidades urbanas é posible afirmar que Galicia foi, ata a década dos setenta, un territorio no que historicamente prevaleceron modelos de asentamento e culturais que se poden clasificar como rurais tradicionais. Pola súa peculiar distribución e morfoloxía, o estudo das características e distribución do poboamento e da organización do espazo galego preséntase como unha tarefa extremadamente complexa, chegando incluso, dende o ámbito da xeografía, a empregarse o termo *inclasificable* –aínda que ironicamente– para definir a súa estrutura, que se distribúe polo territorio de modo moi disperso nun gran número de pequenos asentamentos, máis de 30.000 núcleos que supoñen máis do 50% do total do estado. En termos comparativos co resto do territorio español, a altísima densidade de ocupación do espazo galego pode chamar a atención, pero pode sorprender aínda máis a disposición dese poboamento: salteada, salpicada entre espazos de cultivo e monte, formando pequenos núcleos e aglomeracións xeralmente non demasiado compactas, estendéndose ao longo de vales e ladeiras, moitas veces ante a imposibilidade de poder establecer un límite exacto entre un e outro asentamento. Normalmente, a morfoloxía e trama dos asentamentos non se presenta de forma clara, como pode ocorrer noutras áreas da Península Ibérica –compactas ou dispersas–, senón que existen infinidade de formas de transición que poden incluso combinar ambos extremos dentro dunha mesma contorna.

Os profundos cambios socioeconómicos que veñen tendo lugar en Galicia dende os últimos 50 anos –primeiro coa concentración da poboación no ámbito das cidades máis importantes e o abandono do campo, seguido, a partir da década dos noventa, dun proceso de desconcentración das cidades e de difusión da urbanización nun medio de herdanza rural tradicional; da radical transformación que sufriu o sistema agrario; da potenciación de grandes infraestruturas e a creación de novos trazados viarios que modifican a trama do hábitat, etc.– non fan se non aumentar a súa complexidade, do que deriva a necesidade da súa análise.

O Concello de Cotobade, na provincia de Pontevedra, é caso de estudo escollido ao presentar condicións ideais como base de investigación e estudo sobre a maneira en que os procesos de globalización e os fenómenos de difusión da urbanización afectan a territorios que ata tempos recentes funcionaban como soporte do tramado rural tradicional. Nese sentido, tanto a súa situación xeográfica –na que a parte occidental do seu territorio se solapa coa rexión urbana de Vigo-Pontevedra–, como as súas características topográficas –que, en dirección leste, vanse tornando de media e (relativamente) alta montaña– ofrecen diversas situacións nas que a morfoloxía e condición dos novos patróns de asentamento adquiren diferentes formas. Desá maneira, talvez a condición máis relevante e fascinante que adquire o territorio contemporáneo de Cotobade sexa a que lle outorga a natureza de *marxe*.

Introdución: Motivacións

Historicamente, o urbanismo concentrou –polo menos, aparentemente– todo o seu esforzo académico e intelectual no ámbito metropolitano da cidade tradicional. O feito é que máis da metade da poboación mundial vive hoxe en condicións urbanas, o que parece alimentar unha atracción irresistible cara as formas metropolitanas de asentamento humano. Sen embargo, a realidade é que o feito urbano se está a propagar de maneira manifestamente implacable por todo o territorio, ocupando áreas de campo que, aínda hoxe, no imaxinario colectivo, son entendidas como pertencentes aos ámbitos premodernos de tradición rural. Así mesmo, existe en Galicia a crenza estendida de que semellante proceso de urbanización se está a dar no seu territorio de forma ilóxica e irredimiblemente caótica, propiciado, tanto pola ausencia dun planeamento rigoroso e un proxecto eficiente de ordenación do territorio, como por un cúmulo de desafortunadas decisións particulares.

Nese sentido, dúas disciplinas académicas foron decisivas para adquirir consciencia de como o proceso de urbanización está a cristalizar no territorio: por un lado, *Estrutura do Territorio de Urbanização Difusa* sentou as bases de coñecemento e entendemento das lóxicas tras os novos patróns de asentamento; por outro, *Antropología do Espaço* introduciu un novo ámbito de comprensión ante as formas en que o hábitat cotiá é percibido, comprendido e vivido pola súa poboación.

Desa maneira, a análise do territorio contemporáneo de Cotobade, convertido hai sete anos no meu propio *espazo existencial*, permite afondar no coñecemento, non só da lóxica que mostran os seus particulares patróns de urbanización, senón tamén das causas de ámbito global que os orixinaron.

Introdución: Obxectivos

-Presentar e afondar no significado real dunha serie de conceptos de uso común, tanto no ámbito do urbanismo como no das políticas de ordenación do territorio, cuxo uso reiterado rematou por banalizar, chegando, sen embargo, a formar parte plena, na actualidade, tanto do vocabulario habitual cotiá, como do político-administrativo.

-Identificar algúns dos fenómenos socioeconómicos globais que provocaron a radical transformación da natureza da nosa civilización, motivando a mutación ostensible das pautas de asentamento, así como o xurdimento de novas lóxicas espaciais que rexen agora os ámbitos que ocupa o tecido urbanizado.

-Demostrar, mediante a observación empírica do territorio de Cotobade e a investigación das teorías recentes, xurdidas dende diferentes ámbitos de coñecemento a propósito das novas formas de urbanización, que as causas do proceso de transformación que fixo mutar as tradicionais pautas de asentamento responden, esencialmente, a fenómenos de ámbito global, e que as condicións locais só influirán nas características particulares que adquire a morfoloxía que presentan.

Introdución: Metodoloxía

O traballo está estreitamente fundamentado na aproximación teórica que, realizada dende ámbitos de coñecemento pluridisciplinares, estuda a fenomenoloxía asociada á maneira en que a difusión da urbanización toma forma no seu proceso de ocupación do territorio. Tenta, primeiro, afondar no coñecemento sobre determinados conceptos que dende hai décadas se veñen empregando sistematicamente para intentar definir e caracterizar os territorios afectados por profundas transformacións nos seus procesos de urbanización para, despois, facer unha análise descritiva e interpretativa, tanto da literatura especializada no tema e área de estudo, como dos datos provenientes de fontes oficiais.

Faise aquí necesario advertir do feito de que a presente disertación foi redactada integramente en idioma galego e que se decidiu, en consecuencia, traducir as fontes citadas –salvo determinadas excepcións en que se estimou conveniente manter os termos empregados en traducións máis certeiras, ou mesmo manter os termos orixinais– cuxos textos foron consultados noutros idiomas, ficando estes identificados na bibliografía ao aparecer referenciados alí na lingua da edición consultada. Cabe, así, mencionar que as traducións foron realizadas polo autor deste traballo e que existe, por tanto, a posibilidade de que estas non coincidan exactamente co texto que poidan mostrar as posibles edicións existentes da mesma obra noutras linguas.

A disertación está apoiada, así mesmo, por un traballo gráfico que tenta, por un lado, ofrecer unha lectura paralela –ou mesmo alternativa– ás posibles conclusións inmediatas que se poidan extraer da lectura do texto e, por outro, facilitar a interpretación, tanto das condicións estruturantes que determinan o caso de estudo, como das especificidades que o caracterizan.

Introdución: Estrutura do traballo

Dous *momentos* principais estruturan o traballo:

Un primeiro *momento* divídese, a súa vez, nos dous bloques que expoñen a formulación eminentemente teórica que define as condicións do espazo entendido como material fundamental do proxecto arquitectónico, relacionándoas cun conxunto de conceptos que concirnen aos temas abordados para, despois, avanzar nun proceso de recoñecemento e reflexión sobre o carácter e as dinámicas que definen a condición urbana contemporánea, que remataría por suprimir a condición rural dos territorios tradicionalmente asociados á produción agropecuaria.

O segundo *momento* é o que atinxe ao caso de estudo, no que non se pretende realizar unha análise rigorosa da súa estrutura territorial nin da morfoloxía que presenta o tecido urbanizado de Cotobade, senón proporcionar un acercamento a como procesos socioeconómicos globais influíron e acabaron por transformar radicalmente, tanto a estrutura e organización social do seu espazo contemporáneo, como os patróns tradicionais de asentamento poboacional. Nova formulación teórica, neste punto, serve de base interpretativa da dinámica e condición que mostra o territorio de Cotobade apoiada nunha produción gráfica que, integrando bloques de reflexión a diferentes escalas, aspiran, tanto a facilitar a interpretación, como a proporcionar unha lectura paralela do caso de estudo. Estes ensaios gráficos veñen sustentados, a escala territorial, tanto pola observación e análise de ortoimaxes aéreas, como pola potentísima versatilidade que ofrecen as novas ferramentas informáticas dos Sistemas de Información Xeográfica (GIS), e que permiten xerar nova información, inmensamente valiosa para o entendemento dos fenómenos espaciais, que as fontes tradicionais habitualmente non revelan. A pequena escala estará apoiada, non obstante, pola información que aporta a fotografía, e pola súa capacidade de evidenciar os fenómenos e as cuestións expostas mediante a formulación teórica.

Capítulo I

[CONCEPTOS]

Identidade; [Soporte] espazo e lugar; Paisaxe; Hipermodernidade

O mundo é, na actualidade, testemuña de como o sobreexceso de acontecementos propio da época presente está a erosionar, mediante procesos de globalización, as identidades locais e as peculiaridades que caracterizan non só aos lugares, senón tamén ás paisaxes, tanto físicas, como culturais, xurdidas da estreita relación entre o home e o medio que habita.

O feito é que esta frase –ou unha moi parecida– pode ser hoxe facilmente escoitada, de forma habitual e en calquera ámbito, sen que a ninguén lle produza estrañeza. Sen embargo, está cargada de termos cuxo sobreuso rematou por banalizar; semellan agora poder significar calquera cousa. Isto non fai senón alimentar polémicas sobre o que o uso de conceptos como *identidade, espazo, lugar*, ou *paisaxe* realmente implica. A habilidade que semellantes termos parecen posuír para, de maneira xeneralizada na linguaxe habitual cotía, absorber diferentes significados, pode resultar vantaxosa para estimular a sensibilización colectiva sobre determinadas cuestións. Sen embargo, o exceso de polisemia que acumulan unha vez chegan a formar parte do vocabulario político-administrativo, aumenta a volatilidade das palabras ata o punto de tornalas inútiles, disolvendo a capacidade que puideran ter para ser empregadas como ferramentas operativas de coñecemento científico.

Nese sentido, recoñeceuse a necesidade de afondar no significado real dos conceptos abordados, deconstruíndoos e comparando as observacións e definicións que, realizadas por diversos autores pertencentes a diferentes ámbitos de coñecemento, foron consideradas pertinentes para establecer significados coherentes que permitisen unha correcta lectura e comprensión do que realmente está a acontecer no ámbito do caso de estudo, o territorio de Cotobade.



Identidade

Wilfredo Lam, 1943. *La Jungla*.

Fonte: MoMA <<https://www.moma.org/collection/works/34666>>

identidade

Tratar de establecer unha definición clara e única un concepto como o de identidade preséntase como unha tarefa tremendamente complexa. Trátase dunha idea que, aínda resultando extremadamente complexa e ambigua que “posúe múltiples dimensións sutilmente entrelazadas, tende a ser utilizada global e indiscriminadamente como se dun termo técnico se tratase, dotado dun significado que se dá xa por consabido” (Bueno, 2004, p.178).

O dicionario da Real Academia Galega¹ define identidade como “conxunto de características ou elementos que definen unha persoa ou cousa fronte ás demais, o que fai que sexa recoñecida como tal”. É esta unha definición que sintetiza e abrangue a percepción máis colectiva e xeral do concepto que, sen embargo, resulta insuficiente para determinar a idea e o carácter de identidade que interesa para este traballo; esta estaría representada en orixe pola súa forma máis natural e espontánea, sería transformada despois nun elemento ficticio produto do estado nación (Bauman, 2005), ata chegar finalmente á situación actual de hiperindividualismo da *sociedade rede* derivado do proceso de globalización (Castells, 1999). A idea de identidade que interesa aquí implica a relación íntima e diacrónica do individuo co medio, dunha comunidade coa súa veciñanza máis inmediata no inicio, e vinculada na actual sociedade hipermoderna ao que Castells deu en chamar o *espazo de fluxos*.

O debate sobre a identidade é un acontecemento relativamente moderno, estando hoxe de máxima actualidade como produto da radical e fundamental transformación que a sociedade veu experimentando nos últimos tempos (Bauman, 2002). Así, “a intensa atención prestada hoxe en día á cuestión da identidade é en si mesma un feito cultural de grande importancia” (Bauman, 2002, p.51). A maioría de autores que abordan a cuestión da identidade –como Zygmunt Bauman, Manuel Castells ou Claude Lévi-Strauss– non parece ter dificultades en definir o concepto como unha creación social; sen embargo, a dificultade na aproximación ás distintas formas que este adopta estriba na identificación

¹2ª acepción, consultado en liña <<http://academia.gal/diccionario>>, no 28/10/2017

tanto das súas características esenciais, como da maneira en que influencia á sociedade. Así o afirma Manuel Castells cando di que “é fácil estar de acordo sobre o feito de que, dende unha perspectiva sociolóxica, todas as identidades son construídas. O esencial é como, dende que, por quen e para que” (Castells, 2001, p.29).

En *Identidade* (2005), Bauman recorda que pouco tempo atrás o concepto de identidade carecía de calquera importancia no pensamento da época, “limitándose a ser obxecto de meditación filosófica” (Bauman, 2005, p.42), estipulando desta forma que o debate sobre a idea de identidade se materializa unicamente en momentos de conflito e situacións de crise. Bauman afirma que “a identidade non merece pensamento algún cando *pertencer* resulta natural, cando non require loitar por elo, nin ser gañado, reclamado ou defendido” (Bauman, 2002, p.51). Segundo o autor, as sociedades menos desenvolvidas, pobos atrasados ou asentamentos selváticos non senten a necesidade de cuestionarse unha idea tan abstracta como a identidade:

(...) nunca teñen a oportunidade de pensar en mudarse de sitio, nin moito menos de buscar, descubrir nin inventar algo tan nebuloso (...) como *outra identidade*. A súa maneira de estar no mundo despoxa á cuestión da *identidade* do significado que outras formas de vida (...) converten en obvio (Bauman, 2005, p.48).

No mesmo texto, Bauman relata a anécdota dun traballo de investigación francés no que se demostrou que, despois do esforzo realizado por parte do estado ao longo do tempo en construír unha identidade nacional, o que moitos campesiños franceses percibían como *le pays* non era máis que a súa contorna máis inmediata, en definitiva, o seu hábitat. Como sinala Philippe Robert (2002, *cit. in* Bauman, 2005, p.44) “durante a maior parte da historia das sociedades humanas, as relacións sociais permaneceron firmemente enclaustradas no reino da proximidade.” Esta idea está intimamente asociada ao concepto de *Lebenswelt*, acuñado por Husserl, e que significaba para el o *mundo vital* ou *mundo da vida*. Como expresión en alemán significa a suma total de todo fenómeno inmediato que constitúe o mundo dun individuo o unha vida corporal, a realidade na que vivimos de forma cotiá, como o que está dado, é o que está e o que existe sen cuestionarse a realidade. É o mundo tal como é percibido e vivido polos seres humanos sen entrar en categorías ou explicacións provenientes da ciencia, é dicir, é a dimensión pre-científica da vida (Medina e Rodrigo, 2006).



*José de Queiruga.
Noceda do Courel, 1993*



*José Miranda.
Quintáns, Muxía. 1988*



Luis Plácido.
Serie Galicia Profunda.

Fonte: <<http://www.luisplacido.com/>> [23/07/2018]

*María.
O Incio, 1990*



*Muller con paxe.
Zas, 1987*

Podería afirmarse que esa relación do individuo coa súa contorna máis próxima, co seu *lebenswelt*, representa a idea máis tradicional de identidade, a que pertencería ao home pre-moderno. Neste sentido, poderíase entender que a relación da comunidade co medio, así como as transformacións realizadas polo home ao longo do tempo sobre o medio natural que habita, acaban por dotar ao territorio dunha carga cultural, de significado, de identidade.

Desta maneira, é posible establecer unha conexión entre a idea de relación do home co seu hábitat, e o concepto de *cercanía*² (*Nähe*) acuñado por Martin Heidegger. Os aspectos espaciais que Heidegger trata na súa fenomenoloxía existencial en escritos como *Ser e Tempo* ou *Identidade e diferenza*, influirían decisivamente a formalización da teoría do lugar que Norberg-Schulz elabora a partir do concepto de *espazo existencial* (Paniagua e Roldán, 2015). A importancia deste concepto reside na súa estreita relación coa mutua pertenza e a dependencia. Segundo Heidegger, a *cercanía* está vinculada necesariamente coa reflexión en torno a “esencia do ser, do home e das cousas” así como á aproximación a conceptos fundamentais da súa filosofía, –tales como pensar, habitar, tempo espazo e identidade– pois a *cercanía* é, en palabras do autor, de maneira innegable a esencia de toda relación (Paniagua e Roldán, 2015).

Nos diferentes traballos onde Heidegger fai referencia ao concepto de *cercanía*, atribúelle diversas connotacións. É coñecida a descrición que fai da redución das distancias propiciada polos avances tecnolóxicos. De acordo co ritmo de vida da sociedade actual sería doado supoñer que a existencia do home contemporáneo está determinada pola *cercanía*. Sen embargo, Heidegger considera que a redución de distancias non implica necesariamente *cercanía*, pois a súa esencia vai máis alá da simple redución obxectiva de distancias e da aparente aproximación mediática do afastado (Rocha, 2007). Este distanciamento da lectura cotiá do significado de *cercanía* está implícito nunha das conferencias que impartiu no Club de Bremen:

² Aínda que non existe en galego, decídese empregar a voz “cercanía” coa intención de distanciarse da noción de “proximidade” que, mesmo tratándose da tradución correcta, podería inducir a erro na comprensión do concepto Heideggeriano de “Nähe”.

O home recorre os máis longos traxectos no máis curto tempo. Deixa tras si as máis grandes distancias e desta maneira pon todo ante si a unha mínima distancia. Sen embargo, a rápida superación de toda distancia non trae *cercanía* algunha, pois a *cercanía* non consiste na máis pequena medida da distancia. O que, dende o punto de vista do traxecto por percorrer, se encontra a unha distancia mínima [...] pode permanecer moi afastado de nós. O que dende este mesmo punto de vista está a unha distancia inabarcable, pode estar moi cerca de nós. (Heidegger, 1949, *cit in* Rocha, 2007, p.56)

Heidegger, que chamara a atención sobre o acurtamento das distancias que produciu o avance das novas tecnoloxías no ciclo de conferencias que impartiu en Bremen, afirma que a técnica non só reduce distancias: transgride o espazo obxectivamente medible, no momento ponnos simultaneamente ante o próximo e o afastado, e permite superar a concepción tradicional da distancia como relación de obxectos.

Esta idea de *cercanía* será útil no momento de tratar o concepto de identidade na *sociedade-rede* contemporánea. Sen embargo, o concepto Heideggeriano de *cercanía* que interesa neste momento é, tal e como apunta Alfredo Rocha (2007), o que, tendo como punto de partida a superación das coordenadas espazo-temporais que determinan a nosa relación de trato cotiá coas cousas, trata da estreita relación da *cercanía* e o afastado, coa familiaridade e a estrañeza. Dende este punto de vista pódese asumir que a *cercanía* encontra a súa mellor expresión na experiencia da terra natal, considerada como lugar de abeiro e protección, identificando, así, o concepto de *cercanía* no pensamento de Heidegger, no familiar e fiable, naquilo que coñecemos e entendemos. Pola contra, o afastado manifestaríase na experiencia da terra estraña como símbolo da carencia de seguridade e protección. Neste contexto de reflexión en torno á terra natal, *cercanía* significa apropiación: “é unha experiencia na, e a través da cal, encarnamos e portamos un mundo que é o noso. É nese sentido que a terra natal non soamente nos interesa, senón que nos interpela e convoca.” (Rocha, 2007, p.66)



Dolmen neolítico de Axeitos.
Ribeira.

Imaxe do autor



Castro galaico-romano de Viladonga.
Castro de Rei.

Fonte: <<https://viladonga.xunta.gal>>



Necrópole rupestre medieval de
San Vitor de Barxacova.
Parada de Sil.

Imaxe do autor



Estrutura agraria tradicional.
Courel, 1990. Luís Plácido.

Fonte: <<http://www.luisplacido.com/>>

O filósofo Emil Kettering (*cit. in* Rocha, 2007) propón, xunto coa terra natal como exemplo de *cercanía* fundada na confianza, a *cercanía* afectiva da veciñanza. Alfredo Rocha considera, sen embargo, que o fundamento deste tipo de *cercanía* reside en algo moito máis orixinario e que permite aos que se consideran veciños entrar en confianza e brindarse seguridade, entendendo isto como o “froito da experiencia a través da cal os (...) veciños encóntranse resgardados no coidado do fogar, no que poden chegar a ser o que eles son” (Rocha, 2007, p.66). Segundo Rocha, na base desta afirmación está o concepto do “*habitar* como un estar na casa, que é o *lugar* no que se pode ser o que se é” (Rocha, 2007, p.67), o que na acepción heideggeriana é sinónimo de *salvación*. A veciñanza non se constrúe, senón que se pertence a ela porque só dende ela “se pode chegar a ser o que se é” (Rocha, 2007, p.69). Neste sentido a veciñanza outorga esencia a todo aquilo que a ela pertence e o fai manténdoo en mutua pertenza.

Heidegger concibe o veciñal como un *en–fronte–mutuo*, como forma de expresión da mutua pertenza e a dependencia. Está determinado orixinariamente pola mutua pertenza de aqueles que comparten *un mundo* e dende o cal se abren ao mundo. Tal e como afirma Alfredo Rocha, “ese modo particular de abrirse ao mundo dende o *aquí* e o *agora* do noso propio mundo, é a forma compartida de responder á interpelación do ser e de desprezar a propia esencia que a mutua dependencia posibilita” (2007, p.71).

Historicamente, a metafísica entendeu o concepto de mutua pertenza poñendo o acento sobre o *mutuo* como nexos e conexión, como vínculo necesario que se establece nos compoñentes da unidade referindo ao feito de ser asignado e clasificado nunha dimensión compartida. Pero o sentido de mutua pertenza transfórmase ao poñer o acento sobre o *pertencer* (Rocha, 2007). Desesta maneira non trata xa do vínculo entre dous compoñentes illados, senón da mutua apropiación do diferente. Segundo Kettering (*cit. in* Rocha, 2007), *pertencer* significa un estar orixinariamente apropiados un ao outro que determina o *mutuo* no sentido dunha relación xa presente. A mutua pertenza non refire, así, a unha unidade que abarca e sintetiza as partes que a compoñen, senón que é a mutua dependencia na que se comparte e despreza a propia esencia.

Ferdinand Tönnies xa en 1887 facía referencia ao estreito vínculo entre o ser e a pertenza ao lugar, e á importancia deste no proceso formador de identidade:

A comunidade de sangue únese á comunidade da terra natal (*heimat*), que inflúe de maneira singular sobre o espírito e o corazón dos homes. (...) A zona colonizada e ocupada é daquela herdanza común, a terra dos antepasados, con respecto á que todos se senten e obran como descendentes e irmáns carnis. Neste sentido, pode considerarse sustancia viva que, cos seus valores espirituais e psicolóxicos, persiste no fluxo sempiterno dos seus elementos, é dicir, os seres humanos. (...) A terra, como encarnación das lembranzas máis caras, sostén o corazón do home, que sae dela entristecido e, desde outras terras, mira cara a atrás con saudade e anhelo. Como lugar onde viviron e morreron os antepasados, onde os espíritos permanecerán e rexerán o ánimo dos vivos, a terra adquire para as almas e os corazóns piadosos e sinxelos unha significación valiosa e sublime. (...) na aldea e na cidade, o que crea as relacións e os lazos de unión máis estreitos é o solo físico e real, a localización permanente, a terra visible (Tönnies, 1887, *cit. in* Nogué, 2009).

O anterior evidencia o vínculo indisoluble que o concepto de identidade mantén co lugar e a importancia da relación entre este e a acción humana que lle acaba por dar forma, de maneira que, tal e como sinala Joan Nogué:

As identidades teñen que ver cos lugares: por unha parte, a pertenza a un lugar participa da definición de un mesmo; por outra parte, o espacio fragmentado en lugares pola distancia intervén na fabricación das identidades (Joan Nogué, *Cit. in* Morén, 2005, p.34).



Soporte
espazo / lugar

Robert Smithson, 1968. *A Nonsite*, (Franklin, New Jersey).

Fonte: Museum of Contemporary Art Chicago


<<https://mcaichicago.org/Collection/Items/Robert-Smithson-A-Nonsite-Franklin-New-Jersey-1968>>

Os textos citados ata o de agora, repletos de ideas tal vez excesivamente densas e non exentos de dificultade na súa comprensión, serían decisivos na produción teórica de Christian Norberg-Schulz, de vital importancia á hora de introducir os conceptos no ámbito da arquitectura. Norberg-Schulz publicaría en 1971 a súa obra *Novos camiños da arquitectura: existencia, espazo e arquitectura*, momento no que, segundo Paniagua e Roldán (2015), a preocupación polo lugar na arquitectura alcanza maior significación, e onde o autor formaliza a súa teoría do lugar a partir do concepto de espazo existencial, idea que se nutre dos aspectos espaciais que Heidegger trata na súa fenomenoloxía existencial, así como dos escritos de autores –como Gaston Bachelard ou Otto Friedrich Bollnow– que abordan o concepto de espazo dende un enfoque fenomenolóxico.

Sen embargo, segundo Montaner (1994), a relación entre o home e o sentimento de pertenza á terra, e o papel determinante que esta desempeña na transformación de espazos en lugares ao dotalos de carga cultural, comezaría xa con anterioridade a influír de maneira decisiva [e poderíase dicir *espontánea*] a obra dos arquitectos da coñecida como *terceira xeración*, –como Luís Barragán, José Antonio Coderch, Fernando Távora ou Jørn Utzon– onde con unanimidade renace o interese pola arquitectura vernácula así como a sensibilidade polo lugar. Con esa xeración de arquitectos comezase a considerar o valor da natureza e das características do lugar como elementos relevantes do proxecto arquitectónico, pois, tal e como afirma o mesmo Montaner (1994, p.4):

(...) na arquitectura moderna, dende J.N.L. Durand ata Louis Kahn pasando polos mestres do Movemento Moderno, a sensibilidade polo lugar é irrelevante: todo obxecto arquitectónico xorde dunha indiscutible autonomía.

Durante a celebración do CIAM IX, en 1953, un grupo de arquitectos –que máis tarde constituiría o Team 10– criticou o ríxido esquematismo da Carta de Atenas, reclamando para resolver o tema do congreso –o *Hábitat*– que se introducira o concepto de *identidade* e que se investigase sobre os principios estruturais do crecemento urbano. O Team 10 –cuxa base estaba formada esencialmente por Alison e Peter Smithson, Jacob Bakema, Georges Candilis e Aldo van Eyck– sería o encargado de organizar o X CIAM,




José Antonio Coderch, 1951. *Casa Ugalde*. Caldes d'Estrac (Barcelona).

Fonte: Foch, C. (2001) *Coderch. 1913 – 1984*. Barcelona, Gustavo Gili

en 1954, baixo a fórmula de atopar unha relación precisa entre forma física e necesidade sociopsicolóxica da poboación. Tratábase de introducir conceptos que permitiran á arquitectura reflectir da forma máis exacta posible a diversidade de modelos sociais e culturais, proponendo ideas como a identidade, modelo de asociación ou veciñanza. “Para elo era necesario poñer en crise definitiva as propostas simplificadoras da Carta de Atenas e poñer ao descuberto a complexidade da vida urbana” (Montaner, 1999, p. 30). O Team 10 redactaría en 1954 o que sería o seu único texto programático: *Hábitat*, ou *Manifiesto de Doorn*, no cal se insiste en que, para comprender os modelos de agrupacións humanas, é necesario considerar a cada comunidade no seu particular ambiente ou contexto.

Segundo Montaner (1999), Aldo van Eyck constituía o membro máis innovador e iconoclasta do grupo, misturando nas súas ideas a vontade máis vangardista de innovación continuada e combativa, e a crítica a determinados aspectos da arquitectura e urbanismo modernos, especialmente aqueles que esquecen a cordura das solucións tradicionais e a riqueza aportada polo hábitat cotiá. Van Eyck consideraba vital superar a “abstracción alienante” da arquitectura moderna e básico reencontrar aquilo que hai de común nas formas construídas polo home. Afirmaba que a arquitectura moderna non fora capaz de encher o baleiro provocado pola anulación dos sistemas clásicos de deseño e pola desaparición do vernáculo. Desa forma, entendía necesario mirar cara arquetipos do pasado, recuperando a dimensión humana, cultural e simbólica das formas arquitectónicas, tentando de maneira idealista recrear formas afastadas de imaxes propias do consumo contemporáneo. Entendía que, no seu momento, non bastaba partir do novo repertorio moderno, era necesario ampliar as fontes de lexitimación e inspiración, defendendo así un retorno á orixe como lexitimación da arquitectura:

O home, ao fin e ao cabo, soubo facer a súa morada neste mundo dende hai miles de anos. Durante todo ese tempo o seu xenio natural nin aumentou nin diminuíu. É evidente que esta inmensa experiencia da contorna só poderá ser recollida no presente se podemos precipitar todo o pasado: o conxunto do esforzo humano. Isto non significa dar mostra dunha estreita indulxencia, nin querer dar marcha atrás... Este é único antídoto contra o historicismo, o modernismo e o utopismo sentimentais; do mesmo xeito que o é a un racionalismo, un funcionalismo e un rexionalismo demasiado curtos (*Cit. in* Montaner, 1999, p.33).




Team 10, 1954. Texto mecanografado de *Habitat*, tamén coñecido como *Manifiesto de Doorn*.

Talvez a ideoloxía do Team 10 fose a culminación dun proceso de evolución que daría comezo na década dos anos trinta tras a eclosión das vangardas, onde arquitectos como Oscar Niemeyer, Lucio Costa, Arne Jacobsen ou Josep Lluís Sert comezan a recorrer a figuracións populares, contemplan as arquitecturas vernáculas e intentan aprender dos detalles técnicos tradicionais (Montaner, 1994). En palabras de Montaner (1994, p.4), “ante unha incipiente conciencia da insuficiencia da linguaxe e a tecnoloxía moderna, estas referencias vernáculas tiñan como obxectivo outorgar *carácter e sentido común* á arquitectura”. A cultura do organicismo –que se desenvolvería na obra de Frank Lloyd Wright e na achega da arquitectura nórdica, destacando a obra de Alvar Aalto e Jørn Utzon– sería a que introduciría con máis forza a relación da arquitectura co lugar.

Así, a finais dos anos trinta e principios dos corenta xa se evidencian profundas transformacións na arquitectura moderna. É tamén Montaner (1994) quen identifica unha obra singular, a casa de Curcio Malaparte en Capri, proxectada por Adalberto Libera entre 1938 e 1940, como síntoma da evolución da arquitectura: “Tratase dunha obra radicalmente moderna e autónoma, que ao mesmo tempo reinterpreta a condición irrepetible do lugar” (Montaner, 1994, p.6). A casa desvela unha relación ideal co universo, onde aflora a influencia do pensamento clásico grego e o pensamento contemporáneo de Martin Heidegger, convertendo ao *sitio* indeterminado nun *lugar* irrepetible e singular.

A partir dese momento, as estratexias empregadas polos arquitectos da *terceira xeración* – como as vivendas de Guadalajara de Barragán, a casa Ugalde de Coderch, a Quinta da Conceição de Távora ou a ópera de Sidney de Utzon– propagan as concepcións de Heidegger, pasando dunha arquitectura baseada na idea de *espazo*, a unha baseada na idea de *lugar*. Segundo o influínte texto de Heidegger, *Construír, habitar, pensar* (1951), “Os espazos reciben a súa esencia non do espazo, senón do lugar. Os espazos onde se desenvolve a vida, han de ser lugares” (*Cit. in* Montaner, 1994, p.6). O pensamento de Heidegger, xunto coas achegas de Husserl e Merleau-Ponty, foron o catalizador de toda reflexión contemporánea sobre o concepto de lugar (Montaner, 1994).



Adalberto Libera. 1938 – 1940 *Casa Malaparte. Punta Massullo (Capri).*

Fonte imaxe: Jot Down

<<http://www.jotdown.es/2015/11/una-trascendencia-inesperada-la-casa-malaparte/>>

Fonte planos: Pinterest

<<https://es.pinterest.com/pin/449163762820954870/>>

É a partir do pensamento de Heidegger que o concepto de *genius loci*, reutilizado por Christian Norberg-Schulz, tórnase de novo en central. Norberg-Schulz oponse a toda teoría da mobilidade, duns espazos transitorios, e defende que “si se elimina o lugar, elimínase ao mesmo tempo a arquitectura. (...) O espacio existencial consiste sempre en lugares.” (Cit. in Montaner, 1994, p.7)

Segundo Enrique Paniagua (2015, p.446), o propósito da arquitectura “é crear ese espazo perdurable cuxa utilidade consiste en distinguir, referenciar, situar, delimitar, ordenar, organizar e escenificar o noso habitar”. O concepto de *habitar* de Heidegger abarca a totalidade da nosa permanencia terreal en canto *mortais da terra* que somos. Desta forma, o pensamento pode ir máis alá do simple construír e, con elo, o habitar adquire unha dimensión superior e transcendente (Paniagua, 2015). No seu texto *Construír, habitar, pensar*, afirma que o construír, como o habitar, é dende sempre o *habitual*. Tal feito, segundo Heidegger, tivo como consecuencia que os termos perdesen a súa relevancia e real significación.

De aí que se retire tras as múltiples maneiras nas que se leva a cabo o habitar; tras as actividades do coidar e o edificar. Logo, estas actividades reivindicán o nome de construír e con el a cousa que ese nome designa. O sentido propio do construír –a saber: o habitar– cae no esquecemento (Heidegger, 1949, *Construír, habitar, pensar*).

Desa forma o habitar non se considera nunca plenamente como trazo fundamental do *ser* do home. Nese sentido, o que as palabras din propiamente, debido ao uso habitual da linguaxe, cae facilmente no esquecemento. O feito de que a linguaxe retire ao significado propio da palabra construír o habitar, testifica o orixinario destes significados. Pero si, tal e como propón Heidegger, escoitamos o que a linguaxe di na palabra *construír*, ouviremos tres cousas:

- 1º *Construír* é propiamente *habitar*.
- 2º O *habitar* é a maneira en que os mortais *son* na terra.
- 3º O *construír* como *habitar* desprégase no *construír que coida* –é dicir: que coida o crecemento– e no *construír que levanta edificios*.

O que Heidegger reivindica, no ciclo de conferencias do Club de Bremen, é a preocupación central do seu pensamento: o ser humano como centro do proxecto arquitectónico e principal lugar, cuxa natureza implica estar na terra como mortal, o que significa habitar. E para levar o habitar á plenitude da súa esencia, débese pensar e construír dende o habitar (Gallardo, 2013).

En *Construír, habitar, pensar*, Heidegger afirma que “o espaciado é cada vez outorgado e de ese modo ensamblado, é dicir, coligado por medio dun lugar (...) De aí que os espazos reciban a súa esencia dende lugares e non dende o espazo” (1951, p.5). É a partir desta afirmación onde Heidegger fundamenta o seu concepto de *habitar*, definíndoo como a relación dos seres humanos cos lugares, e a través deles, cos espazos. Así, só cando somos capaces de *habitar* poderemos construír, xa que o *habitar* é a propiedade esencial da existencia. Desta maneira, o autor reclama ao home, figura central que deba estar sempre presente, como finalidade última do proxecto arquitectónico (Gallardo, 2013).

Unha reivindicación similar sería a que Aldo Rossi sinalaría con posterioridade na súa obra *A arquitectura da cidade*, na que, facendo referencia ao traballo de Carlo Cattaneo, denuncia a ausencia de análise da arquitectura en termos do seu valor máis profundo, como produto da creación humana e a súa relación co lugar como factor definitivo e decisivo que dá forma á realidade e conforma a materia de acordo a unha concepción estética, definindo todo lugar habitado como obra do home e distinguíndoo desta maneira da natureza salvaxe. Así, continúa dicindo o autor:

Cidade e rexión, terra agrícola e áreas de bosque convértense na obra do home porque son un inmenso arquivo da nosa labor, son obra das nosas mans. Pero na medida en que son a nosa patria artificial e obxectos que foron construídos, tamén testemuñan valores; constitúen a memoria e a permanencia. A cidade é na súa historia (Rossi, 1982, p.34).

Con isto ponse de manifesto a implicación directa do home, que é o que sentirá dende o espazo proxectado para, dende o seu interior, poder habitalo. Así, “o interior e a súa relación co exterior será clave no proxectar” (Gallardo, 2013, p. 162).

A función do arquitecto virá entón determinada, tal e como sinalaría Vittorio Gregotti na súa obra *O territorio da arquitectura*, polo feito de habitar, entendido este como “aquilo que preside todo proxectar e todo construír. E construír é, en certa maneira, producir lugares como obxectos, regulamentar a nosa estancia en relación ás cousas” (2001, p.49). É nese sentido que a tarefa do arquitecto non se limita ao feito de construír, senón a proxectar e construír para habitar, co que non só se crea un vínculo indisoluble entre a idea de construír e a súa finalidade, senón que ademais se manifesta o *habitar* como “unha proposta e unha hipótese para a existencia do home sobre a terra” (2001, p.49).

Para Gregotti, os elementos cos que traballa o arquitecto pertencen a sistemas de materias tremendamente complexos que requiren un elevado nivel de elaboración pero que, non obstante, constitúen o único modo en que a arquitectura adquire forma e se fai presente. Dende ese punto de vista, representa a transformación da materia en material, entendendo este último –en palabras de Gregotti (2001, p.48)– “como a materia xa dotada de sentido (calquera que sexa) proveniente dun conxunto disciplinar propio que a configura e a dispón a converterse en materia formal do proxecto”. Sen embargo, o autor concede especial entidade ao que el mesmo cualifica como materia primaria e esencial da arquitectura, que abarca a todas as demais e que é “aquilo do que a arquitectura se ocupa”:

É a materia que recoñecemos, ao longo da sedimentación histórica da nosa disciplina, como propia do noso operar, incluso baixo formas, intencións, técnicas e sentidos completamente diversos. (...) esta materia pódese definir como a forma física do ambiente en función do habitar humano (Gregotti, 2001, p.49).

Esta aserción coincide plenamente co pensamento de Norberg-Schulz cando di que o *habitar* é, nun sentido existencial, o propósito da arquitectura. Afirmar que o home habita cando é capaz de orientarse e de identificarse dentro dun medio, cando ese medio posúe para el significado. Dende ese punto de vista, o *espazo existencial* non é entendido como un termo lóxico–matemático, senón que está constituído polas relacións básicas entre o home e o seu medio. Así, divide o concepto de espazo existencial “nos termos complementarios de *espazo* e *carácter*; vinculados estes ás funcións físicas básicas de *orientación* e *identificación*, (...) relacionándoos así directamente coa arquitectura, entendendo esta como a *concretización do espazo existencial*” (Norberg-Schulz, 1980, p.5).

Norberg-Schulz cando trata o *lugar* non o fai dende unha aproximación á problemática socioeconómica, ao entender que tal condición non determina a dimensión existencial, aínda que, na súa opinión, si poida facilitar ou impedir a autorealización de certas estruturas existenciais. Segundo o autor, a significación do existencial posúe raíces moito máis profundas e ven determinada polo noso *ser-no-mundo*. Afirma que aínda que algúns arquitectos si recoñeceran espontaneamente a significación do existencial, a arquitectura moderna en xeral excluía a dimensión existencial das súas propostas. Sería gracias a Louis Kahn que esta recuperaría a súa verdadeira importancia cando se fai a seguinte pregunta: “Que é o que o edificio quere ser?” (*Cit. in* Norberg-Schulz, 1980, p. 6), expoñendo así o problema na súa forma máis esencial.

É a través da fenomenoloxía como Norberg-Schulz introduce o concepto de *lugar* na arquitectura, utilizándoo como un termo concreto para denominar ao medio en que habitamos. A vida cotiá está constituída de *fenómenos* concretos, pero ao mesmo tempo incorpora *fenómenos* máis intanxibles tales como os sentimentos, e isto, segundo el, é o que nos é dado, o contido da nosa existencia. O *lugar* é considerado así non como unha localización abstracta, senón como parte integral da existencia, constituíndo por tanto un *fenómeno cualitativo total*, o cal non podemos reducir a calquera das súas propiedades –tales como as relacións espaciais– sen que perda a súa natureza concreta.

Como consecuencia disto, segundo Norberg-Schulz, as cidades e as casas consisten nunha multitude de lugares particulares. O feito de *ter lugar* é habitualmente entendido nun sentido funcional e cualitativo, o que trae consigo conceptos diversos tales como magnitude ou distribución espacial. Isto, segundo afirma o autor, ten como consecuencia que o lugar perda a súa real significación:

Funcións similares (...) [poden] *ter lugar* de moi diferentes maneiras, o que demanda lugares con diferentes propiedades de acordo ás diferentes tradicións culturais e condicións ambientais. Como consecuencia, o enfoque funcional obvia o lugar como un *aquí* concreto que posúe a súa identidade particular (Norberg-Schulz, 1980, p.8).

Partindo do pensamento de Heidegger, Norberg-Schulz afirma que cando o home é capaz de *habitar*, o mundo convértese nun *interior*. Entende que a natureza forma unha extensa e completa totalidade, un *lugar* que, de acordo coas circunstancias locais posúe unha *identidade* particular. O construído, en oposición ao medio natural, está constituído en primeiro lugar por asentamentos de diferentes escalas, dende casas e granxas ata aldeas e cidades e, en segundo lugar, polos camiños que conectan eses asentamentos así como polos diversos elementos que transforman o medio natural nun *paisaxe cultural*. Así, “se os asentamentos están organicamente relacionados co seu medio, funcionarán como puntos de concentración onde o carácter do medio é condensado e revelado” (1980, p.10). O carácter do lugar construído virá en gran medida determinado por como se materializa a súa relación co medio no que asenta e como se eleva dende aí:

cando unha vila nos agrada polo seu carácter distintivo, polo xeral é porque a maioría das súas edificacións se relacionan coa terra e co ceo da mesma maneira, parecen expresar unha forma de vida común, unha maneira común de *ser* na terra. Desa forma constitúen o *genius loci* que permite a identificación humana (Norberg-Schulz, 1980, p.63).

Encontrámonos aquí coa idea de *genius loci* como a imaxe da totalidade expresada no material preexistente que foi evolucionando ao longo da historia de cada cultura. O lugar colectivo é o de identidade e pertenza do habitante. Así, a identidade ten que ver coa afinidade entre o construído e o que habita, coa identificación dun carácter que xera sucesivamente no habitante o sentimento de veciñanza (Paniagua e Pedragosa, 2015).

Ao igual que como xa fixera Gregotti, Rafael Moneo (1995) reivindica o lugar, na forma de solo ou terra, como o “inevitable primeiro material co que, en todo caso, é preciso contar [á hora de construír]” (Moneo, 1995, p.2) . Moneo afirma, no seu texto *Inmovilidade substancial*, estar de acordo con quen di que a arquitectura é un produto da mente, e que, como tal, pode ser pensada, representada e descrita; admite incluso o uso metafórico que continuamente se fai da palabra *arquitectura*; sen embargo, na súa opinión, “a arquitectura transcende dito uso e alcanza o seu verdadeiro status cando se realiza, (...) cando se convirte na materialidade do construído e toma a forma de edificio” (Moneo, 1995, p.3).

Así, o solo onde se produce a arquitectura garante a súa condición de obxecto. Sen este, sen un “único e específico lugar, a arquitectura non existe”. É no momento en que o obxecto construído toma contacto co solo que este mudará a súa condición, adquirindo a especificidade que a arquitectura trae consigo. Sen embargo, o acto de construír non é un exercicio inocuo, implica necesariamente un acto de violencia sobre o lugar. Tal e como afirma Moneo, ocupar un lugar significa tomar posesión del; construír implica así a consunción do lugar. A arquitectura presentase desta forma como “testemuña do dominio, como un xesto de posesión”. Moneo afirma así, que “colonizar, posuír a terra, requiriu sempre da súa transformación, da constancia nela do dominio. (...) A través da construción, unha vez esta consumada e levado a término o acto de posesión do lugar, a presenza dos seres humanos, a historia, comeza”(1995, p.4)

O concepto de lugar ao que Moneo fai referencia na anterior afirmación, pódese entender como algo demasiado amplo e xenérico que pode posuír demasiadas acepcións. Tal e como continúa dicindo o autor, o mundo ao noso redor non nos permite pensar que somos os primeiros en colonizar o territorio no que construímos. Pensar nunha natureza virxe aínda intacta é “unha fantasía”. Introduce desa forma o concepto de *paisaxe* no máis amplo sentido, convertido en algo necesario. Tal concepto implica a aceptación da presenza dunha manipulación previa, unha “contaminación”, e esa conciencia do lugar como algo xa manipulado explica por que “hoxe a violencia sobre o lugar, ou ben toma a forma de desprazamento e esquecemento dos atributos que o caracterizan, ou ben leva a unha forzosa e non sempre querida aceptación dos mesmos” (Moneo, 1995, p.5).

Para Moneo, isto significa recoñecer que a arquitectura pertence ao lugar, recoñecer, tanto nun sentido negativo, como nun positivo, os atributos do lugar. Por tanto, será de suma importancia para o arquitecto discernir no lugar todos aqueles atributos que o caracterizan, tanto os que se deben conservar e facer patentes na nova realidade construída, como todos aqueles que sobran e, por tanto, deben desaparecer. Así, o dialogo inevitable entre o lugar e o momento en que se constrúe, remata coa aparición da arquitectura. Con ela transformase radicalmente o lugar, que será a partir dese momento algo diferente.

Sen embargo, o mero coñecemento do lugar non trae consigo unha resposta inmediata. Así, segundo Moneo, non se pode aceptar unha concepción de lugar como simple solo propicio que “ve á arquitectura (...) como o factor decisivo que dá pé á xeración do novo fenómeno. Tal modo de entender e concibir as cousas reduciría a relación real e íntima que existe entre o lugar e o construído sobre el” (Moneo, 1995, p.6). Así, Moneo entende o lugar como orixe da arquitectura, como aquilo necesario para que a arquitectura se nos faga presente como realidade, porque será unicamente no lugar onde a arquitectura adquire a súa identidade:

A arquitectura orixínase [no lugar] e, como consecuencia, os atributos do lugar, o máis profundo do seu ser, convértense en algo intimamente ligados a ela. Tanto que é imposible pensar nela sen el. O lugar é, pois, onde a arquitectura adquire o seu ser. A arquitectura non pode estar onde queira que sexa (Moneo, 1995, p.9).

A reflexión de Moneo en canto ao lugar como xénese da identidade da arquitectura está, desa maneira, intimamente ligada ao concepto heideggeriano de construír como maneira en que se leva a cabo o habitar, nunha acción na que de forma recíproca se dota de simbolismo e significado a un lugar, ao mesmo tempo que o novo obxecto proxectado recolle o *genius loci* do –tal e como Norberg-Schulz o designou– *espazo existencial* onde asenta, alterando a identidade de ambos mediante o acto de construír.

Neste momento faise necesario establecer unha distinción entre os conceptos de espazo e lugar. Para gran parte dos sociólogos marxistas –como Henri Lefebvre (*A produción do espazo*, 1974), ou Manuel Castells (*A cuestión urbana*, 1974)– o espazo foi considerado tradicionalmente como un produto social, un contedor onde teñen lugar procesos económico-sociais diversos no que o espazo xeográfico, como categoría de análise, pouco ou nada tería que dicir. Desta forma, segundo afirma Joan Nogué (1989), “os modelos espaciais terían a súa explicación no marco de teorías de carácter estritamente social e económico” (Nogué, 1989, p.66). Fronte a esta lectura do espazo, xurdiu, dende perspectivas tamén marxistas, aínda que distanciadas –como as de David Harvey ou Edward Soja– o convencemento de revalorizar a importancia do contexto espacial na interpretación e explicación dos procesos e fenómenos sociais, políticos e económicos. Isto deu lugar a un novo corpo teórico centrado na idea de que as relacións sociais se estruturan nun tempo e un lugar concretos (Nogué, 1989).

A posición transcendental do concepto de lugar ficou manifesta no ámbito da xeografía, especialmente dende a escola denominada *xeografía humanística*, cunha proposta metodolóxica sensiblemente diferente á marxista que, posuíndo o seu xerme na obra *Topofilia* que Yi-Fu Tuan escribiu en 1974, céntrase no estudo dos valores afectivos e as relacións sensoriais, emotivas e simbólicas que nos vinculan aos lugares (Nogué, 2014).

Montaner (2011), en cambio, mostra un enfoque algo diferente cara os conceptos de espazo e lugar, especialmente no referente ao espazo, non recoñecendo plenamente neste o compoñente socio-económico característico do acercamento marxista:

Os conceptos de espazo e de lugar (...) pódense diferenciar claramente. O primeiro ten unha condición ideal, teórica, xenérica e indefinida, e o segundo posúe un carácter concreto, empírico, existencial, articulado e definido ata o pormenor. O espazo moderno basease en medidas, posicións e relacións. É cuantitativo; desprégase mediante xeometrías tridimensionais, é abstracto, lóxico, científico e matemático; é unha construción mental. Aínda que o espazo fiquese sempre delimitado, pola súa mesma esencia tende a ser infinito e ilimitado. En cambio, o lugar ven definido por substantivos, polas cualidades das cousas e o elementos, por valores simbólicos e históricos; é ambiental e está relacionado co corpo humano dende un punto de vista fenomenolóxico (Montaner, 2011 p.33).


Dende o punto de vista humanista, o espazo non constituía un simple produto social, un ente abstracto carente de significado, senón un “fervedoiro de lugares *vividos*, cheos de significado para o ser humano” (Nogué, 1989, p.68). Desta maneira, o enfoque humanístico prové ao lugar dun marco teórico propio que implica ao lugar como medio fundamental “a través do cal damos sentido ao mundo e a través do cal actuamos” (Nogué, 1989, p.69). O que a xeografía humanística procura, non é senón dar resposta ao por que o home crea lugares no espazo e como os impregna de significado. Os humanistas reivindicaron así o estudo dunha serie de aspectos que foran obviados ata o momento e que eles consideraban básicos para realizar unha correcta lectura global das relacións entre o home e o seu entorno, impulsando diversos estudos enfocados nos aspectos sensoriais, afectivos, estéticos e simbólicos desas relacións, co que se recuperaron certas categorías de análise, xa esquecidas na xeografía humana, como a paisaxe (Nogué, 1989).

A paisaxe trátase, unha vez máis, dun concepto confuso na actualidade. Tal e como indica Javier Maderuelo na súa obra *A paisaxe* (2005), existe unha serie de malentendidos con referencia á paisaxe que se encontran profundamente arraigados na poboación. O vocábulo forma hoxe parte plena da linguaxe coloquial máis cotiá, o que provocou, segundo Maderuelo, unha ampliación abusiva dos significados do termo, así como unha expansión conceptual que terminou por desvirtuar o seu sentido e contido orixinais (Maderuelo, 2005).

Da existencia de tales malentendidos xa advirte Agustín Berque (1994) cando afirma que “as xentes (...) cren de boa gana que todo ser humano goza da beleza das paisaxes, e que a natureza en si mesma non pode ser máis que bela” (*Cit. in* Maderuelo, 2005, p. 17). Partindo desta afirmación, Maderuelo fai notar a crenza estendida na sociedade dunha serie de tópicos cuxa orixe se pode encontrar no romanticismo, sendo a universalidade do concepto de beleza unido á idea de natureza, un dos máis arraigados. Desvincular á idea de natureza do concepto de paisaxe é, segundo Maderuelo, unha necesidade primordial para que “termos como *paisaxe natural* non parezan tautoloxías e que outros, como *paisaxe urbano* ou *paisaxe industrial*, non sexan considerandos un contrasentido” (Maderuelo, 2005, p.17).

Maderuelo culpa aos valores que conformaron a nosa cultura consumista de conducirnos cara unha *cousificación* da paisaxe. Sen embargo, tal e como advirte o autor, a paisaxe non se trata dunha cousa, dun obxecto ou conxunto de obxectos configurados pola natureza ou transformados pola acción humana. Non é tampouco a “natureza nin o medio físico que nos rodea ou sobre o cal nos situamos” (Maderuelo, 2005, p.17). O autor entende a paisaxe como un fenómeno cultural, o que queda de manifesto cando afirma:

A paisaxe é un *constructo*, unha elaboración mental que os homes realizamos a través dos fenómenos da cultura (...) é unha convención que varía de una cultura a outra, isto obríganos a facer o esforzo de imaxinar como é percibido o mundo noutras culturas, noutras épocas e noutros medios sociais diferentes do noso (Maderuelo, 2005, p.17).



Landscape. Captura de pantalla de busca de imaxes en google (outubro 2017)

Na mesma obra, *A paisaxe*, Maderuelo (2005) fai fincapé no feito de que o concepto posúe en Europa dúas raíces lingüísticas diferenciadas: unha, a xermánica, da que derivan o *landschaft* alemán, o *landskip* holandés, ou o *landscape* inglés, e a latina que dá orixe ao *paesaggio* italiano, ao *paysage* francés, ou á *paisagem* en portugués. Tal e como indica Maderuelo, estas raíces denotan non só diferencias na construción gramatical, senón que implican maneiras ben diferenciadas de entender, ver e representar o mundo.

O termo *landschaft* alemán, documentado no século VIII, úsase até o Renacemento co único significado de *rexión* ou *provincia*, non aludindo na súa orixe a unha vista da natureza, senón a unha área xeográfica definida por fronteiras políticas. Máis adiante, a finais do século XV, *landschaft* é usado para definir o territorio rural adxacente ás cidades –significado aínda hoxe vixente en determinados lugares– polo que o uso e significado contemporáneos do termo non se deben a unha “evolución da súa ortografía, senón a un desprazamento na súa significación” (Maderuelo, 2005, p.24). Do mesmo xeito evolucionaría o termo *landscape* inglés, formado pola contracción dos termos *land* –que, entendido como terreo, co tempo estenderá o seu significado ata o sentido de país, dominio, zona ou reino– e *scape* –que co significado orixinal de forma no sentido de contorna, pódese interpretar tamén como *aspecto* ou *modelo*–. A contracción dos dous termos acérganos, por tanto, á idea do “*aspecto dun territorio*, ou ás características que o definen como modelo, como país” (Maderuelo, 2005, p.25).

Nas linguas romances, en cambio, faise necesario acudir á raíz latina do termo para comprender a súa evolución, atopando esa raíz en *pagus* –cuxa tradución ao galego se correspondería con aldea, distrito ou cantón– e en *paganus*, termo co que se designaba ao aldeán, ao rústico e a aquilo que pertence á aldea ou ao campo. O ablativo de *pagus* (*pago*) vocábulo que, facendo referencia no inicio ao campo e á vida rural, co tempo muda o seu significado como expresión da idea de lugar transformándose finalmente en *país*, termo que expresa as ideas de rexión, provincia ou territorio, sendo estas, xunto coa de *nación*, as acepcións que *país* posúe na actualidade (Maderuelo, 2005).

Francisco Calvo Serraller afonda no termo pago –que, na súa forma latina inalterada, aparece en textos españois dende o 1100 e aínda perdura para referirse a unha terra ou herdade– facendo unha interesante apreciación cando sinala que:

Se ben sempre vinculado á vida rural, (...) [o termo pago] tivo fortes connotacións utilitarias, e diso fica o exemplo nun verbo (...) que é pagar (...). Durante a Idade Media a maior parte da actividade económica tiña como punto de referencia o campo (...) porque era no campesiño en quen recaía a maior parte da carga tributaria (...). Así, o verbo pagar (...) instalouse na nosa linguaxe como recordo inconsciente dunha época na que calquera actividade económica tiña que ver cos bens rústicos, coa terra (...). Cando se ten que pagar a terra, é evidente que non pode existir nin país nin paisaxe. Alguén que está abafado por sacar rendibilidade á terra non pode contemplar con entusiasmo a súa beleza; e así o demostra a historia da apreciación estética da natureza. É preciso que o home se libere desa carga onerosa e poida mirar ao seu redor sen a preocupación de que unha tormenta ou a seca arruinen a súa economía para que poida realmente recrearse en fenómenos como a chuvia, o crepúsculo, a aurora, ou a variedade de luces e tonalidades que deixan as estacións ao seu paso. É necesario desprenderse dese sometemento que significa estar pensando na rendibilidade para que xurda a idea do país e da paisaxe (...) A natureza tivo que deixar de ser perentoria para a vida do home para que alguén transformara o pago en país ou paisaxe (Calvo Serraller, 1993, *Cit. in* Maderuelo, 2005, p.26).

Esa transformación comeza no momento en que se toma conciencia das características diferenciadoras dos pagos, entendidos estes como diferentes lugares. Así, Maderuelo afirma que as xentes que, na Época Medieval, viviron sempre no mesmo *pago* sen ter abandonado xamais os “límites visuais do val no que habitan, non poden chegar a tomar consciencia de país porque pertencen ao lugar concreto no que están arraigadas” (Maderuelo, 2005, p.26).

Do mesmo parágrafo de Calvo Serraller desprendese tamén a importancia que adquire o papel do observador, individual neste caso, que contempla e analiza a paisaxe, o que introduce necesariamente a capacidade sensorial dos individuos como proceso de percepción do ambiente que os rodea. A percepción, como acto individual, trátase dun proceso máis complexo que un simple mecanismo de captación visual da contorna. Tal e como afirma John Punter (1982), no proceso de percepción interveñen como mínimo tres fases estreitamente interrelacionadas, aínda que claramente diferenciadas: a experiencia sensorial como acción dos sentidos na captación da contorna; a cognición, a través da cal estruturamos a información recibida; e a fase de preferencia ou de avaliación estética referida ás propias actitudes e preferencias en relación co apreendido e estruturado previamente (Punter, 1982, *Cit. in* Nogué, 1992, p. 46).



Mapa de Bedolina. *Val Camonica, Italia.* (2000-1500 a.c.)

Un dos máis antigos mapas coñecidos, o petroglifo de Bedolina, representa o sistema de conexións da vida cotiá dun poboado paleolítico. Máis que descifrar cada obxecto, o mapa representa a dinámica dun complexo sistema no cal as liñas dos percorridos no baleiro entrelázanse entre si co fin de distribuír os distintos elementos cheos do territorio. Pódense identificar escenas de homes en plena actividade, sendeiros, escadas, cabanas, palafitos, campos cercados e zonas para os animais. (Careri, 2003, p.43)

Así, a percepción da paisaxe, como acto individual, esixe a apreensión sensorial –global e non só visual– da contorna. Ademais das singularidades perceptivas de cada individuo, é necesario ter en conta tamén as singularidades psíquicas que, debido á propia experiencia cun lugar ou aos lazos sentimentais e afectivos cunha determinada paisaxe, influirán indubidablemente a percepción da mesma (Nogué, 1992).

Por outro lado, é a cultura a que acabará por influenciar decisivamente a percepción colectiva da paisaxe. Tal e como afirma Joan Nogué, calquera elemento que conforma unha paisaxe posúe “unha realidade, unha espacialidade e unha temporalidade obxectivas, propias e independentes da mirada do observador” (Nogué, 1992, p.47) que, unha vez percibidas e codificadas polo individuo, imprégnanse de novos significados e valores converténdose en símbolos, sen por elo deixando de ser o que son. Desamaneira, a paisaxe pódese interpretar como un código dinámico de símbolos que representan a cultura do seu pasado, así como a do seu presente de forma que, independentemente do máis ou menos complexa que resulte a súa lectura semiótica, estará vinculada, en calquera caso, á cultura que a produciu (Nogué, 2007).

Jean-Marc Besse (2006), realizando unha aproximación á paisaxe como representación cultural e entendéndoa como unha realidade mental, defínea como un punto de vista, unha maneira de pensar e percibir, ante todo como unha dimensión da vida mental do ser humano. Afirmar que a paisaxe non existe “nin obxectivamente nin en si mesma (...) [sendo relativa, por tanto] ao que os homes pensan dela, respecto ao que perciben e respecto ao que din dela” (Besse, 2006, p.147). Ao igual que Nogué, entende a paisaxe como unha lectura, non existindo en si mesmo, senón “na súa relación con un individuo ou un colectivo que o fan existir como unha dimensión da experiencia cultural do mundo” (Besse, 2006, p.147). A análise da paisaxe, segundo Besse, consiste na análise do discurso, dos sistemas filosóficos, estéticos e morais representados pola paisaxe e, a ese respecto, entende que non cabe distinción entre a paisaxe real e a paisaxe representada.

En esencia, a paisaxe trátase sempre dunha expresión humana, “unha imaxe, individual ou colectiva, que se encarna nun lenzo, no papel ou no solo” (Besse, 2006, p.147). É nese sentido que entende lexítimo pensar nunha iconografía da paisaxe; así, con frecuencia, a paisaxe foi estudada e definida como representación artística, informada sobre todo por modelos pictóricos. Tal e como afirma o autor: “a paisaxe é, por así dicilo, a consecuencia da extensión e da aplicación dos modelos pictóricos do Renacemento italiano á percepción do mundo real” (Besse, 2006, p.149). Da mesma maneira, a idea de *representación paisaxeira* pódese abordar como representación cultural colectiva ou individual, propoñendo o acercamento estético dende o punto de vista do seu valor ou da súa función na cultura. Así, pódese relacionar a experiencia estética da natureza e a formación dunha identidade burguesa metropolitana na Francia do século XIX, ou o desenvolvemento da representación pictórica da paisaxe e o establecemento dunha cultura xeolóxica no Romanticismo alemán (Besse, 2006).

Para comprender cal é a lectura que a sociedade en xeral fai do termo paisaxe, resulta útil recorrer unha vez máis ao Dicionario da Real Academia Galega³, cuxa última edición, correspondente ao ano 2012, ofrece ata tres acepcións, das cales as dúas primeiras resultan reveladoras; na súa primeira acepción, o dicionario define o termo como “Extensión de terreo que se alcanza coa vista, xeralmente considerada no seu aspecto artístico”. A segunda acepción, “Pintura ou debuxo que representa esta extensión de terreo”, non deixa lugar a dúbidas sobre o entendemento estendido e habitual da paisaxe como obxecto artístico asociado a modelos pictóricos, avaliado, desa maneira, unicamente pola súa cualidade, xa non estética, senón artística. A terceira acepción do termo, “Aspecto característico dun determinado espazo xeográfico”, aínda que introduce o *carácter* como novidade, parece buscar un único adxectivo que defina e englobe a cualidade formal dun territorio específico, aspecto que reflicten os exemplos que utiliza o dicionario para ilustrar a definición do concepto: *Paisaxe costeira* e *Paisaxe desértica*.

³ Consultado en liña <<http://academia.gal/diccionario>>, no 2/11/2017

A pintura de paisaxe foi, pese a todo, un xénero pouco apreciado en Europa durante a época na que adquiriu maior relevancia (Hagen e Hagen, 2005). A principios do século XIX, o filósofo Friedrich Wilhelm Schelling estableceu unha xerarquía do tema pictórico na que a pintura histórica se situaría no lugar máis importante, e o menos significativo estaría ocupado pola natureza morta, relegando á pintura de paisaxe a un lugar indefinido, intermedio. Era da opinión de que a paisaxe carece de significado cando se considera obxectivamente, “non representa nada máis que o envoltorio. O verdadeiro tema, a idea, fica sen forma e é o espectador quen o debe descubrir nos seres etéreos e amorfos” (Schelling, 1803, *Cit. in* Hagen e Hagen, 2005, p.552).

Segundo Rainer e Rose M. Hagen (2005), esa lectura do tema da paisaxe non era completamente certa. Pintores como Joseph Anton Koch ou Caspar David Friedrich, dous dos maiores expoñentes do Romanticismo alemán, lonxe de interesarse pola reprodución exacta dunha porción de territorio, o alteraban nas súas obras, recompoñéndoo, transformando elementos existentes e introducindo outros novos –no caso de Friedrich, introducindo elementos de conexión co pasado, reforzando desa maneira o concepto de identidade nacional– para así responder ás súas ideas e intencións. Non se trataba do retrato da natureza, senón da súa elaboración. Na case totalidade das súas obras, Friedrich presenta personaxes escuras e case sempre de costas, manifestando desa maneira que o individuo carecía de importancia; o que realmente interesaba era a súa función como observador, indicando así que “a figura non é relevante, o importante é o que abarca coa mirada” (Hagen e Hagen, 2005, p.553).

Isto mostra novamente o papel transcendental do observador na comprensión da idea de paisaxe. Dende ese punto de vista, para a sociedade en xeral, tal e como afirma José Fariña (2015), o concepto de paisaxe está intimamente relacionado coa observación, co que se podería chegar a afirmar que a paisaxe existe sempre e cando exista un observador. O feito de observar significa, entón, tomar consciencia do que temos ante nós⁴, o que implica necesariamente unha experiencia multisensorial da contorna, e non privilexiar unicamente o sentido da vista, tal e como propón o Dicionario da Real Academia Galega.

⁴Segunda acepción de *observar*, Dicionario da Real Academia Galega, consultado en liña <<http://academia.gal/diccionario>>, no 3/11/2017



Caspar David Friedrich. 1817. *Wanderer über dem Nebelmeer (Camiñante sobre o mar de nubes).*

Fonte: Hamburger Kunsthalle <<http://www.hamburger-kunsthalle.de/en/nineteenth-century>>

[21/09/2017]

Juhani Pallasmaa afirma, na súa obra *Os ollos da pel* (2006), que a supremacía do sentido da vista sobre o resto dos sentidos “é un tema indiscutible no pensamento occidental” (Pallasmaa, 2006, p.41). Así, ao illar ao ollo da súa interacción natural co resto de modalidades sensoriais e inhibir aos outros sentidos, “redúcese e restrínxese a experiencia do mundo á esfera da visión (...) o que acaba por reforzar a sensación de distanciamento e alienación” (2006, p.41). Pallasmaa amosa aquí a súa preocupación pola percepción xeneralizada do ambiente que nos rodea como unha experiencia puramente visual, feito que non fai senón empobrecer a concepción e experiencia do espazo, polo que propón recuperar o uso das outras cualidades sensoriais e a consciencia do espazo que nos rodea a través da experiencia multisensorial:

Eu enfronto a cidade co meu corpo; as miñas pernas miden a lonxitude dos soportais e a largura da praza; a miña mirada proxecta inconscientemente o meu corpo sobre a fachada da catedral, onde deambula polas molduras e as contornas, sentindo o tamaño dos entrantes e saíntes; o peso do meu corpo encóntrase coa masa da porta da catedral e a miña man agarra o tirador da porta ao entrar no escuro baleiro que hai detrás. Síntome a min mesmo na cidade e a cidade existe a través da miña experiencia encarnada. A cidade e o meu corpo complementáanse e defínense o un ao outro. Habito na cidade e a cidade habita en min (Pallasmaa, 2006, p.42).

Da forma visual da paisaxe, –máis concretamente da *paisaxe urbana*– xa dera conta nos anos sesenta Kevin Lynch na súa obra *A imaxe da cidade* (2008). Sen embargo, Lynch, a semellanza de Pallasmaa, entendía a *imaxe* que a poboación crea do seu ambiente, non como un elemento contedor de información exclusivamente visual, senón como un *constructo* mental capaz de dotar de lexibilidade –e, por tanto, de identidade– a un lugar específico; a cristalización dunha imaxe do medio natural e construído, e transformada pola actividade humana, en definitiva, polo feito cultural:

Nada se experimenta en si mesmo, senón sempre en relación coas súas contornas, coas secuencias de acontecementos que levan a elo, co recordo de experiencias anteriores. (...) Todo cidadán ten longos vínculos cunha ou outra parte da súa cidade, e a súa imaxe está embebida de recordos e significados. (...) Os elementos móbiles dunha cidade, e en especial as persoas e as súas actividades, son tan importantes como as partes fixas. Non somos tan só observadores dese espectáculo, senón que tamén somos parte del, e compartimos o escenario cos demais participantes. Moi a miúdo, a nosa percepción da cidade non é continua senón, máis ben, parcial, fragmentaria, misturada con outras preocupacións. Case todos os sentidos están en acción e a imaxe é a combinación de todos eles (Lynch, 2008, pp.9–10).

Unha lectura similar é a que fai Iñaki Ábalos na súa obra *Atlas pintoresco* (2005), considerando á paisaxe como:

(...) o efecto da superposición da actividade humana sobre a natureza, e inclúe as modificacións derivadas sobre o medio para facelo produtivo –parcelamentos, áreas cultivadas, minería, forestación e deforestación, devesas, pastos e ganderías, etc.– e construír artificialmente sobre el, sexan infraestruturas –pontes, encoros, camiños, etc.– ou realizacións propiamente arquitectónicas. Trátase, por tanto, dun termo que indica unha orientación proxectual clara e unha condición híbrida, natural e artificial: a proxección da cultura –tanto no seu significado etimolóxico de cultivo como no convencional– sobre o territorio natural (Ábalos, 2005, p.42).

Este punto de vista coincide coa definición que o Convenio Europeo da Paisaxe (2000) presenta do termo nas súas disposicións xerais, afastando a súa lectura máis habitual e estendida das orixes que o vinculan á noción de beleza como concepto romántico e pintoresco. Así, o Convenio –no Artigo 1, epígrafe a– estipula que, por paisaxe, “entenderase calquera parte do territorio tal e como a percibe a poboación, cuxo carácter sexa o resultado da acción e a interacción de factores naturais e/ou humanos”. Autores, como Florencio Zoido, ven representado no Convenio “(...) un xiro copernicano no entendemento político da paisaxe”. Así, o autor afirma que o Convenio convirte á paisaxe “(...) nun ben público xeneralizado a todo o territorio, obxecto de dereito das poboacións que o perciben e para cuxo gozo é preciso xerar actitudes non só de protección, senón tamén de xestión e ordenación” (Zoido, 2003, p.7).


Existen, sen embargo, outros autores que non comparten a mesma visión optimista sobre o Convenio. José Fariña (2008) advirte que a aparición do Convenio ten lugar nun contexto territorial, o europeo, caracterizado polo escaso respecto ao patrimonio natural, no que a esencia da súa paisaxe consiste no obxecto antropizado, cualificando o concepto de paisaxe utilizado no Convenio de “laxo, case xeográfico”, ao estender a paisaxe a todo o territorio –tal e como o percibe a poboación–. Así, o autor expresa no texto a súa desconfianza cara esa forma de entender a paisaxe xa que, dende unha perspectiva sistémica, *todo* é sinónimo de *nada*. Segundo Fariña, isto ratifícase no artigo segundo, onde se pode ler que:

(...) o presente Convenio aplicarase a todo o territorio das Partes e abarcará as áreas naturais, rurais, urbanas e periurbanas. Comprenderá así mesmo as zonas terrestre, marítima e as augas interiores. Refírese tanto ás paisaxes que se poidan considerar excepcionais como ás paisaxes cotiás ou degradadas (*Convenio Europeo da Paisaxe*, 2000, Art. 2).

Outra das críticas de José Fariña cara o Convenio Europeo da Paisaxe consiste en que o carácter excesivamente abrangente do termo, tal e como é entendido aquí, dificulta enormemente a comprensión do concepto como entidade, feito que, segundo afirma Fariña, a aplicación do Convenio non esixe definir nin manter, resultando suficiente a protección "(...) dos aspectos significativos ou característicos dunha paisaxe, xustificados polo seu valor patrimonial derivado da súa configuración natural e/ou a acción do home" (*Convenio Europeo da Paisaxe*, 2000, Art. 1, epígrafe d). O motivo que provoca a crítica de Fariña, consiste en que o Convenio non aclara o significado dos "aspectos significativos ou característicos dunha paisaxe", sendo como é, parte fundamental da norma. A conclusión á que o autor termina por chegar, é que o esforzo que se está a facer en Europa por sobrevalorar as paisaxes culturais fronte á paisaxe natural "débase ao feito evidente de que Europa devastou a súa natureza" (Fariña, 2008).

O punto de vista que José Fariña ofrece no seu texto parece, en principio, estar máis próximo dunha concepción da paisaxe herdeira dos valores propios da sensibilidade romántica e do seu universo moral e estético, e semella compartir o malestar co que Heidegger sinala como, na modernidade, a tecnoloxía e os procesos económicos e culturais propios das sociedades capitalistas acabaron por desprazar definitivamente a trama cultural e simbólica da natureza que antes daba sentido ás vivencias dunha poboación, agora xa completamente tecnificada e desarraigada da terra (Puente, 2012).

Si parece existir consenso entre os diversos autores cando afirman que "a paisaxe é o resultado dunha transformación colectiva da natureza; é a proxección cultural dunha sociedade nun espazo determinado" (Nogué, 2007, p.137). Desta forma, faise necesario entender o concepto de paisaxe como un código dinámico en cuxos símbolos é posible interpretar a cultura do seu pasado, así como a do seu presente; un concepto que é, ao mesmo tempo, unha realidade física e a representación que a poboación culturalmente fai dela (Nogué, 2007).



OMA, 1982. Esquema do programa proposto para o *Parc de La Villette, París*.

Fonte: OMA <<http://oma.eu/projects/parc-de-la-villette>> [21/09/2017]

(...) as bandas ao longo da parcela funcionaban como os andares dunha torre, cada programa, diferente e autónomo, pero modificado e “contaminado” a través da proximidade de todos os demais. A súa existencia era tan inestable como calquera réxime a quixera facer. A única “estabilidade” era aquela que ofrecían os elementos naturais –ringleiras de árbores e bosques dos arredores– cuxa inestabilidade estaba asegurada mediante o simple crecemento.

O que La Villette suxería finalmente era a pura explotación da condición metropolitana: densidade sen arquitectura, unha cultura de conxestión “invisible”. (Fragmento extraído da memoria do proxecto)

Unha visión dinámica da paisaxe obriga a entendela como algo en continua transformación, capaz de integrar e asimilar co tempo elementos que responden a modificacións importantes, sempre que estas non se produzan de forma excesivamente rápida e violenta. Tal e como afirmaba Eugenio Turri (1979):

(...) as modificacións da paisaxe no pasado eran lentas, pacientes, ao ritmo da intervención humana, prolongadas no tempo e facilmente absorbidas pola natureza dos homes; o novo elemento inseríase gradualmente no cadro psicolóxico da xente. Pero cando esta inserción é rápida, como nos últimos anos, a absorción faise máis difícil (*Cit. in* Nogué, 2007, p.139).

Desa forma, as transformacións que se producen nun territorio non teñen por que resultar problemáticas en si mesmas; as situacións de tensión virían provocadas, entón, pola intensidade e carácter desas transformacións. Tal e como sinala Joan Nogué, un dos dramas da nosa civilización consiste “na incapacidade de saber actuar sobre a paisaxe sen destruíla (...). Cando se destrúe unha paisaxe, destrúese a identidade dese lugar” (Nogué, 2007, p.139). Este punto de vista quizais teña moito que ver co pensamento de José Fariña cara a maneira de entender a paisaxe europea, dado que os profundos cambios que tiveron lugar durante os últimos anos –usos do solo, actividades socioeconómicas, telecomunicacións, as nocións de espazo e tempo– produciron, segundo o autor, fracturas territoriais provocando a degradación da paisaxe tradicional, ocupándoa con illas de diferentes usos, con frecuencia incompatibles, que remataron por deturpar a súa morfoloxía –esencialmente agraria– diminuíndo a súa calidade estética. Nogué manifesta unha actitude especialmente crítica ao referirse aos novos procesos de urbanización do territorio consecuencia da recente transformación socioeconómica:

A dispersión do espazo construído e, moi especialmente, a urbanización difusa provocou unha fragmentación territorial e paisaxística preocupante. O crecemento urbanístico desorganizado, espacialmente incoherente, desordenado e desligado dos asentamentos urbanos tradicionais está aniquilando a lóxica territorial de boa parte do país. Esta dispersión do espazo construído, xunto coa implantación de determinadas infraestruturas pesadas, así como a xeneralización dunha arquitectura de baixa calidade estética, (...) está xerando unhas paisaxes mediocres, dominadas cada vez máis pola homoxeneización, a repetición, a clonación, a artificialización, a tematización, a festivalización, a banalización. A uniformización e a falla de calidade e orixinalidade do tipo de construcións maioritarias está a xerar unha paisaxe insensible e chea de inautenticidade, en especial nos espazos suburbanos, periféricos, de transición, nos cales se repiten e multiplican construcións-escaparate, nas vías de entrada de aldeas, vilas y cidades (Nogué, 2007, p.143).

O auge desta nova condición da paisaxe que, en principio, semella obedecer a procesos de globalización, na opinión de Nogué, provocou unha sorprendente e inesperada tensión dialéctica entre o local e o global que despertou un rexurdimento das identidades colectivas así como unha “excepcional revalorización dos lugares”. Tal e como afirma o autor, “no canto de minguar o papel do territorio, a internacionalización e a integración mundial, aumentaron o seu peso específico” (Nogué, 2007, p.136). Así, fronte á nova lóxica de espazos sen lugar, do *espazo de fluxos* propio da Era da Información, a sociedade reafirmase nas súas identidades singulares, reclamando novamente o lugar como vínculo de contacto e interacción entre os fenómenos mundiais e a experiencia individual (Nogué, 2007).

Por outro lado, tal e como resalta Puente (2012), existe –nas mesmas dinámicas de globalización características das sociedades capitalistas– un claro predominio dunha lóxica mercantil máis inclinada a facer da paisaxe un produto de consumo como lugar de “atracción, sedución ou diversión”, que a procurar formas de encontro ou vinculación emocional entre individuo e paisaxe, o que acaba por xerar “un tipo de experiencias emocionais e de sentido enormemente superficiais” (Puente, 2012, p.275), de tal maneira que ese tipo de prácticas –tales como as experiencias turísticas da paisaxe, deostadas como meras formas de consumo dunha natureza reducida ao espectáculo– son entendidas como unha forma estereotipada e simplificada da experiencia da paisaxe (Puente, 2012). Así, a percepción por parte da sociedade das paisaxes doutras culturas ou lugares, encóntrase fondamente alterada polo que Brunet (1974, *Cit. in* Nogué, 1992, p.48) cualifica como “*percepcións e informacións substituídas*”, é dicir, pseudoimaxes do lugar do que proveñen, dos estereotipos creados e difundidos polos medios de comunicación, chegando incluso a substituír á propia observación persoal ou “a forzar ao individuo a adaptar a súa observación persoal ao estereotipo previamente consumido” (Nogué, 1992, p.48).



George Steinmetz. Turistas fotografando un frautista disfrazado subido nunha vaca. *Luoping, Provincia de Yunnan. China.*

Fonte: **National Geographic Creative** <<https://www.natgeocreative.com>> [21/09/2017]

Cando o real xa non é o que era, a nostalxia cobra todo o seu sentido. Puxanza dos mitos da orixe e dos signos de realidade. Puxanza da verdade, a obxectividade e a autenticidade segundas. Escalada do verdadeiro, do vivido, resurrección do figurativo alí onde o obxecto e a substancia desapareceron. Produción enlouquecida do real e o referencial, paralela e superior ao enlouquecemento da produción material: así aparece a simulación na fase que nos concirne: unha estratexia do real, do neo-real e do hiperreal, dobrando por ondequeira unha estratexia de disuasión.

Baudrillard, J. (1978) *Cultura y simulacro*. Barcelona, Kairós. p.15



Hipermodernidade

Xavier Ribas, 1997. *Sundays*. *Barcelona n.19*.

Fonte: xavierribas.com <<http://www.xavierribas.com/Contents/Barcelona/Barcelona.html>>

A noción de paisaxe está estreitamente asociada aos conceptos de tempo e espazo, resultando así, tal e como indica Marc Augé (2013), a representación perfecta do carácter relativo e da facilidade de adaptación social que posúe o concepto de natureza. Deses maneira, canto máis alta é a densidade de ocupación, máis intensa é a simbolización dun espazo, aínda que, tal e como afirma o autor, “todo espazo está simbolizado ata o punto de chegar ao espazo dos outros, (...) [onde] teñen lugar procesos de intercambio ou conflito” (Augé, 2013, p.226). En toda sociedade, a sociedade absoluta do individuo trátase dun feito inconcebible; toda identidade encóntrase definida en relación a unha alteridade na que “o *eu* e o *outro* están estreitamente relacionados, asociados no tempo e no espazo” (Augé, 2013, p.226). Sendo que a sociedade forma parte da definición do home, o corolario desa dimensión social correspondería á súa definición no espazo e, nese sentido, a cidade representa a expresión definitiva da comunidade humana. Tanto en termos demográficos como espaciais, a cidade correspondeu, nos últimos tempos, a “un cambio de escala da vida humana. Dende ese punto de vista, a paisaxe urbana é, ao igual que a rural, unha creación cultural” (Augé, 2013, p.227).

Na actualidade, estase a experimentar un momento de aceleración da historia que se traduce nunha superabundancia de acontecementos o que, tal e como afirma Marc Augé, resulta un problema en canto á súa denominación, xa que “a causa da frecuencia de acontecementos nos últimos decenios, corre o risco de perder toda significación” (Augé, 2001, p.35). Tal e como afirma o antropólogo, a novidade non está en que o mundo teña, ou non, máis ou menos sentido, senón en que experimentamos, segundo o autor, “explícita e intensamente a necesidade cotiá de darlle sentido” tanto ao presente como ao pasado. Esa necesidade é o “rescate da superabundancia de acontecementos que corresponde a unha situación que poderíamos chamar de *supermodernidade* para dar conta da súa modalidade esencial: o exceso” (Augé, 2001, p.36). Augé usa dúas figuras do exceso para definir a situación contemporánea de *supermodernidade*: por un lado, o tempo e a dificultade que implica *pensalo* debido á superabundancia de acontecementos do mundo contemporáneo e, por outro, o espazo, cuxo exceso –paradoxalmente, inversamente proporcional á redución de distancias– exprésase nos cambios de escala, na multiplicación de referencias imaxinadas e imaxinarias e na espectacular aceleración dos medios de transporte, o que conduce a alteracións físicas considerables: concentracións urbanas, traslados de poboacións e proliferación do que Augé chama *non-lugares*, en oposición á concepción sociolóxica de *lugar* asociada á cultura localizada no tempo e no espazo (Augé, 2001).

O que a *paisaxe supermoderna* constitúe para Augé, non é senón a urbanización do mundo, a extensión acelerada dos espazos de circulación, consumo e comunicación “que desemboca no crecemento de grandes metrópoles e na proliferación do tecido urbano ao longo das vías, as costas, os ríos” (Augé, 2013, p.228). Así, a transformación que a paisaxe sufriu nas últimas décadas, converteu ás cidades tradicionais e aos cascos históricos en curiosidades turísticas, e a proliferación de barrios de negocios e os rañaceos que os simbolizan representan, da maneira máis directa posible, o poder das empresas nunha época que Lieven De Cauter (2005) deu en chamar a *Era do Capitalismo Transcendental*.

O que traduce ese proceso de transformación acelerada é, segundo Augé, un cambio de escala: a partir do momento en que o crecemento demográfico xera novas formas de mobilidade e residencia, a natureza urbana da humanidade vólvese máis evidente, entendendo por natureza urbana os modos de relación que permiten ao individuo “declinar os seus vínculos sociais de alteridade, os cales son indispensables para a súa existencia e para definir a súa identidade, por unha nova cultura” (Augé, 2013, p.229).

Tal e como indica René Boomkens (2013), esta forma de entender a cultura urbana como maneira de vivir concorre coa irrupción dun novo debate sobre a urbanización e a cultura urbana que, coincidente cos rápidos cambios que dende a década de 1980 veñen tendo lugar nas esferas do poder e nas relacións económicas globais, así como a crecente influencia dos novos medios de información e comunicación –da televisión por satélite a internet, o correo electrónico e a telefonía móbil–, fai fincapé no cambio, ou incluso ruptura, da continuidade da cultura urbana moderna. Esta ruptura foi tratada por diferentes liñas de argumento; dende círculos vinculados á arquitectura e ao desenvolvemento urbanístico comezaron a xurdir conceptos como o de *megacidade* (explorado por varios autores) ou a idea de *cidade xenérica* (Rem Koolhaas), entre tantos outros, abordando, na maioría de casos, a cultura e o desenvolvemento urbanos como unha cuestión de escala.



Gonzalo Sabina Martín. 2015. *Selfie sobre mar de nubes.*

Fonte: Artelista <https://www.artelista.com/obra/9001744384315884-selfie-sobre-mar-de-nubes.html>>

O entendemento da cidade como forma de vida resultou, segundo Boomkens, a maneira máis completa e diferenciada de abordar a recente aceleración do proceso de globalización, proporcionando as mellores condicións para responder á cuestión de se realmente os recentes cambios afectaron á continuidade da cultura urbana moderna ata o punto de “poder falar agora dunha condición *post-urbana*, ou se de feito estes cambios deben ser interpretados como adaptacións menores da cultura urbana fronte a novos estímulos” (Boomkens, 2013, p22). O concepto de *supermodernidade* acuñado por Augé reflicte a ambigüidade característica da maioría de estudos de base antropolóxica sobre a evolución recente da cultura urbana e o modo de vida da cidade. Por unha banda, suxire algún xeito de continuidade da modernidade, e por outra, mostra esa continuación como unha nova forma de modernidade, tal vez máis elevada, aínda que posiblemente esaxerada (Boomkens, 2013).


Un deses puntos de vista puramente antropolóxicos é o que presenta Manuel Delgado na súa obra *El animal público* (1999), onde impón unha distinción de entrada: a que separa a *cidade* do *urbano*. O autor defende que a cidade non é o urbano, describindo a distinción entre ambos conceptos da seguinte forma:

A cidade é unha composición espacial definida pola alta densidade de poboación e o asentamento dun amplo conxunto de construcións estables, unha colonia densa e heteroxénea conformada esencialmente por estraños entre si. A cidade, nese sentido, oponse ao *campo* ou ao *rural*, ámbitos en que tales trazos non se dan. O urbano, en cambio é outra cousa: un estilo de vida marcado pola proliferación de conexións relacionais deslocalizadas e precarias (Delgado, 1999, p.23).

Desa maneira, o proceso de *urbanización*, tal e como o definiran J. Remy e L. Voye (1992), non consiste senón en “integrar de forma crecente a mobilidade espacial na vida cotiá até o punto en que esta fiquen vertebrada por aquela” (*Cit. in* Delgado, 1999, p.23). Dende ese punto de vista, pódese entender que existan cidades pouco ou nada urbanizadas nas que a accesibilidade e a mobilidade non estean garantidas, así como que non existe razón pola cal non se poidan dar, en espazos naturais abertos ou nas aldeas máis recónditas, relacións tan caracteristicamente urbanas como as que poida coñecer calquera ambiente metropolitano (Delgado, 1999).

Aplicando esta lóxica, Delgado afirma que o oposto ao urbano non é o *rural*, senón unha forma de vida na que se rexistra unha estrita conxunción entre a morfoloxía espacial e a estruturación das funcións sociais, que se pode asociar, a súa vez, ao conxunto de formulas de vida social “baseadas en obrigas rutineiras, unha distribución clara de roles e acontecementos previsibles” (Delgado, 1999, p.24), fórmulas que aparecen con frecuencia agrupadas baixo o epígrafe de *tradicionalis* ou *pre-modernas*. En sentido análogo, Delgado asocia o urbano ao distanciamento, á insinceridade e á frialdade nas relacións humanas. Dende unha perspectiva máis positiva, o *urbano* favorecería un “relaxamento nos controis sociais e unha renuncia ás formas de vixilancia e fiscalización propias de colectividades pequenas en que todo o mundo se coñece” (Delgado, 1999, p.25). O *urbano*, dende ese punto de vista, contrastaría co *comunal*.

Para cualificar a nova situación cultural das sociedades desenvolvidas, introduciuse no ámbito intelectual, a finais dos anos setenta, o concepto de posmodernidade coa finalidade de “designar tanto a desarticulación dos fundamentos do absolutismo da racionalidade e o afundimento das grandes ideoloxías da historia, como a poderosa dinámica da individualización e pluralización das nosas sociedades” (Lipovetsky e Charles, 2014, p.53). Sen embargo, Lipovetsky móstrase crítico con respecto ao uso da expresión *posmoderno* ao encontrala ambigua e confusa, afirmando que “o que tomaba corpo [naquel momento] era evidentemente unha modernidade de novo cuño, non unha superación desta” (Lipovetsky e Charles, 2014, p.54). O autor afirma que se a primeira modernidade era extrema pola mediación do ideolóxico-político, a seguinte, a que vivimos neste momento, o é en virtude das tecnoloxías, dos medios, o urbanismo, o consumo e as patoloxías individuais. Non todo funciona con exceso, sen embargo, nada escapa xa ás lóxicas do extremo. Así, a forma en que agora transcorren os acontecementos revela o paso da era *post* á era *hiper*. Segundo Lipovetsky, naceu unha nova sociedade moderna; non se trata xa de abandonar o mundo da tradición para acceder á racionalidade moderna, senón de “modernizar a modernidade mesma (...) de destruír efectivamente os arcaísmos e as rutinas burocráticas (...) de deslocalizar, privatizar, estimular a competencia” (Lipovetsky e Charles, 2014, p.59); xa non se da, como nas sociedades tradicionais, a repetición de modelos do pasado; son, en cambio, a novidade e a tentación sistemática, a norma e a forma de organización do presente (Lipovetsky e Charles, 2014).



Mapa do mundo minguante a través das innovacións no transporte.

Fonte: Waldheim, C. (2006). *The Landscape Urbanism Reader*. New York, Princeton Architectural Press. p.220

O presentismo de segunda xeración, tal e como o denominan Lipovetsky e Charles (2014), apareceu tras a era posmoderna sostido pola globalización neoliberal e a revolución das tecnoloxías da información. Tal e como explican os autores, “estas dúas series de fenómenos combináronse para comprimir o espazo-tempo, para sobreexcitar as lóxicas do tempo breve” (Lipovetsky e Charles, 2014, p.66). As novas tecnoloxías, que posibilitan os intercambios e o acceso á información en tempo real, orixinan unha sensación de simultaneidade e potencian o inmediato de tal maneira que as formas de espera e a lentitude perden valor de forma crecente. Semellante reorganización da vida económica carrexou consecuencias que Lipovetsky considera “dramáticas”, provocando unha certa despreocupación polo tempo que motiva que, con cada vez maior intensidade, o presente se viva con inseguridade (Lipovetsky e Charles, 2014).

Este momento en que o espazo encolle e o tempo se acelera, orixina unha situación de unificación do mundo que, aínda que non se trate dunha realidade completa nin dun fenómeno recente –segundo Lipovetsky e Juvin (2011), estamos nunha segunda globalización–, “representa un cambio xeral e profundo tanto na organización como na percepción do noso mundo” (Lipovetsky e Juvin, 2011, p.13). Así, encontrámonos nun momento en que se consolida e medra de forma desmesurada un tipo de hipercultura transnacional que Lipovetsky e Serroy (2010) denominaron como *cultura-mundo*, caracterizada, no seu nivel máis inmediato, pola revolución das tecnoloxías da información e a comunicación, a organización de enormes redes mediáticas transnacionais e a ampliación de redes culturais que canalizan unha crecente cantidade de bens idénticos cara un mercado globalizado (Lipovetsky e Juvin, 2011).

Con anterioridade aos fenómenos de globalización, as culturas populares e tradicionais afirmábanse como particulares e locais actuando como elemento de identificación dunha orde colectiva, o que orixinaba unha seguridade identitaria que contribuía á estabilidade social da vida en común. A cultura funcionaba como elemento organizador da vida, encadrándoa nun sistema simbólico e nun conxunto de regras e valores que, en definitiva, eran o que daba sentido á existencia (Lipovetsky e Juvin, 2011).

Na *segunda modernidade* sucede, en cambio, todo o contrario; a ausencia de marcos simbólicos e colectivos provoca inseguridade identitaria e psicolóxica (Lipovetsky e Charles, 2014). A cultura-mundo despregase no “reino da universalidade cosmopolita, do cambio perpetuo, do pletórico (...)” (Lipovetsky e Juvin, 2011, p.16), desorganizando, de forma continuada, o noso *estar-no-mundo*, as consciencias e as existencias. Lipovetsky define o momento presente da seguinte forma:

Estamos nun momento en que todos os ingredientes da vida están en crise, desestabilizados, faltos de coordenadas estruturantes. Igrexa, familia, ideoloxías, política, relacións entre sexos, consumo, arte, educación: xa non hai nin un só dominio que escape ao proceso de desterritorialización e desorientación. A cultura-mundo ou planetaria fai estalar todos os sistemas de referencias (...). De aí se segue un estado incerteza, de desorientación sen precedentes, xeneralizado, case total (Lipovetsky e Juvin, 2011, p.16).

Estamos, en definitiva, no momento que Lieven De Cauter (2005) denominou, enmarcado nun discurso extremadamente pesimista, como a *Era do Temor*.

Capítulo II

[Metamorfose]



François Dallegret, 1965. *Transportable standard-of-living package*

Ilustración para o artigo *A home is not a house*, de **Reyner Banham**. Publicado en *Art in America* #2.

Fonte: Socks-Studio <<http://socks-studio.com/2011/10/31/francois-dallegret-and-reyner-banham-a-home-is-not-a-house-1965/>>


Artigo dispoñible en <<http://studio4postindustrial.files.wordpress.com/2011/04/banham-home-is-not-a-house-1.pdf>>

[consultado no 17/01/2018]

Lieven De Caeter (2005) ve evidente que o proceso de globalización que acabou por estruturar a sociedade contemporánea está articulado, en última estancia, polo sistema capitalista. Afirmar que o capitalismo chegou a tal grado de omnipresencia, que na actualidade tende a facer se invisible; revestido de certo carácter negativo, evítase o uso do vocábulo no discurso público, e isto, segundo De Caeter, é indicador dunha nova fase evolutiva na que o sistema capitalista da nova orde mundial atinxiu a condición de *transcendental*, e o que tal condición implica non é senón que non exista alternativa ao capitalismo. A tese proposta por De Caeter resulta extremadamente interesante; non se trata, unicamente, do produto do seu propio raciocinio, senón da análise e interpretación dos textos de diversos autores que afondan nos temas aquí abordados, polo que se entende xustificada unha ampla disección do seu traballo neste punto da disertación, ao aportar unha lectura da sociedade e as formas de urbanización contemporáneas tremendamente novidosa.

Segundo De Caeter, o capitalismo pódese definir como: a) un sistema social enfocado e dirixido á acumulación de capital; e b) unha relación de dominio entre centro e periferia. Tal relación de dominio é ás veces a causa, outras a consecuencia, e con frecuencia ambas ao mesmo tempo, “das relacións comerciais desiguais entre centro e periferia que fan posible a obtención de beneficios e, por tanto, a acumulación” (Wallerstein, 1994, *Cit. in* (de) Caeter, 2005, p.42). De Caeter afirma que, a consecuencia da estrutura binaria do capitalismo, “nunca existirá unha aldea global, sempre haberá un centro e unha periferia, un *interior* e un *exterior*” (De Caeter, 2005, p.42). Así, cando se dá unha atenuación na asimetría entre centro e periferia, esta última terá que ser reposicionada. Sen embargo, se a asimetría se torna excesivamente pronunciada, o sistema poderíase debilitar, tal e como ten sucedido en pasados estalidos e revolucións sociais.

Non obstante, De Caeter sostén que o *capitalismo transcendental* terminou por acadar a condición de meta-estable; o sistema non flutúa, parece ter desenvolvido unha enorme capacidade de resistencia fronte os estados de crise. Segundo o autor, unha consecuencia inexorable desta situación, independentemente do grao de desigualdade que exista na asimetría entre centro e periferia, é a aparición de estruturas cuxo obxectivo non é outro que defender o interior do exterior (De Caeter, 2005).



Exodus, or the voluntary prisoners of architecture (1972).

Rem Koolhaas, Madelon Vreisdorp, Elia Zenghelis, e Zoe Zenghelis

Fonte da imaxe: MoMA <<http://www.moma.org/>> [27/01/2018]

Unha vez, unha cidade foi dividida en dúas metades. Unha converteuse na Parte Boa, a outra na Parte Mala. Os habitantes da Parte Mala da cidade comezaron a fuxir en hordas cara a Parte Boa da cidade dividida, converténdose rapidamente nun auténtico éxodo urbano.

De terse permitido que semellante situación continuara indefinidamente, a Parte Boa duplicaría a súa poboación, mentres que a Parte Mala teríase transformado nunha cidade fantasma.

Despois de que todos os esforzos por interromper a indesexable migración fracasaran, as autoridades da Parte Mala fixeron un uso salvaxe e desesperado da arquitectura: construíron un muro ao redor da Parte Boa da cidade, facéndoa totalmente inaccesible.

O muro era unha obra mestra.

(...) Os habitantes desa arquitectura, eses o suficientemente fortes para amala, converteríanse nos seus prisioneiros voluntarios, estáticos na liberdade dos seus confíns arquitectónicos.

Ao contrario que a arquitectura do Movemento Moderno, e os seus desesperados renacementos, esta nova arquitectura non é histórica nin autoritaria. É a ciencia hedonista de deseñar instalacións colectivas que satisfagan completamente os desexos individuais.

Dende fora, esta arquitectura é unha secuencia de monumentos serenos; a vida interna produce un continuo estado de frenesí ornamental e delirio decorativo, completado cunha sobredose de símbolos.

(...) Os habitantes da Parte Mala Saben que en realidade esa é a Parte Boa da cidade; proporciona unha nova cultura urbana, unha franxa de intenso atractivo metropolitano.

De repente, todos os mecanismos de defensa apuntan cara o exterior. Están aí para impedir calquera contaminación dende a Parte Mala da cidade.

Fragments da memoria do proxecto. Fonte: **Ecosistema Urbano** <<http://ecosistemaurbano.org/>> [27/01/2018]

A tese que De Cauter (2001, 2005) sostén, propón o xurdimento da metrópole como produto do capitalismo: un centro de poder, comercio, produción e distribución. A pesar das frecuentes predicións sobre o fin da cidade (Choay, 1994; Sorkin, 1994), en termos históricos, a metrópole constitúe un concepto aínda recente, podéndose dividir a súa historia en tres eras: a Idade do Vapor, a Idade Petroquímica, e a Idade Microelectrónica, emblematicamente representadas no tren, o automóbil, e internet. Na Idade do Vapor, as cidades comezan a súa transformación en metrópoles. Foi coa primeira revolución industrial que París e Londres se converten en cidades metropolitanas. Até a década dos anos trinta do pasado século a maior parte da poboación norteamericana habitaba en cidades, sen embargo, segundo Richard Plunz (*cit. in* De Cauter, 2005, p.42), nese momento experimentábase alí un intenso proceso de suburbanización. Plunz sostén que a sociedade de consumo nunca podería ter sido posible sen a suburbanización e a desurbanización, afirmando que a Idade Petroquímica é basicamente antiurbana. En palabras de De Cauter, o slogan de Henri Ford, *Each man his own car*, “resulta pouco atractivo para unha poboación urbana” (2005, p.43). O consumo masivo –ao tempo que individualizado– presupón unha desurbanización consciente: casas como máquinas de confort, centros comerciais como puntos de distribución accesibles unicamente en automóbil; elementos que forman parte do que Plunz chamou a *conspiración contra a cidade* (De Cauter, 2005).

Aínda que en menor grao, Europa sufriu un proceso de suburbanización similar que alterou substancialmente a antiga metrópole europea na súa transición da Idade Industrial á Microelectrónica; un proceso que mostra diferencias estruturantes significativas con respecto ao americano, tanto a nivel procesual, como na confirmación física do fenómeno, ao longo do cal o centro histórico foi, ou ben abandonado, ou reinventado para gozo de turistas, excursionistas, ou dos mesmos residentes en condición de turistas na súa propia cidade. Segundo Lieven De Cauter (2005), ese proceso adquire a forma de dous modelos básicos: por unha parte, a *Disneyficación* do centro acompañado da *Bronxificación* da periferia –con París como exemplo–, e por outra, a implosión do centro da cidade acompañada pola propagación de interminables suburbios, servindo, neste caso, a cidade de Los Angeles como modelo paradigmático. Cada cidade, na súa transición cara a era postindustrial, debe confrontar as dúas opcións que, en ocasións, non supoñen sequera

unha alternativa, senón o resultado da súa ausencia, incluso ser dúas caras da mesma moeda, ao estar ambos modelos baseados na idea do *recinto*¹. “Ao igual que un gueto, a zona turística pode chegar a ser, a partir de certo punto, unha zona a evitar para a maioría dos habitantes da cidade” (De Cauter, 2005, p.43).

A Idade Microelectrónica virá a completar o proceso de suburbanización e desurbanización que comezara na anterior era, e que posibilitará que calquera poda habitar en calquera lugar sempre que estea conectado ás redes; un concepto a partir do cal xorde a idea de *cidade axeográfica* (Sorkin, 1994), cuxa consecuencia última para o territorio habitado será a proliferación de espazos posturbanos ou postrurais (De Cauter, 2005). Sorkin, na introdución da obra *Variations on a Theme Park* (1994), reflexiona sobre como a tecnoloxía asociada a Idade Microelectrónica –que el define como *instrumentos de adxacencia artificial instantánea*– está a aniquilar as históricas políticas de proximidade que, na súa opinión, conforman os cimentos mesmos da cidade. Como consecuencia xorde un novo tipo de cidade, unha cidade que carece dun lugar vinculado a ela:

Esta cidade axeográfica está particularmente avanzada nos Estados Unidos. É apreciable nas aglomeracións de rañaceos que se elevan dende campos aramados xunto a autoestrada; nos enormes centros comerciais sostidos por cadeas nacionais de grandes almacéns rodeados dun enxame de coches; en atrios de hotel hermeticamente selados e clonados de costa a costa; nas uniformes xentrificacións “históricas” e mercados festivos; na expansión desagregada de interminables novos suburbios sen cidade; e nos peites de antenas de cen millóns de tellados dende Secaucus ate Simi Valley, nas nubes de parabólicas que, apuntando ao mesmo minúsculo sinal xeosíncrono, succionan *Arsenio* e o *Equipo-A* do éter (Sorkin, 1994, p.xi).

Segundo De Cauter (2001, 2005), semellante situación non é soamente aplicable a América ou o Sueste Asiático, senón que considera probable que ese sexa así mesmo o futuro de Europa. Usa como exemplo a zona do Benelux [exemplo facilmente extrapolable ao resto de Europa] que, xa en plena evolución cara espazo posturbano, mostra os centros históricos das súas cidades a modo de parques de atraccións, remanencias dunha época pasada “funcionando como focos de atracción turística no interior dunha rede xenérica de desenvolvemento urbanístico desenfreado, autoestradas e cables de fibra óptica” (De Cauter, 2005, p.43), un novo espazo urbano que recibe diversos nomes como *cyburbia* (Wriston), *cidade-rede* (Batten) ou *cidade xenérica* (Koolhaas).

¹ De Cauter utiliza, no texto orixinal en inglés, o termo *enclosure*.



Detroit, ca. 1930. Arquivo C. van Eesteren





J.B. Ingwersen. Leidseplein, Amsterdam, ca. 1960

Sorkin (1994) salienta tres características que definen este novo espazo urbano, tratándose a primeira do esvaecemento de toda relación estable coa xeografía cultural e física local, do relaxamento de calquera vínculo cun lugar específico. Así, a nova cidade, obsesionada cos puntos de produción e distribución, é pouco máis que unha multitude de fragmentos urbanos desbotando a visión conxunta de elemento físico completo, “sacrificando a idea de cidade como lugar de comunidade e conexión humana” (Sorkin, 1994, p.xiii). A segunda característica desta nova cidade consiste na súa obsesión coa *seguridade*, co aumento dos niveis de vixilancia e manipulación da cidadanía, e coa proliferación de novos modelos de segregación aparentemente ubicuos, co que Sorkin chega a afirmar que –polo menos en América– o planeamento urbanístico abandonou en gran medida o papel que historicamente viña desenvolvendo como integrador de comunidades en favor do uso da xestión urbanística selectiva como reforzo das cualidades características locais. Por último, Sorkin considera este novo reino urbano como a *cidade simulacro*, a *television city*, a cidade como parque temático que, segundo o autor, se fai evidente na arquitectura que produce, nos edificios que usan para lexitimarse a si mesmos imaxes extraídas da historia, feito que define como “a apropiación espuria dun pasado que se substitúe por un presente máis analizado e esixente” (Sorkin, 1994, p.xiv). Ademais, asegura que, na maioría de cidades americanas, o *histórico* converteuse no único e cómplice valor urbano oficial, co resultado de que “a conservación dos vestixios físicos da cidade histórica substituíu a atención prestada á ecoloxía humana que a produciu e habitaba” (Sorkin, 1994, p.xiv).

Lieven de Cauter afirma que a cualidade máis característica do capitalismo transcendental radica no seu aspecto xenérico. De maneira xeneralizada, o termo alude á ausencia de carácter individual. Deses forma, cada produto non supón un individuo en si mesmo, senón que constitúe un exemplar dunha *identidade corporativa*, dunha marca ou tipo sendo, polo tanto, non particular, senón xenérico. Así, tal e como anticipara Sorkin (1994) coa introdución do termo *urbanismo xenérico*, ou Koolhaas (2004) coa creación do concepto de cidade xenérica, a cidade estase a converter nun produto xeneralizado, carente de identidade, de centro, de historia. A *cidade xenérica* é a cidade da era do capitalismo transcendental, a cidade da *civilización capsular* (De Cauter, 2005).

O incremento das velocidades de desprazamento e fluxos de información que trouxo consigo a constante evolución dos medios tecnolóxicos ao longo da historia, forzou á especie humana a buscar sistemas de protección que atenuaran os efectos de semellante aumento na intensidade das velocidades. De Cauter (2001) afirma que a maioría dos medios que o home emprega para ese fin, ou son cápsulas, ou ben teñen un equivalente capsular. O que o autor entende por cápsula non é outra cousa que un recipiente; unha ferramenta ou extensión do corpo que bloquea o ambiente exterior hostil, en definitiva, “un medio transformado en ambiente” (De Cauter, 2001, p.122). A través da cápsula, a velocidade, a actividade e a defensa activa contra o medio exterior son transferidas ao artefacto, convertendo a quen o usa nun pasaxeiro pasivo inmóbil. Así, De Cauter chega á conclusión de que canto máis aumenta a nosa mobilidade, máis inmóbil e capsular se volve o noso comportamento: “somos nómades sedentarios (no sentido literal de viaxeiros sentados)” (De Cauter, 2001, p.122). Desesta forma, as cápsulas adquiren vital importancia na protección contra as conmocións que produce o ambiente exterior, o que nos trae á natureza da experiencia moderna: moitos pensadores, dende Freud a Simmel, e de Benjamin a McLuhan (*cit. in* De Cauter, 2001, p.123), sosteñen que o home moderno se encontra baixo o bombardeo continuado dunha sobrecarga de estímulos, o que induce á creación de mecanismos de defensa. Desta maneira, canto máis aumentan as velocidades físicas e da información, máis aumentará a necesidade de encapsulación do home.

Kurokawa e Archigram identificaron, na década dos 60, a predisposición existente na sociedade cara á organización capsular cando proclamaron a cápsula como paradigma da maneira de vivir no futuro. Aínda que a arquitectura móbil e *plug-in* non se materializou tal e como eles predixeran, é innegable que pasamos máis tempo en cápsulas agora que nunca. Nese momento, Kurokawa e Archigram –fascinados pola ciencia ficción da cápsula espacial– eran conscientes de que o automóbil supoñía o modelo *terrícola* dun novo tipo de vivenda móbil. O coche foi inmediatamente concibido como unha extensión da casa, un interior artificial, en resúmen, unha cápsula. Como xa sinalara Rem Koolhaas (1994), a condición de *en-tránsito* estase a volver universal, pasamos unha importante cantidade de tempo en cápsulas: trens, metros, tranvías, autobuses e, sobre todo, en coches e avións (De Cauter, 2001).



Kisho Kurokawa. *Nakagin Capsule Tower.* Tokyo, 1972.

Fonte: **Designboom** <<https://www.designboom.com/architecture/kisho-kurokawa-nakagin-capsule-tower-building/>>
[03/02/2018]



Sen embargo, estas cápsulas *reais* xa non son as únicas, dado que a cultura contemporánea estase vendo fundamentalmente influenciada polo rápido florecemento de cápsulas virtuais. Segundo De Cauter (2001) todas as pantallas son cápsulas mentais, e un mundo de pantallas é un mundo capsular. Ao observar unha pantalla internámonos virtualmente nun espazo mental pechado que dista moito dun espazo real. Os nosos medios estanse encapsulando cada vez máis a medida que a tecnoloxía da información fai evolucionar as extensións físicas e corporais cara extensións mentais, e desa maneira, tanto o transporte de alta velocidade como a microelectrónica, “obedecen a unha lóxica capsular profundamente enraizada” (De Cauter, 2001, p.123); isto é o que De Cauter coñece como *a lóxica tecnolóxica da capsularización*.

Manuel Castells, na súa triloxía *A Era da Información* (1998, 2000, 2001), indica que a reestruturación do capital na sociedade rede, que se corresponde co desprazamento dende o capitalismo industrial ao capitalismo da información, trouxo consigo unha xigantesca exclusión social, unha polarización da sociedade na economía global. Dedicou na súa obra especial atención ao xurdimento do *cuarto mundo*: grupos de poboación desconectada e zonas abandonadas, xa sexan guetos ou continentes enteiros, o que implica a *desconexión* da rede de amplos sectores da poboación mundial, tratándose esta dunha das principais teses da súa triloxía, onde afirma que a aparición da *sociedade rede* e a aparición de guetos son procesos intimamente relacionados.

A recente evolución dos fenómenos demográficos, xunto coa nova versión en rede, dispersa e descentralizada, da tradicional lóxica entre centro e periferia, podería chegar a provocar unha ruptura entre zonas conectadas e desconectadas; unha lóxica económica que, segundo De Cauter, afectará o uso e control do espazo e territorios: “o interior, ordenado e conectado, o exterior, fora de control e desconectado das redes globais” (De Cauter, 2001, p.124), situación que o autor denomina como *a lóxica económica da capsularización*. A civilización capsular podería tratarse así dunha sorte de retorno a períodos anteriores da historia, onde o espazo público –o mundo a extramuros– era, por definición, un espazo inseguro e fora de control (De Cauter, 2001).

Wallerstein (1983), no seu sucinto compendio sobre o capitalismo ao longo dos últimos cinco séculos, *Historical capitalism*, ve o estalido da guerra civil americana como un feito inevitable, afirmando que o estado nación non pode xa coidar dos seus cidadáns: “a busca desesperada de protección comezou” (Wallerstein, 1983, *cit. in* De Cauter, 2001, p.124). Lieven de Cauter (2001, p.124), parafraseando a John King, escribe que “o privilexio produce temor”, e posto que o temor induce á procura de mecanismos de defensa, exclusividade e exclusión, propón outra Lei da Capsularización: “o temor conduce á capsularización, e a capsularización acentúa o temor” (2001, p.125). Este círculo vicioso, produto do que Mike Davies (1998) denominou como a *Ecoloxía do medo*, é o combustible fundamental para producir inclusión e exclusión nunha sociedade dual, o que, segundo de Cauter podería rematar por converter ao mundo nun arquipélago de entidades insulares, fortalezas, urbanizacións cerradas, complexos pechados, enclaves, envolturas, capas protectoras, en resúmen, “cápsulas nunha galaxia caótica” (De Cauter, 2001, p.125).

Os procesos de individualización foron un tema fundamental nos estudos sobre a Modernidade dende os tempos de Webber e Simmel, pero De Cauter ve a transformación do individualismo na ideoloxía oficial do neoliberalismo como un proceso bastante recente. Nos últimos tempos vense dando unha diminución masiva do interese no concepto de sociedade baseada na sociabilidade e na solidariedade, feito que no seu momento Margaret Thatcher condensou do seguinte xeito: “Non existe tal cousa como a sociedade, solo existen individuos, individuos e familias” (*Cit. in* De Cauter, 2001, p.125). De Cauter ve esta situación como o *síndrome do neoliberalismo*, potenciado pola reestruturación do capital tal e como foi descrita por Castells, síndrome que é imposto ao tempo que aparentemente demandado pola sociedade. Así, o consumidor aparece sempre como individuo illado, a veces como parella ou, como moito, en forma de familiar nuclear, termo que De Cauter encontra revelador, afirmando que, por definición, a familiar nuclear supón unha institución capsular. Desta maneira é como somos representados na publicidade e, na opinión de De Cauter, trátase cada vez máis da forma en que vivimos, podéndose denominar esta situación como a *lóxica do hiperindividualismo*, acentuada a través das ferramentas tecnolóxicas e as políticas espaciais cotiás (De Cauter, 2001).



Archigram, 1964. *Walking City* (Ron Herron) e *Plug-in City* (Peter Cook).

Fonte: **The Archigram archival Project** <<http://archigram.westminster.ac.uk/>> [03/02/2018]

O feito da suburbanización do territorio está amplamente aceptado como proceso clave nas modernas políticas do espazo, estando, tamén, estreitamente vinculado ás políticas da vida cotiá, René Boomkens (1998) describe o espazo suburbano e a vida que contén da seguinte forma:

O suburbio encaixa nun amplo abano de espazos do século XX que se esforzan en enmascarar o feito de que están situados nun punto específico. Dende centros comerciais, aeroportos, polígonos industriais, estacións de autobús e outros espazos de conexión ata vías arteriais flanqueadas por tendas de bricolaxe: todos seguen o exemplo do suburbio no canto a que son cápsulas, espazos virados cara si mesmos, encerrados en si, representando a seguridade, hixiene, o recinto pechado (sen se tratar en realidade de espazos realmente seguros) e negándose rigorosamente a súa contorna. Esta realidade celular ou capsular de lugares virados cara si mesmos, mantense grazas á igualmente desespacializada rede de conexións, o que representa un requisito previo para que esta realidade capsular sexa posible: é, de feito, a totalidade dos movementos de tráfico e transporte, o que fai que este arquipélago de espazos tácitos sexa posible e necesario. Mobilidade e quietude son unha dobre unidade neste universo. (Boomkens, 1998, *Cit. in* de Cauter, 2001, p.126)

De Cauter afirma que, en certo sentido, todos somos suburbanitas. Nas súas palabras, “incluso os convencidos habitantes das cidades teñen que loitar contra os mecanismos de suburbanización da vida cotiá” (De Cauter, 2001, p.126); coches, teléfonos, televisións e plataformas de internet son, segundo o autor, as ferramentas fundamentais –así como as causas– deste proceso. *Refuxiarse*² será, por tanto, a palabra clave no feito consumado da capsularización da vivenda e o modo de vida actual. De Cauter sinala que a nosa vida cotiá poderíase describir como un percorrido mediante o uso de cápsulas de transporte, dende un enclave ou cápsula, a outro, polo que obtén que o hiperindividualismo, engadido á suburbanización da vida cotiá, conduce á capsularización.

Sair realmente, abandonar a rutina capsular, é para os raros momentos de lecer, e, como todos coñecemos, nos novos *ethos* laborais, o ocio, para a maioría da xente, é unha cousa do pasado. E aínda se non podemos negar a evidencia de que moita xente parece dispoñer de tempo para sentarse en terrazas e pasear por rúas comerciais, sabemos que o ocio está cada vez mais organizado en enclaves deseñados para tal fin, en estruturas heterotópicas (De Cauter, 2001, p.126).

² De Cauter emprega aquí o termo *Cocooing* no texto orixinal en inglés.

Foucault (1967) definiu a heterotopía como unha inversión, pechada pero real, do espazo cotiá e a orde continua das cousas, en oposición á Utopía, unha inversión irreal da sociedade. Na tese de De Cauter, o *espazo-rede* estaría conformado por heterotopías. Así, nun territorio onde o *non-lugar* (Augé, 2001) e o *espazo de fluxos* (Catells, 2001) prevalecen, as heterotopías son, segundo De Cauter, a tentativa de creación de espazos reais, ou unha simulación destes. Xa non constitúen a inversión do espazo continuo da orde cotiá, tal e como os definiu Foucault, senón a simulación da normalidade:

No espazo de fluxos, no non-lugar da rede, as heterotopías constitúen o paradigma simulado dos lugares de estar e de estancia: o centro histórico da cidade, a rúa comercial, o centro comercial, o campus universitario, os hoteis, e, por suposto, o parque temático. Estamos vivindo unha increíble proliferación de heterotopías e urbanismo heterotópico (de Cauter, 2001, p.126).

De Cauter entende así que a transformación de distritos urbanos en heterotopías sexa posiblemente un signo non só de xentificación, senón tamén un signo máis de capsularización: o centro histórico como enclave ou parque de atraccións. Ve o case excesivo énfase existente na actualidade por potenciar a *vida de rúa* —o que se podería asimilar como a *Mediterranización* de todas as cidades de Europa— como un sinal claro de que o centro histórico se está a converter nun parque temático (De Cauter, 2005).

Se, para De Cauter, o parque temático constitúe o expoñente definitivo do que el chama *urbanismo heterotópico*, o atrio posmoderno supón o paradigma da *arquitectura capsular*. Non se trata xa, como na arquitectura romana, dunha abertura que deixa entrar luz e ar no interior dun edificio, senón dunha simulación interior do espazo exterior: está, tal e como xa o caracterizara Koolhaas (1994), protexido contra a realidade. Ademais do atrio, a fortaleza converteuse nun popular modelo na arquitectura americana, feito que sobresaia na arquitectura de Morphosis, ao supoñer, moitas das súas vivendas, evidentes estetizacións de fortalezas, búnkeres ou calabozos. O urbanismo heterotópico e a arquitectura capsular son, de feito, as ferramentas dunha síntese aparentemente ininterrompida entre segregación e consumo. Canto máis o *non-lugar* e o *espazo de fluxos* se asumen como a dinámica espacial dominante, máis proliferarán o urbanismo heterotópico e a arquitectura capsular (de Cauter, 2001).





Morphosis. *Residencia Was*, 1988 e *Residencia Cohen* 1981

Fonte: **Morphosis** <<https://www.morphosis.com/>> [08/02/2018]

De Cauter define ás cápsulas como máquinas de simulación: dado que a lóxica da cápsula é a de excluír as adversidades dun ambiente hostil, a realidade no interior dunha cápsula poderá ser representada, segundo de Cauter, unicamente mediante pantallas que virtualicen ou simulen a realidade. Así, na opinión do autor, a sociedade do espectáculo que Guy Debord prevía en 1967 non alcanzou ata o de agora o seu momento de total prosperidade, feito que no momento Debord denominou como a *separación completada* entre a vida cotiá das persoas e as representacións. De Cauter (2001) quere, así mesmo, deixar claro no seu texto que a crítica á sociedade de consumo realizada por neo- e pos-marxistas, observa só dende dentro: “a hiperrealidade de Baudrillard existe só no interior da cápsula” (De Cauter, 2001, p.127). Os estraños, foráneos, o *cuarto mundo*, non habitan esta hiperealidade. De Cauter afirma que este tipo de criticismo alcanzou o seu límite unha vez a sociedade de consumo se transformou nunha sociedade capsular. Así, o auxe do *foráneo* non fará senón intensificar á lóxica do espectáculo e a simulación, e, desa maneira, canto máis indeseable se volve a realidade exterior, máis dominará a hiperrealidade o interior, a sociedade capsular.

A lóxica económica, sociolóxica e tecnolóxica únense no que Castells –na súa triloxía *A Era da Información* (1998, 2000, 2001), xa antes referida– chamou a *sociedade rede*, afirmando que o *espazo dos fluxos* supón agora a nova estrutura espacial dominante ao estar as actuais lóxicas do espazo cada vez máis desvinculadas do lugar. Nesa situación, De Cauter propón a cápsula como elo entre espazo e lugar. Nas lóxicas do extremo e a esaxeración (*hype*) asociadas ao avance da sociedade rede, existe unha tendencia a sobreenfatizar o fluxo, á adaptación, á integración... Sen embargo, De Cauter expón o feito de que isto posiblemente represente só unha parte da realidade na que a cápsula permanece oculta tras a rede, afirmando que non habitamos na rede, senón en cápsulas. Todas as redes funcionan mediante cápsulas –dende a rede de ferrocarril, rede viaria, ou rede de transporte aéreo, ata a rede de telefonía ou internet– e, dende esa perspectiva, poderíase redefinir o concepto de cápsula, postulando esta como idea xenérica para toda entidade pechada e conectada, onde a suma de cápsulas constitúe a rede (De Cauter, 2001).



Cedric Price, 1963-1966. Potteries Thinkbelt, Staffordshire.

Fonte: **The Canadian Centre for Architecture** <<https://www.cca.qc.ca/en/>> [14/02/2018]

A proposta de Cedric Price para a infraestrutura industrial, obsoleta e en desuso, de The Potteries, era transformala nun centro educativo. Coñecida como Potteries Thinkbelt, trataríase dun novo tipo de universidade, un campus descentralizado conformado non por edificios, senón por unha rede na que laboratorios e aulas circularían. Tomaríanse, como base, as liñas férreas preexistentes para transportar, dunha punta a outra do “territorio docente”, os distintos espazos educativos: aulas, bibliotecas, laboratorios ou unidades residenciais, combinaríanse segundo as necesidades do momento, agrupadas en densidades funcionais de temporalidade limitada.

Esta intervención ocuparía o triángulo formado por Pitts Hills, Madeley e Meir e integraría outros centros educativos existentes como a Universidade de Keele. The Potteries conectaríase á rede exterior de ferrocarril e ás redes viarias e aéreas a través de intercambiadores situados nos vértices do triángulo que conforma a planta.


Conecta, desta maneira, unha realidade local co problema nacional da ensinanza dentro do marco da realidade da terceira industrialización, xerando unha oportunidade potencialmente rica dunha realidade estéril.

Fonte: **Daryl Martín** <<https://discoversociety.org/2014/07/01/the-thinkbelt-the-university-that-never-was/>> [14/02/2018]

O postulado anterior confirma que non existe rede sen cápsulas, e que cantos máis enlaces existan nunha rede, máis cápsulas serán necesarias para conformala. Polo tanto, poderíase afirmar que *o grao de capsularización é directamente proporcional ao crecemento das redes*. De Cauter propón este axioma como a lei máis fundamental da capsularización, e supón a ampliación do que el declarou como primeira lei da capsularización, ao resultar evidente que excede a primeira formulación: *canto maior sexa a velocidade, tanto a física como a da información, máis necesario será para o home o uso de cápsulas*. A situación maniféstase de forma obvia na observación das redes de transporte: coches, trens e avións son cápsulas, e o son cada día máis; a transformación de tren convencional a tren de alta velocidade, e de coche a monovolumen, non fai senón acentuar o carácter capsular destes vehículos. Así, todas as redes precisan de cápsulas, enclaves ou envolturas: tanto nodos e centros de actividade, como terminais. A casa, entendida como *máquina de habitar*, pode ser definida como unha cápsula inmóbil. Así, tal e como expón de Cauter, a casa, na forma en que a entendemos hoxe, funciona só cando está conectada a toda clase de redes: rede de auga, electricidade, gas, teléfono, televisión por cable, internet, e por suposto, á rede viaria de tráfico rodado; son estas redes as que definen a vivenda contemporánea. Poderíase afirmar que, dende a perspectiva da rede a casa é, ao fin e ao cabo, un terminal conectado, unha cápsula. Trátase esta dunha condición que tendemos a percibir universal, sen embargo, de Cauter fai unha aclaración que resulta reveladora:

Un fogar desconectado resulta hoxe en día algo practicamente impensable, excepto polo feito de que esa é a realidade cotiá para a maior parte da poboación mundial, claro que nós nunca as chamariamos casas, senón chozas, cabanas, ou algo parecido (de Cauter, 2001, p.130).

Segundo de Cauter, poderíase idear todo un abano de novos espazos capsulares: o *cocoon* podería designar á vivenda capsular, a *envoltura* aos complexos independentes como aeroportos, centros comerciais e hoteis, e o *enclave* ao parque temático, á rúa comercial, ao gueto. Todos estes espazos, produto da tecnoloxía capsular e a sociedade dual, que requiren de arquitectura capsular e urbanismo heterotópico, conforman o que Jameson (1992) chama o *espazo da sociedade poscivil* (De Cauter, 2001).




François Dallegret, 1965. *Anatomy of a Dwelling*

Ilustración para o artigo *A home is not a house*, de **Reyner Banham**. Publicado en *Art in America* #2.

Fonte: Socks-Studio <<http://socks-studio.com/2011/10/31/francois-dallegret-and-reyner-banham-a-home-is-not-a-house-1965/>>

Artigo dispoñible en <<http://studio4postindustrial.files.wordpress.com/2011/04/banham-home-is-not-a-house-1.pdf>>

[consultado no 17/01/2018]



*Rural
Hipercartesiano*

Hans Hollein, 1964. *Aircraft Carrier City in Landscape.*

Fonte: MoMA <<https://www.moma.org/collection/works/636>>

[11/03/2018]

A tese defendida por Lieven de Cauter (2001; 2005) coincide plenamente co pensamento de Rem Koolhaas (2017) acerca da recente transformación sufrida pola sociedade. O feito, xa convertido en cliché, é que finalmente se alcanzou o punto en que a metade da poboación mundial vive agora en cidades. Tal e como afirma o autor, durante o último século, o esforzo intelectual realizado dende o ámbito da arquitectura estivo enfocado maioritariamente na cidade, dando lugar, incluso, á aparición recente de publicacións (como *The Endless City*, 2008) celebrando o punto de inflexión no que a condición urbana se converteu na condición dominante. Sen embargo, Koolhaas móstrase preocupado por un feito que aparentemente escapou á atención xeral: que máis do 50% da poboación mundial habite agora en condicións urbanas, na súa opinión, deriva nunha concentración da preocupación e a produción de coñecemento no ámbito practicamente exclusivo das cidades, obviando por completo o que se podería chamar *campo*, referíndose con isto a calquera cousa que aínda non é cidade. Así, a obsesión pola cidade provoca a distracción dunha transformación que, pese a ser pouco coñecida debido á escasa atención que recibe por parte do ámbito académico e intelectual, produciuse de forma moito máis radical e abstracta que a que puidera sufrir o ámbito urbano máis avanzado. De igual forma dá conta do feito do que xa advertira Lieven de Cauter e que escapou así mesmo á atención pública, aínda tratándose dun desenvolvemento que resultaría decisivo: as lóxicas da economía de mercado, que serven de motor para o desenvolvemento urbanístico máis alá da influencia que poidan exercer as ideoloxías ou intencións políticas, remataron por transformar non só a natureza da cidade, senón tamén a natureza da nosa civilización.

Segundo Koolhaas (2017), a condición máis importante que a economía de mercado impuxo sobre o conxunto da poboación, é a aversión global ao risco. Así, as situacións abertas, en que calquera resultado é posible, son cada vez máis escasas e infrecuentes. O carácter da sociedade actual non oculta o desexo de habitar unha paisaxe de inocencia forzada. O retrato do habitante típico da cidade contemporánea mostra o tipo de persoa convencida de que non vai experimentar ningún tipo de situación drástica, ilexítima ou perigosa. Na súa opinión, esta situación, extrapolada a calquera ámbito e proxectada a escala da cidade, é representativa do que ten acontecido no pasado recente.



Richard Serra, 1981. *Tilted Arc*. Federal Plaza, New York.

Fonte: **Frank Martin** / BIPs / Getty Images <<http://publicdelivery.org/richard-serra-tilted-arc/>>
[22/02/2018]

En 1981, Richard Serra realiza un xesto extremadamente agresivo ao cortar un espazo público en dúas partes: un muro de aceiro interfere a capacidade dos peóns, provocando unha situación esencialmente hostil. A sociedade do momento estaba absolutamente habituada a considerar ese tipo de xestos artísticos como algo completamente lexítimo, feito que, tal e como advirte Koolhaas (2017), xa non se dá. A arte despregada en espazos públicos evolucionou nos últimos tempos cara algo que el define como unha especie de *osiño de peluche*, “un obxecto fermoso e adorable co que todo o mundo quere facerse un *selfie*”. Esta situación, que en si mesma non suporía un problema serio, Koolhaas a entende como un reflexo da estendida adicción da sociedade contemporánea aos obxectos atractivos; ve como os valores herdados do período da Ilustración –liberdade, igualdade e fraternidade– están sendo sistematicamente substituídos polos valores de confort, seguridade e sustentabilidade; cualidades que, aínda non posuíndo en si mesmas carácter daniño, de chegar co tempo a representar as máximas preocupacións da sociedade, sería sintomático dunha situación que se podería considerar perigosa.



Jaume Plensa, 2004. *The Crown Fountain*. Millennium Park, Chicago.

Fonte: **Chicago Architecture Foundation**

<<http://www.architecture.org/architecture-chicago/buildings-of-chicago/building/millennium-park/>>

[13/04/2018]

O feito sobre o que Koolhaas quere xerar consciencia é que, a concentración do esforzo na cidade, a terminoloxía que se está a desenvolver para definir a forma de vida urbana e o desprazamento que, a través da economía de mercado, está a sufrir a escala de valores da sociedade contemporánea, forman parte dunha mesma cuestión que fai conveniente volver a atención cara os efectos que esa mesma economía de mercado está a causar no campo, aínda que sexa tan só polo potencial interese que posúe a exploración de novas condicións ou situacións. Un efecto subxacente desta situación é o feito de que as cidades hoxe tenden a converterse nunha acumulación do que Koolhaas chama “*places of cuteness*”, lugares dun *atractivo adorable* que se están a xerar, na súa opinión, a expensas do campo, organizando e transformando a súa tradicional morfoloxía de xeito extremadamente estruturado.

Só un dous por cento da superficie do planeta está ocupada por cidades, polo que se podería considerar o resto da superficie como *campo*. Este, xunto coa cidade, está, de forma crecente, sendo clasificado por unha especie de réxime invisible de protección e conservación. Non só existe a necesidade de establecer zonas de protección nas cidades, senón que cada vez máis áreas de campo están sendo declaradas reservas naturais de protección ecolóxica. AMO (*Cit. in Koolhaas, 2017*) estimou que, da superficie total do planeta, aproximadamente un 12% goza neste momento dalgún tipo de réxime de protección, o que implica que o mundo se encontra baixo unha situación de estraño desequilibrio, onde se forzou a paralización da parte protexida co obxecto de preservala de calquera cambio futuro, mentres que a superficie restante vive baixo o desasosego constante do cambio perpetuo.

O campo actuou, ao longo da historia, como un lenzo onde as ditaduras imaxinaban as súas propias utopías. Serviu de pantalla de proxección tanto da imaxinación ditatorial e autoritaria, tal e como aconteceu coa Colectivización agraria na Unión Soviética, como da imaxinación política das democracias, constituíndo o redeseño do campo europeo a consecuencia da creación do mercado común, un exemplo paradigmático; redeseño que non buscaba outra cousa que a reorganización eficiente do campo de forma que a cultura urbana aceptase a súa asimilación (Baigorri, 1995; Koolhaas, 2017).

Koolhaas comezou a interesarse polos cambios que estaba a experimentar o campo observando a transformación que estaba a sufrir a aldea suíza na que veraneaba dende había vinte anos. Primeiro, os cambios que cabía esperar, comúns ao que acontece no resto de Europa: abandono do campo, granxas transformadas en vivendas, e poboación local emigrando ás cidades; pero tamén transformacións máis radicais, como a paradoxal situación na que, a medida que diminúe a poboación do campo, aumenta a escala física do seu tecido residencial. Asemade, indica como a autenticidade do lugar, que conformaba a esencia mesma da vida no campo, está sendo substituída por un singular estilo de rehabilitación, “moi discreto, case que minimalista, onde simplemente a enorme cantidade de almofadas [usadas para decorar] é indicadora do agónico sobrehedonismo que acompaña á xentrificación” (Koolhaas, 2015).

A documentación diaria destes cambios, puxo de manifesto para Koolhaas o feito de que a poboación que hoxe se ocupa da actividade agrícola no campo suízo trátase, en realidade, dunha inmigración, non demasiado ben documentada, que presenta un amplo e heteroxéneo espectro. Esta situación non é senón outra evidencia de que os profundos cambios que transformaron a vida na cidade afectaron tamén a vida do que tradicionalmente era denominado como *espazo rural*; un tipo de vida baseado na lóxica do autoabastecemento, aínda que extremadamente organizada, case ritualista e sumamente codificada, que nos últimos tempos foi substituída por un tipo de poboación que resulta implacablemente informal, cunha alta porcentaxe de poboación non local, e que representa, en todos os sentidos, o tipo de poboación urbana do espazo de fluxos característica do momento presente. A tese subxacente na teoría de Koolhaas indica que, aínda que é certo que a cidade se transformou de maneira ostensible, o feito é que a transformación que sufriu o campo foi moito máis extrema, véndose na obriga de buscar formas de adaptación moito máis radicais:

O campo representa hoxe a vangarda da transformación. Un mundo anteriormente gobernado polas estacións e a estrutura agrícola, hoxe convertido nunha mestura tóxica de enxeñaría xenética, ciencia, nostalgia industrial, inmigración estacional, compra compulsiva de territorio, subvencións masivas, residencia estacional, incentivos fiscais, inversión, tormenta política, información dixital, agricultura flexible, homoxeneización de especies... noutras palabras, máis volátil que a cidade máis acelerada... (Koolhaas, 2015).

O feito é que vivimos agora na Idade Microelectrónica e, segundo Koolhaas (2015, 2017) é posible que a revolución dixital tivera maior repercusión no campo que nas cidades. Unha das causas pódese encontrar na ubicuidade dos medios de observación e a súa crecente sofisticación, onde o imparable aumento da resolución da imaxe dixital e os progresos na interpretación do espectro de luz, dan pé á aparición de novas formas de análise que resultan enormemente valiosas no ámbito agropecuario. Isto implica que o sector da agricultura estea cada vez máis inmerso no eido dixital, onde cada centímetro cadrado de terreo cultivado pode agora ser analizado para coñecer en tempo real as necesidades de cada parcela. Así, o cultivo da terra converteuse agora nunha práctica dixital. O tractor que revolucionara as granxas do século XIX é, neste momento, unha auténtica estación de traballo computerizada, repleta de dispositivos e sensores que conforman unha interface dixital continua, aínda que independente, entre operador e terreo. As novas formas de produción agrícola dixitalizan o terreo en pequenos fragmentos para os que un programa informático determina o tratamento preciso. En definitiva, a agricultura é agora un traballo extremadamente tecnolóxico.

Aínda conservamos unha visión nostálgica e naïf do campo como un territorio primitivo, rústico e verde; sen embargo, a realidade é que o campo está a acontecer nas pantallas de ordenador, nunha maneira extremadamente programada nunca vista ata o momento. Koolhaas (2015) chega a afirmar que o campo está incluso máis dixitalizado que a meirande parte da nosa cultura urbana, simplemente polo feito de que é máis sinxelo dixitalizalo na súa totalidade. O crecente uso de novas tecnoloxías na agricultura, a fai cada vez máis susceptible de formar parte da *internet das cousas*; o novo vocabulario da actividade agrícola –agricultura de precisión, inspección, vixilancia aérea...– está formado por palabras antes asociadas á civilización urbana e cuxo uso desenfreado está, non obstante, moito máis desenvolvido no campo. Desa forma, o campo, en termos de como é xestionada a súa actividade, funciona de forma cada vez máis similar á cidade; o granxeiro converteuse nun traballador flexible capaz de exercer a súa actividade a través dun ordenador portátil dende calquera posible lugar; está sometido ás mesmas forzas da economía de mercado que domina ás cidades.



Tecnoloxía agropecuaria.

Fonte: Busca de imaxes en google.

Pequenas empresas emerxentes, moitas delas vinculadas a Silicon Valley (Harris Geospatial, PrecisionHawk, etc.), levan xa anos producindo tecnoloxía agropecuaria, pero quizais máis sorprendente resulta o feito de que grandes empresas, antes vinculadas á fabricación de produtos e compoñentes electrónicos, como Panasonic, Toshiba ou Fujitsu, comeceen a mostrar interese pola agricultura artificial, usando as súas antigas instalacións para producir cultivos no medio urbano renunciando ao uso de terra vexetal, feito que supón a superación definitiva da noción estendida da terra como elemento necesario e imprescindible para a práctica do cultivo. Igualmente sorprendente resulta a escala que está a alcanzar o fenomenal grao de automatización das actividades relativas á práctica gandeira, onde incluso a limpeza dos cortellos é xa un proceso robotizado; as granxas aloxan unha agora emblemática oficina dende a que alguén, tras unha pantalla, controla e dirixe toda a actividade, extremando así a eficiencia de cada proceso.

Desta maneira, estase impondo hoxe no campo unha orde de rigor *hipercartesiano* que posibilita que o romanticismo e a arbitrariedade asociadas antes ao campo, sexan cualidades agora reservadas ao ámbito das cidades. Os patróns dos territorios están sendo radicalmente transformados, de forma que neste momento resulta patente que o campo, tradicionalmente asociado á presenza de formas naturais e orgánicas, está a ser deseñado con cada vez máis intensidade, estase a volver cada vez máis xeométrico, producindo un novo tipo de paisaxe asociada aos desenvolvementos rurais. O feito que para Koolhaas resulta máis impactante, é que o campo está novamente a ser tratado como un enorme lenzo onde case calquera forma de actividade organizada, pero incompatible coa vida urbana ou coa cidade, se está a estender, provocando consecuencias tanto positivas como negativas; enormes obxectos antinaturais que se están vendo forzados a ocupar o campo, ou mesmo elixindo instalarse alí (Koolhaas, 2015).



Koppert Cress, 2014. *Invernadoiro de luz vermella LED para o cultivo de leitugas*. Monster, Holanda.

Fonte: **Oreon** <<http://www.oreon-led.com/en/projects.html>>

[14/04/2018]



(Esquerda) **Panasonic**, 2014. *Granxa vertical na planta de Singapur*.

Fonte: **Business Insider** <<http://www.businessinsider.com/panasonic-indoor-farm-photos-2017-2>>

[14/04/2018]

(Dereita) **Toshiba**, 2014. *Cultivos en sala branca na planta de Yokosuka, Xapón*.

Fonte: **Geek** <<https://www.geek.com/news/toshibas-old-floppy-disk-factory-grows-lettuce-that-doesnt-need-washing-1609617/>>

[14/04/2018]



Nasa, 2001. *Patróns agrícolas.*

Fonte: **Earth Observatory** <<https://earthobservatory.nasa.gov/IOTD/view.php?id=6605>>

[14/04/2018]

Ao redor do mundo, as prácticas agrícolas desenvolvéronse en función da topografía, do tipo de terra, tipo de cultivo, índice pluviométrico, e da tradición. Esta montaxe de seis imaxes, tomadas polo sensor radiómetro orbital avanzado de emisión e reflexión térmica (ASTER) do satélite Terra da Nasa, mostra as diferencias en xeometría e tamaño dos campos de cultivo de diferentes partes do mundo.

Fonte: **Earth Observatory**

Para Koolhaas, quizais o único lugar onde existan precedentes dun fenómeno de organización do territorio a semellante escala, sexa na historia do *Land Art* onde, a observación de instalacións como a *Spiral Jetty* (1970) de Robert Smithson ou o *Lightning Field* (1977) de Walter de Maria, revela un desexo similar por establecer unha orde forzada no medio natural. Nun acercamento máis arquitectónico, a *City*, que Michael Heizer comezou a construír en 1972 en Nevada, –aínda en construción– busca situacións análogas á condición urbana no medio natural a unha escala realmente extraordinaria; incluso en termos estéticos, resulta realmente sorprendente o grado de similitude que alcanzou con respecto ás actuais realidades emerxentes no *campo industrializado*.

O feito é que, con cada vez máis intensidade, o campo está a actuar como polo de atracción para que empresas, cun espírito basicamente urbano, establezan, no medio natural, edificacións cunha escala de proporcións colosais, e que serven de centros lóxicos, xiga-factorías, ou granxas de servidores que presentan como principal característica a case nula necesidade de presenza humana para garantir o seu funcionamento. Na opinión de Koolhaas (2015), estas edificacións representan un tipo de arquitectura, extremadamente radical, codificado e abstracto, “para a que ninguén está preparado”, onde os poucos indicios de escala humana carecen de calquera intención de facilitar a comunicación ou interacción persoal. Para el, este representa un momento de inflexión na historia da arquitectura:

Enfrontámonos coa cuestión de cal é agora a relación entre arquitectura e ser humano. Operamos aínda como se traballásemos en nome da humanidade, promovendo a interacción humana, pero o que realmente debemos asimilar, e para o cal debemos, quizais, encontrar un novo tipo de linguaxe, é un tipo de réxime totalmente diferente onde o home xa non é o tipo de persoa benevolente na busca de relacións sociais e interacción humana, senón ao contrario, un mero supervisor de procesos. Nesa desolación, os seres humanos son agora sospeitosos habitantes deses complexos, ao resultar susceptibles de perturbar a perfección que requiren as máquinas. (Koolhaas, 2017)

Koolhaas advirte da necesidade non só de aceptar, senón de aproveitar as novas oportunidades que pode xerar semellante transformación. Na súa opinión, á obsesión da sociedade polo confort fixo que esta evitase, con cada vez máis enerxía, as emocións e as estéticas extremas:

Volvémonos adictos ao beixe, e aquí non hai razón para o beixe; temos a oportunidade de aproveitar as situacións de oposición rigorosa e contraste extremo; unha condición absolutamente nova do sublime na que nós, os seres humanos, somos case redundantes (Koolhaas, 2017).



Walter de Maria, 1977. *Lightning Field*. New Mexico.

Fonte: **Issole** <http://issole.blogspot.com.es/2010/11/lightning-field-walter-de-maria_17.html>

[13/04/2018]



Robert Smithson, 1970. *Spiral Jetty*. Utah.

Fonte: **Metalocus** <<https://www.metalocus.es/es/noticias/spiral-jetty-nombrada-obra-de-arte-estatal-oficial-por-el-estado-de-utah>>

[13/04/2018]



Michael Heizer, 1972. *City*. Nevada.

Fonte: **Double Negative** <<http://doublenegative.tarasen.net/city/>>


[13/04/2018]



Switch Citadel Campus, 2017. Granxa de servidores *Tahoe Reno 1*. Tahoe-Reno Industrial Centre, Nevada.

Fonte: **Switch** <<https://www.switch.com/tahoe-reno/>>

[13/04/2018]



Next Generation Data (NGD), 2008. Granxa de servidores. Newport, Gales.

Fonte: **NGD** <<https://www.nextgenerationdata.co.uk/>>

[13/04/2018]





Tesla Gigafactory, 2016. Tahoe-Reno Industrial Centre, Nevada.

Fonte: **Tesla** <<https://www.tesla.com/gigafactory>>

[13/04/2018]

TESLA GIGAFACTORY, SPARKS, NEVADA





Wim Wenders, 1987. *Wings of Desire*. (Ceo sobre Berlín) Fotograma.

Capítulo III

[COTOBADA] *FENOMENOLOXÍA DUNHA PAISAXE MARXINAL*



Wim Wenders, 1987. *Wings of Desire*. (Ceo sobre Berlín) Fotograma.

De cidades a sistemas urbanos.

Cotobade non foi alleo aos intensos procesos de transformación que caracterizaron a historia recente. Trátase dun territorio aínda hoxe marcado pola fonda pegada que deixaron séculos dunha forma de vida baseada na agricultura, a gandería e o uso intensivo da terra. Un territorio cuxos primeiros asentamentos humanos permanentes datan da Idade do Ferro (existen en Cotobade once asentamentos castrexos coñecidos), adquire unidade lingüística durante a romanización, e a actual matriz parroquial na Baixa Idade Media (Fortes, 2017); unha estrutura social e organización territorial premodernas que continuaron vixentes ate a última metade do século XX; unha forma de vida que acadaría en Cotobade o momento de máximo esplendor demográfico no século XVIII (provocado pola expansión do cultivo do millo), e a máxima extensión de territorio cultivado durante a década dos anos corenta do século XX (Fortes, 2015, 2017).

A partir dese momento, o historiador Xosé Fortes (2017) reconece unha serie de feitos que iniciarían o declive da forma de vida tradicional e premoderna que caracterizara o territorio de Cotobade ao longo da súa historia: primeiro, a finais dos anos corenta, a chegada do trigo arxentino e a supresión do racionamento, que se iniciara no período da posguerra, traen como consecuencia unha baixada de prezos dos produtos agrogandeiros. Unido a isto, iníciase no 1951 unha repoboación forestal que impediría o pastoreo nos montes comunais, o que, segundo o autor, obrigaría a reducir drasticamente o número de reses e a desfacerse do gando miúdo. Isto, acompañado do feito de que a rendibilidade forestal apenas cubriu custes

–nos montes situados a cotas máis altas, foi incluso nula– provocaría o primeiro éxodo masivo de cotobadeses cara América. Un éxodo que continuaría nos anos sesenta, aínda que substituído pola emigración europea que, a diferenza da americana, xa non inviste no seu lugar de orixe, adquirindo en cambio, á súa volta, propiedades nas principais cidades na busca de empregos urbanos e un futuro máis prometedor (Fortes, 2017).

A análise que Xosé Fortes realiza na súa obra *Cotobade, claves dunha historia rural* (2017), arroxa unhas conclusións quizais excesivamente románticas e cargadas de nostalgia que coinciden, non obstante, cun discurso xeneralizado e plenamente estendido que só ve nas actividades primarias o único futuro posible para os territorios rurais [sic], propoñendo políticas e declaracións estrañas –como é a cuestión da repoboación do rural– que, tal e como indica Juan Luis Dalda (2009), non son serias dende o punto de vista da súa viabilidade. Así mesmo, o texto de Fortes non acerta a recoñecer, na historia recente de Cotobade, unha pauta que non se presenta como un feito anómalo ou illado, senón como a transformación global do fenómeno do asentamento humano e a mutación das lóxicas de urbanización que, con maior ou menor intensidade, afectaron a toda Europa e implicaron a plena expansión da condición urbana na totalidade do seu territorio (Choay, 2004; Indovina, 2004; Sieverts, 2003).

O crecemento urbano sen precedentes e os cambios socioeconómicos que tiveron lugar durante a segunda metade do século XX –que terían lugar en Galicia de forma tardía, resultando máis intensos durante as décadas dos setenta e oitenta– produciron unha mutación do modelo de asentamentos nun contexto de organización espacial extremadamente complexo no que cada vez resulta máis difícil establecer un criterio fiable para definir onde remata o espazo urbano e comezan outras formas de ocupación do territorio (Zoido et al., 2000). Un proceso de mutación que se desenvolveu ao longo dun século no que se intensificaría gradualmente a concentración da poboación nas cidades –en detrimento das áreas rurais– e que culminaría coa consolidación da hexemonía urbana e a desaparición da cidade tradicional (Choay, 2004).

Eses procesos de concentración urbana, tal e como indica Michael Pacione (2001, *Cit. in* García Docampo, 2014), están asociados aos crecementos das coroas que se deron na maioría de principais cidades, o que provocou unha certa confusión, ao entenderse isto como parte do fenómeno de desconcentración. Sen embargo, García Docampo (2014) sinala que é preciso diferenciar ambos fenómenos, dado que a desconcentración require o decrecemento da cidade central e a expulsión de parte dos seus efectivos cara a súa contorna.

Ata os anos setenta do século XX, as cidades españolas exerceran unha atracción demográfica centrípeta cara elas. Nese momento, o cambio faise perceptible cando o volume de poboación das cidades compactas tradicionais evidencia síntomas de estancamento e mesmo se ve claramente reducido, ao tempo que novas áreas de menor volume comezan a liderar o crecemento demográfico, a absorber actividades terciarias e a crear postos de traballo (Dalda, 2009). Un fenómeno que se iniciara en Estados Unidos coa suburbanización das clases medias nos anos cincuenta e que se fixo tamén evidente, aínda que con posterioridade e connotacións propias, nas cidades europeas, onde as nocións de *cidade difusa* (Indovina, 1994) e *cidade dispersa* (Monclús, 1998) identificaban as novas pautas de asentamento urbano que supuxeron a disolución da cidade compacta tradicional pola ocupación discontinua do territorio.

Lonxe de se tratar dun fenómeno que afecte exclusivamente ás grandes cidades de maior rango xerárquico, estudos realizados a finais dos anos noventa (p. ex. Champion, 1998), que analizan as dinámicas das cidades medias fora do espazo metropolitano, conclúen que esas cidades e as súas áreas tenden cara a progresiva urbanización do territorio, asumindo unha función residencial antes reservada ás cidades. Estudos similares realizados para o caso de cidades de tipo medio en España –como o que analiza comparativamente cidades medias catalanas non metropolitanas (Mòdol, 2001), ou outros centrados noutras cidades como Santiago de Compostela (Ferrás, 1996) e Burgos (Andrés e Molina de la Torre, 2000)– detectan procesos do mesmo xénero –e que ata tempos recentes asumíanse como exclusivamente metropolitanos– que mostran que o modelo derivado dos procesos de crecemento dos anos cincuenta, e que supuxo a absorción da poboación rural polos núcleos capitais, foi aparentemente substituído ou, polo menos, coexiste, con un proceso de desconcentración de poboación cara áreas das súas contornas (Mallarach e Vilasagra, 2002).

Trátase dun fenómeno que, en Galicia, arrastrando un atraso histórico no proceso de concentración, aparece de maneira tardía, constatándose de forma máis clara na década dos noventa nas contornas das principais cidades –e de maneira especialmente notable nos casos de Vigo e A Coruña– e que ven unido á circunstancia da existencia dunha estrutura previa de asentamentos tremendamente dispersa, dando lugar a un estenso espallamento da edificación repartida entre núcleos de modo diseminado (Dalda et al., 2005).

Os cambios recentes da dinámica demográfica galega virán entón explicados por unha fase inicial na que as pautas de reasentamento poboacional concentran o crecemento en determinadas zonas xeográficas, e o fan a costa da perda demográfica que ten lugar en amplas zonas do interior, seguida dunha fase de desconcentración urbana –xa nítida na segunda metade da década dos noventa– na que comezan a medrar máis as periferias que as cidades centrais (Dalda, 2009). Nese momento, a práctica totalidade dos municipios máis dinámicos –Dalda e García Docampo consideran así aos concellos que presentan unha taxa de crecemento medio anual por riba do 2%– aparecen localizados na contorna das sete cidades principais do sistema urbano galego (A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago e Vigo). Tal e como afirman Dalda (2009) e García Docampo (2014), se ben os procesos máis intensos teñen lugar nas contornas dinámicas de A Coruña e Vigo, todas as outras cidades mostran ao seu redor procesos expansivos que seguen unha pauta segundo a cal, canto máis próximo está o municipio periférico da cidade central, maiores son as súas taxas de crecemento. A identificación destes municipios permite, segundo García Docampo (2014), recoñecer unha segunda coroa de concellos próximos cun dinamismo, aínda que máis tenue, claramente positivo; e mesmo unha terceira coroa que presenta taxas de crecemento positivas, non obstante inferiores ao 1%.

Desa maneira, poderíase definir a evolución do sistema urbano galego segundo as análises realizadas por Dalda (Dalda et al., 2005; Dalda, 2009), como un proceso que, partindo dun desenvolvemento do seu sistema de cidades, muda radicalmente a partir dos anos noventa do século XX, década na que o territorio interior agrario decae –dende o punto vista demográfico– de maneira extraordinaria e irreversible, mostrando contraccións anuais do 2% que, combinadas co envellecemento da poboación, supoñen, nesa década,

decrecementos superiores ao 20%. Ao mesmo tempo, os sistemas urbanos principais (Coruña–Ferrol e Vigo–Pontevedra) experimentan un aumento da súa poboación: mentres as cidades centrais decaen demograficamente, as súas periferias medran harmonicamente por riba do 20%. De igual forma medran as cidades interiores (Lugo e Ourense), pero tamén o fan, e de forma significativa, moitos pequenos enclaves que conforman os elementos do sistema urbano menor ou intermedio (Lalín, A estrada, Monforte...), o que evidencia un dinamismo, aínda que tenue, da Galicia interior que compensa, en certa medida, a caída demográfica da Galicia *rural*.

Nos territorios que decaen non existe outra actividade económica que a agricultura. Para definilos, García Docampo (Dalda et al., 2005) crea o concepto de *territorios desactivados*, que cualifica certos ámbitos que carecen de calquera tipo de capacidade de rexeneración demográfica e que viven exclusivamente de subsidios. Esta condición fai que estes espazos posúan niveis de renda per cápita similares aos existentes en lugares situados en áreas dinámicas. De feito, na actualidade, os niveis de pobreza máis acusados de Galicia non se dan nas áreas decadentes de tradición exclusivamente rural, senón nas periferias das cidades, “calquera que estas sexan e onde queira que estean as poboacións vinculadas á produción económica das principais cidades” (Dalda, 2009).

A actual estrutura urbana galega quedaría así definida por un corredor principal conformado polos sistemas do *Eixo Atlántico*, dous sistemas interiores que posúen unha importante masa crítica –os formados por Lugo e Ourense– ademais dun importante corredor que parte de Santiago cara Ourense internándose na meseta por Valdeorras, potenciado pola construción da autoestrada que une as dúas cidades, así como pola entrada en funcionamento do ferrocarril de alta velocidade. Desa maneira, dependendo de como se articulen as relacións entre estas dúas cidades interiores e as súas vilas, e como algunha destas vilas comece a adquirir un papel máis influente, polo menos en canto a equipamentos, explicará, segundo Dalda (2009), cal ha de ser o futuro da Galicia interior que, dende o punto de vista do crecemento dos servizos, non só non decae, senón que está inmersa nun proceso dinámico de crecemento. Na súa opinión, é verdade que nos encontramos ante un patrón dunha Galicia de dúas velocidades; unha Galicia onde o interior está desequilibrado respecto ao sistema


urbano, pero non dunha Galicia que está a desaparecer, senón que segue pautas de transformación demográfica que son previsibles no marco dunha sociedade que posuía un excedente de poboación rural, e mantén aínda un excedente nominal de poboación vinculada ás actividades primarias que non é sustentable, salvo que as políticas primarias sexan políticas de alto valor engadido (tecnoloxía, servizos, medio ambiente, turismo...).

Historicamente Galicia posuía un poboamento rural bastante denso, feito que facilitou unha transición natural cara sistemas urbanos complexos (Dalda et al., 2005). Así, os novos ámbitos urbanos non están xa delimitados por ámbitos administrativos, senón que obedecen a ámbitos morfolóxicos que, carecendo de límite, desbordan a área tradicional da cidade compacta, onde o crecemento suburbano adquire formas de urbanización de baixa densidade que se complementa e, dende o punto de vista dos usuarios e as funcións que estes desenvolven, produce formas de cidade que non son estrañas dentro do ámbito europeo. A cidade difusa estruturase sobre a nucleación rural tradicional e a fai mutar, pero, tal e como afirma Dalda, non ten que ver co disperso en forma de *sprawl*. É necesario distinguir entre o difuso, unha forma de urbanización non compacta e non tan continua e densa, e o disperso, que supón a ocupación indiscriminada do territorio por casas que se dá de forma “canceríxena” por toda Galicia, incluso nas áreas metropolitanas (Dalda, 2009).

Polo tanto, se ben as cidades compactas tradicionais continúan a ser o referente interpretativo fundamental do conxunto do sistema territorial galego, estas están, sen embargo, a desenvolver un efecto de expansión urbana cara ámbitos espaciais de herdanza convencionalmente entendida coma *rural*. As cidades interiores evolucionan, dende o punto de vista inmobiliario e demográfico, tanto ou máis que as cidades do litoral. Non é verdade, por tanto, ese lamento do interior baseado nunha crenza popular amplamente estendida de que todo fica nas provincias atlánticas, como tampouco é verdade que o que existe máis alá das cidades sexa un mundo *rural*. En palabras de Dalda (2009), “aquí pasan máis cousas”.



Escalas [XL]




1:2.500.000 Europa, 2011. Densidade de poboación baseada na malla de poboación de GEOSTAT

Fonte: Elaboración propia. Obra derivada de JRC, EUROSTAT, GEOSTAT POPULATION GRID 2011

Densidade de poboación (Hab./Km²)

- Deshabitado
- 1 – 4
- 5– 19
- 20– 199
- 200– 499
- 500– 5000
- > 5.000 Hab./Km²
- Datos non dispoñibles




1:2.500.000 Europa, 2011. Densidade de poboación por rexións NUTS 3

Fonte: Elaboración propia partindo de datos de EUROSTAT

Densidade de poboación (Hab./Km²)

- <=50
- 50 – 100
- 100 – 135
- 135 – 170
- 170 – 500
- > 500 Hab./Km²
- Datos non dispoñibles



1:1.500.000 NW Peninsular
Corine Land Cover 2006

Fonte: elaboración propia. Obra derivada de Corine Land Cover <land.copernicus.eu>

0 30 60 120 km

- | | |
|---|---|
| ■ Tecido Urbano Continuo | — Rede viaria principal |
| ■ Tecido Urbano Disontinuo | ■ Limite administrativo de Cotobade |
| ■ Áreas Industriais ou Comerciais | |
| ■ Áreas Urbanas | |





Wim Wenders, 1987. *Wings of Desire*. (Ceo sobre Berlín) Fotograma.

O mundo baixo as sete cidades

Aínda hoxe é habitual en Galicia referirse a aquilo que non supón cidade compacta tradicional como *o rural*; un espazo, na opinión xeneralizada, intimamente vinculado a formas de vida premodernas e tradicionais e á produción agropecuaria. Cotobade non presenta unha excepción cando, de forma habitual, se emprega a fórmula de *caracteristicamente rural* para definir o seu territorio; un territorio que, sen embargo, só evidencia síntomas falidos da radical transformación e a evolución tecnolóxica sen precedentes que experimentaron as formas de explotación agrogandeira que culminarían coa aparición das novas paisaxes *hipercartesianas* (Koolhaas, 2015; 2017) que de ningunha maneira se poden asociar á paisaxe que hoxe mostra o territorio de Cotobade, así como tampouco é posible cualificar a forma de vida de quen hoxe habita o seu territorio como de *tradicional* ou *premoderna*. Continuamos a usar termos obsoletos para denominar novas situacións que en absoluto se corresponden co carácter que eses termos encerran; tal e como indica Françoise Choay, citando a Marc Bloch, “os homes non acostuman a cambiar de vocabulario cada vez que mudan de hábitos” (Bloch, 1974, *cit. in* Choay, 2004, p.62)

Faise así necesario afondar no concepto de *rural* que xa se tratou anteriormente a través do pensamento de Manuel Delgado a propósito do *hipermodernismo*. Así, atendendo a Álvaro Domingues (2011), o problema da construción cultural da ruralidade consiste, como afirmaban Gilles Lipovetsky e Jean Serroy referíndose á *Cultura-Mundo* (2010), na

erosión dos encadramentos convencionais que definían e posicionaban dicotomías históricas. A hipermodernidade móstrase diferente do esquema simple da modernidade e das súas racionalizacións universais:

Máis alá do papel compresor dunha globalización produtora de xenéricos hexemónicos (...) difundidos polas principais máquinas produtoras de referencias culturais (...), asistimos tamén á fragmentación e ao exacerbamento de localismos, de mestizaxes e fusións (...), a unha fascinación cara todo o que sexa novidade e que sorprenda, a pesar do prazo curto e da obsolescencia. O legado rural –real ou inventado, non interesa demasiado– entra nesta poderosa máquina e aliméntase de todo o que ten a man (Domingues, 2011, p.139).

O acercamento de Álvaro Domingues cara a idea de *rural* contrasta enormemente coa maneira en que de forma cotiá se emprega o vocábulo, tanto no ámbito público, como no político-administrativo, feito que só pode ser explicado pola inercia histórica que arrastra o seu uso Incluso o Dicionario da Real Academia Galega¹ arroxa a seguinte definición: “Relativo ou pertencente ao campo e á súa vida e manifestacións, por oposición á cidade.” Esta definición concorda co punto de vista máis estendido no imaxinario colectivo que vincula o concepto de *rural* ao campo –e á produción agraria en particular– establecendo o seu carácter en oposición ao feito urbano. Trátase, sen embargo, dunha definición que reflicte o feito de que a evolución que tivo lugar en pouco máis dun século non foi algo banal, “senón unha mutación, enmascarada pola permanencia das palabras e dos topónimos” (Choay, 2004, p.61)

Tal e como expoñen Barreiro e Blanco (2012, p.21):

A dicotomía rural–urbano, herdada do mundo clásico a través de sucesivas adaptacións aos procesos da civilización, é, ante todo, unha división cultural, ou, se queremos ser máis exactos, unha referencia ao diferente nivel de socialización alcanzado polos colectivos que integran ambos mundos. Que o rural se identificara máis tarde co contexto agrario, ou coa práctica profesional da agricultura, é unha consecuencia obvia da masiva ocupación da poboación rural na agricultura, pero en modo algún explica o significado profundo desta división social que, con moi importantes cambios, durou en esencia até os nosos días.

¹ Consultado en liña no 15/06/2018

Segundo indican os mesmos autores, o feito urbano, vinculado ao concepto clásico de cidade decimonónica, ten a orixe do seu significado na *polis* grega e na *civitas* romana, facendo referencia ao hábitat estruturado e concentrado cuxos integrantes teñen a experiencia da sociedade orgánica –xerarquizada e interdependente– e coñecen o valor e a esencia do ámbito público, tanto na súa dimensión espacial como en calquera outra dimensión relacional na que se desenvolve e potencia a vida en común. Da *polis* deriva tamén a política como forma de administración de ámbitos comúns e integración dos conflitos que a sociedade poida xerar. Pola contra, o rural supoñía un espazo socialmente menos estruturado e representado fundamentalmente por colectivos dispersos nos que a ausencia da experiencia das relacións orgánicas determinou unha menor atención aos valores e actividades vinculadas aos ámbitos público, institucional e social propios da modernidade. Así, podería dicirse que, tanto para os gregos e romanos como para os modelos de sociedade occidental anteriores ao século XVIII, o rural era propio de “colectivos menos evolucionados, aos que lles era practicamente imposible coñecer, experimentar e practicar o conxunto de relacións orgánicas nas que era accesible e necesario o máximo nivel de conciencia cidadá.” (Barreiro e Blanco, 2012, p.21)

De maneira similar, Françoise Choay (2004) explica como aínda hoxe, na linguaxe habitual, *cidade* continua designando “o lugar ou soporte estático dunha tripla comunicación que abrangue o intercambio de bens, informacións e afectos, [permanecendo concibida como a unión indisoluble da *urbs* romana (o territorio físico da cidade) e a *civitas* (a comunidade que a habita), o que implica] (...) a pertenza recíproca entre unha poboación e unha entidade espacial discreta e fixa” (Choay, 2004, p.62). Sen embargo, a maneira en que evolucionaron as formas de asentamento a partir da revolución industrial remataron por “desgastar” esa asociación histórica. Por outro lado, a *vila* designaba en latín a un asentamento rural autárquico; un elemento que era o que habitualmente constituía o núcleo das cidades medievais. Isto, para Choay, subliña a pertenza da cidade europea preindustrial ao campo, asociación que, unha vez máis, a revolución industrial deteriorou, destruindo finalmente a relación de complementariedade que unía a cidade ao campo, abrindo a coñecida diferenza entre ambos que, nas súas palabras, “segundo Marx, o comunismo debería suprimir”. Sen embargo, tal e como Choay continua explicando:

(...) non foi gracias a unha revolución social, senón a unha evolución técnica, como se iniciou a supresión desta diferenza (...) o proceso continúa e tende a eliminar, en proveito dunha entidade que xa non é nin cidade nin campo, os dous termos que, lóxica e fenomenoloxicamente existían o un polo outro. (Choay, 2004, p.63)

François Ascher (2007) aporta na súa obra *Os novos principios do urbanismo*, unha definición tan breve como precisa do que para el supón o concepto de cidade, e que describe como “agrupacións de poboacións que non producen por si mesmas os medios para a súa subsistencia” (Ascher, 2007, p.19). Esta definición entronca coa tradicional percepción do rural que o vincula á produción agraria e a autosuficiencia. Sen embargo, tal e como indica Artemio Baigorri (1995, p. 2), “dende que a sociedade industrial se definiu como un proceso civilizatorio, un de cuxos elementos fundamentais foi a urbanización, o rural nunca se definiu, quedando como residuo *do-que-aínda-non-é-urbano*.”

Tanto no imaxinario colectivo da poboación galega coma nos seus ámbitos políticos existe a idea estendida de que todo o que hai máis alá das *ciudades* é un territorio rústico; non hai reparo en definir Galicia como un país *caracteristicamente rural*. Tal afirmación está intimamente asociada ao modelo cultural e á estrutura económica da sociedade agraria tradicional que até tempos recentes predominaba no seu territorio. Sen embargo, ao afondar na idea de rural e o que tradicionalmente se entende como tal, fanse evidentes, segundo Sancho e Reinoso (2012), catro características comúns: primeiro, unha baixa densidade de poboación, determinada historicamente pola capacidade de explotación de recursos locais; en segundo lugar, a importancia da actividade agraria que, segundo afirman estes autores, aínda hoxe constitúe o punto sobre o cal se articula maioritariamente a economía das comarcas rurais; en terceiro lugar, a forte relación entre a poboación e o medio natural que os rodea e que acaba por determinar as actividades económicas, a forma das súas construcións, os costumes e rituais, en definitiva, a súa cultura; e en cuarto lugar, as fortes relacións sociais que se establecen entre os seus habitantes, marcadas por pertencer a unha colectividade relativamente estable e de reducido tamaño. Trátase dun conxunto de características que coinciden plenamente coas que propón João Ferrão (2000, *Cit. in* Domingues, 2011, p.146) a propósito da mesma idea e que definen un territorio rural:

- Unha función principal: A produción de alimentos;
- Unha actividade económica dominante: a agricultura;
- Un grupo social de referencia: a familia campesiña, con modos de vida, valores e comportamentos propios;

- Un tipo de paisaxe que reflicte a conquista de equilibrios entre as características naturais e o tipo de actividades humanas desenvolvidas.

Na actualidade, cualificar un territorio como rural atendendo a estas características resulta extremadamente difícil, xa que non consegue establecer indicadores cuantitativos xerais que definan o territorio de forma efectiva. Así, baixo a necesidade de caracterizar o territorio e cuantificar o grao de urbanización dos concellos, as distintas administracións, institucións e organismos nacionais e internacionais –como é o caso da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE), a Oficina de Estatística da Unión Europea (EUROSTAT), ou o Instituto Galego de Estatística (IGE)– víronse na obriga de adoptar criterios propios para delimitar o que eles consideran como *espazo rural*, un tipo de espazo asociado ao que EUROSTAT entende por *grao de urbanización*, definíndoo como “o tipo de localidade na que reside un individuo segundo o seu carácter urbano ou rural”².

Sen embargo, os criterios que adoptaron para establecer unha clasificación de urbano e rural baséanse fundamentalmente en criterios de densidade demográfica e, nalgún caso, simple volume demográfico, o que produciu mapas moi diverxentes entre si e que non representan a realidade da estrutura territorial de Galicia. Ao tomar o concello como célula básica do sistema institucional –trátase da administración de menor entidade, xa que a parroquia en Galicia nunca obtivo oficialmente carácter administrativo, a pesar de que no pasado chegara a ser recoñecida, de feito e na práctica, como unidade organizativa e fiscal (Pazo, 2009)– vincúlase directamente as características demográficas totais a toda a superficie do concello, obviando tanto as particularidades de cada asentamento como os seus ámbitos relacionais, que xeralmente transcenden os límites administrativos.

Hoxe trátase dun feito incuestionable que os cambios socioeconómicos, aos que se ven facendo referencia ao longo deste traballo, transformaron profundamente tanto o espazo urbano como o rural, constituíndo a confirmación de grandes áreas metropolitanas e a

² Definición recollida nas “notas metodolóxicas” da clasificación dos concellos e parroquias segundo o grao de urbanización, elaboradas polo IGE.

difusión da urbanización por gran parte do territorio, dúas das súas principais características. Transformacións que, ademais dos cambios socioeconómicos, implicaron modificacións espaciais e funcionais. Como xa sinalara a OCDE, en 1988, “as estruturas sociais e económicas das rexións [que a OCDE consideraba naquel momento rurais] cambiaron considerablemente, ao mesmo tempo que se altera a súa composición demográfica” (*cit. in* Sancho e Reinoso, 2012, p.599). Este proceso de cambios, indican Roca et al. (2012), provocou á difusión do fenómeno urbano e das redes de urbanización na práctica totalidade do territorio, chegando a afirmar que:

(...) produciuse unha *inversión topolóxica da paisaxe*, o urbano pasou de ser unha illa na inmensidade do océano rural, a representar a globalidade do espazo no que se insiren sistemas naturais ou agrarios máis ou menos illados (Roca et al. 2012, p.1).


A profunda transformación que nos últimos anos experimentou o sistema urbano fixo que este acabara por transcender ao simple feito metropolitano, provocando, nun intento por comprender os novos procesos de urbanización, a aparición de novos termos que tratan de describir o fenómeno, como *cidade difusa* (Indovina, 1994), *metápolis* (Ascher, 1995) ou *edge city* (Garreau, 1991), entre outros moitos. A gran diversidade de termos acuñados nos últimos tempos pola literatura especializada podería levar a supoñer que obedecen a conceptos ou ideas igualmente diversas con cadansúas características particulares, sen embargo, todos eles están articulados nunha idea común: a caída do paradigma *christalleriano*³, o que implica a desaparición do sistema xerárquico territorial baseado na centralidade, isto é, no poder de atracción exercido polos lugares centrais (Portas e Domingues, 1998). Así, a difusión do fenómeno urbano rematou por esfumar as tradicionais distincións campo e cidade, centro e suburbio, metrópole e espazos non metropolitanos (Roca et al., 2012), creando un novo tipo de paisaxe urbano que Thomas Sieverts (2003) deu en chamar *Zwischenstadt*.

³ referido á teoría dos lugares centrais (TLC) de Walter Christaller.




Escalas [L]

Delimitación dos concellos rurais galegos
OCDE (2005)




■ Concellos urbanos
■ Concellos rurais

Delimitación dos concellos rurais galegos
EUROSTAT (2005)




■ Concellos urbanos
■ Concellos rurais

Delimitación dos concellos rurais galegos
INE (2005)




■ Concellos urbanos
■ Concellos semiurbanos
■ Concellos rurais

Clasificación dos concellos galegos en zonas
grao de urbanización *EUROSTAT (2011)*



■ Zonas densamente poboadas (ZDP)
■ Zonas intermedias (ZIP)
■ Zonas pouco poboadas (ZPP)


Clasificación do IGE dos concellos galegos en zonas e subzonas
 grao de urbanización EUROSTAT (2011)



0 25 50 100 km

- | | |
|-------------|------------------|
| ■ ZDP | ■ ZPP alta |
| ■ ZIP alta | ■ ZPP intermedia |
| ■ ZIP baixa | ■ ZPP baixa |

Clasificación do IGE das parroquias galegas en zonas e subzonas
 grao de urbanización EUROSTAT (2011)




0 25 50 100 km

- | | |
|-------------|------------------|
| ■ ZDP | ■ ZPP alta |
| ■ ZIP alta | ■ ZPP intermedia |
| ■ ZIP baixa | ■ ZPP baixa |
| | ■ ZPP superbaixa |


Galicia. Variación demográfica

Fonte: – Elaboración propia partindo de datos de Harguindey, J. "El sistema urbano en el noroste de España"




Período 1991-2001.


Período 2001-2006.



Variación demográfica relativa por parroquias




Variación demográfica relativa por concello.
Período 2001-2011.



Municipios con saldo demográfico positivo.
Período 1960-2011.






1:1.250.000 Galicia. Densidade de poboación e ocupación

Fonte: –Cartografía cedida por © Instituto de Estudos do Territorio. Xunta de Galicia
 –Obra derivada de BTN25 2016 CC-BY ign.es

Densidade



Rede de Transporte Terrestre


Estradas


- Autopistas e Autovías
- Rede Estatal e Primaria

Ferrocarril

- Rede de Alta Velocidade
- Ferrocarril Convencional

Límites Administrativos

-  *Termo Municipal de Cotobade*
-  *Comunidade Autónoma de Galicia*



1:1.250.000 Galicia. Sistema de Asentamentos

Fonte: *–Elaboración propia partindo de datos obtidos nas D.O.T.
–Obra derivada de BTN25 2016 CC-BY ign.es*

0 25 50 100 Km.

Rede de Transporte Terrestre

Estradas

- Autoestradas e Autovías
- Rede Estatal e Primaria

Ferrocarril

- Rede de Alta Velocidade
- Ferrocarril Convencional

Límites Administrativos





Termo Municipal de Cotobade



Comunidade Autónoma de Galicia

Poboación por Concello





1:1.250.000 Galicia. Commuters. nivel: municipal, 2001

Fonte: – Elaboración propia partindo de datos de Harguindey, J. “El sistema urbano en el noroste de España”
 – Obra derivada de BTN25 2016 CC-BY ign.es

Desprazamentos
(distancia < 150 km.)


- 10 - 100
- 100 - 250
- 250 - 500
- 500 - 1.000
- 1.000 - 2.000
- 2.000 - 4.000
- > 4.000

Rede de Transporte Terrestre

- Estradas**
- Autopistas e Autovías
 - Rede Estatal e Primaria
- Ferrocarril**
- Rede de Alta Velocidade
 - Ferrocarril Convencional

Límites Administrativos

- Termo Municipal de Cotobade
- Comunidade Autónoma de Galicia



1:1.250.000 Galicia

Modelo de Densidade: Edificado residencial

Fonte: Elaboración propia. Obra derivada de BTN25 2016 CC-BY ign.es

Densidade Kernel (Ud./Km²)


- 0 – 15
- 15 – 20
- 20 – 40
- 40 – 70
- 70 – 150
- 150 – 355 Ud/Km²

Rede de Transporte Terrestre

- Estradas**
- Autoestradas e Autovías
 - Rede Estatal e Primaria
- Ferrocarril**
- Rede de Alta Velocidade
 - Ferrocarril Convencional

Límites Administrativos

- Termo Municipal de Cotobade
- Comunidade Autónoma de Galicia




1:1.250.000 Galicia

Modelo de Densidade: Edificado Industrial


Fonte: Elaboración propia. Obra derivada de BTN25 2016 CC-BY ign.es




Densidade Kernel (Ud./Km²)




Rede de Transporte Terrestre



Límites Administrativos





1:1.250.000 Galicia

Modelo de Intensidade da Actividade (Imaxe composta: densidade edificado residencial + densidade edificado industrial)
–Fonte: Elaboración propia. Obra derivada de BTN25 2016 CC-BY ign.es

Rede de Transporte Terrestre

Estradas


- Autoestradas e Autovías
- Rede Estatal e Primaria

Ferrocarril

- Rede de Alta Velocidade
- Ferrocarril Convencional

Límites Administrativos

- Termo Municipal de Cotobade
- Comunidade Autónoma de Galicia



1:1.250.000 Galicia. Concentración e Reestruturación Parcelaria

Fonte: –Cartografía cedida por © Instituto de Estudos do Territorio. Xunta de Galicia
 –Obra derivada de BTN25 2016 CC-BY ign.es

Densidade



Rede de Transporte Terrestre

Estradas

- Autopistas e Autovías
- Rede Estatal e Primaria

Ferrocarril


- Rede de Alta Velocidade
- Ferrocarril Convencional

Límites Administrativos

- Termo Municipal de Cotobade
- Comunidade Autónoma de Galicia



FERROL



1956.
Voo Americano 56-57



1986.
*Voo Interministerial
1973-1986*




2014.
PNOA 2014-2015

1:20.000 Evolución diacrónica Principais cidades vertebradoras do Eixo Atlántico Área metropolitana de *Ferrol*


0 0,5 1 2 5 Km.



Fonte: -Centro Cartográfico y Fotográfico del Ejército del Aire, Ministerio de Defensa + Instituto de Estudos do Territorio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas
-PNOA cedido por © Instituto Geográfico Nacional - Xunta de Galicia




A CORUÑA



1956.
Voo Americano 56-57




1986.
Voo Interministerial 1973-1986




2014.
PNOA 2014-2015


1:20.000 Evolución diacrónica
Principais cidades vertebradoras do Eixo Atlántico
Área metropolitana de A Coruña



Fonte: -Centro Cartográfico y Fotográfico del Ejército del Aire, Ministerio de Defensa + Instituto de Estudios do Territorio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas
-PNOA cedido por © Instituto Geográfico Nacional - Xunta de Galicia



SANTIAGO



1956.
Voo Americano 56-57



1983.
*Voo Interministerial
1973-1986*



2014.
PNOA 2014-2015

1:20.000 Evolución diacrónica
Principais cidades vertebradoras do Eixo Atlántico
Área metropolitana de **Santiago de Compostela**

0 0,5 1 2 5 Km.



Fonte: -Centro Cartográfico y Fotográfico del Ejército del Aire, Ministerio de Defensa + Instituto de Estudios do Territorio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas
-PNOA cedido por © Instituto Geográfico Nacional - Xunta de Galicia



PONTEVEDRA



1956.
Voo Americano 56-57



1984.
*Voo Interministerial
1973-1986*



2014.
PNOA 2014-2015

1:20.000 Evolución diacrónica
Principais cidades vertebradoras do Eixo Atlántico
Área metropolitana de Pontevedra


0 0,5 1 2 5 Km.



Fonte: -Centro Cartográfico y Fotográfico del Ejército del Aire, Ministerio de Defensa + Instituto de Estudos do Territorio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas
-PNOA cedido por © Instituto Geográfico Nacional - Xunta de Galicia




VIGO



1956.
Voo Americano 56-57



1986.
*Voo Interministerial
1973-1986*




2014.
PNOA 2014-2015

1:20.000 Evolución diacrónica
Principais cidades vertebradoras do Eixo Atlántico
Área metropolitana de **Vigo**

0 0,5 1 2 5 Km.



Fonte: -Centro Cartográfico y Fotográfico del Ejército del Aire, Ministerio de Defensa + Instituto de Estudios do Territorio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas
-PNOA cedido por © Instituto Geográfico Nacional - Xunta de Galicia



1:300.000 Commuters Rexión urbana de Vigo – Pontevedra


Fonte: – Elaboración propia partindo de datos de Harguindey, J. "El sistema urbano en el noroste de España"
 – Obra derivada de BTN25 2016 CC-BY ign.es


Desprazamentos

- 10 - 100
- 100 - 250
- 250 - 500
- 500 - 1.000
- 1.000 - 2.000
- 2.000 - 4.000
- > 4.000

Límites Administrativos

 Termo Municipal de Cotobade






1:300.000 Sistema urbano de Pontevedra. **Hipsometría**


Fonte: Elaboración propia. Obra derivada de BTN25 2016 CC-BY ign.es




Elevación




Ocupación



Rede de Transporte Terrestre




Límites Administrativos





1:300.000 Sistema urbano de Pontevedra

Fonte: Elaboración propia. Obra derivada de BTN25 2016 CC-BY ign.es





Ocupación


- Edificación
- Instalación industrial

Rede de Transporte Terrestre

- Estradas**
- Autoestradas e Autovías
 - Rede Estatal e Primaria
- Ferrocarril**
- + + + Rede de Alta Velocidade
 - + + + Ferrocarril Convencional

Límites Administrativos

-  Termo Municipal de Cotobade
- 






0 2 5 10 Km.

1:150.000 Sistema urbano de Pontevedra. *Síntesis urbana*

Fonte: Harguindeguy, J. (2014). *El sistema urbano en el noroste de España*

SÍNTESIS ÁREA URBANA.

-  Barreras físicas.
-  Sistema ambiental.
-  Parques y zonas verdes.

EDIFICADO.





-  Residencial.
-  Industrial.
-  Oficinas.
-  Comercial.
-  Deportivo.
-  Equipamientos

Límites Administrativos








Termo Municipal de Cotobade

INFRAESTRUCTURAS.





-  Aeropuerto.
-  Vías de comunicación.
-  Puerto.
-  Ferroviario.

PARQUES EMPRESARIALES.



-  Parques empresariales (PA).
-  PA en estudio.
-  PA en ejecución.
-  PA en tramitación
-  Nuevo suelo definido.

PLANEAMIENTO.





Suelo Urbano.

-  Residencial.
-  Industrial/terciario
-  Equipamientos.
-  Dotacional.

Suelo de Núcleo Rural.

-  Suelo de núcleo rural.
-  Expansión de núcleo.

Suelo Urbanizable.

-  Residencial.
-  Industrial/terciario
-  Dotacional.
-  Espacios libres.



Wim Wenders, 1987. *Wings of Desire*. (Ceo sobre Berlín) Fotograma.

Da Zwischenstadt á Terceira paisaxe

Os intensos procesos de cambio que tiveron lugar nos últimos cincuenta anos, remataron por transformar radicalmente o territorio de Cotobade, non tanto en canto á morfoloxía e estrutura básica que presenta o seu sistema de asentamentos, senón máis en canto aos hábitos e a forma de vida de quen hoxe o habita. A transformación que sufriu o concello veu marcada fundamentalmente por dous feitos que acabarían por definir o seu actual carácter: primeiro, a dramática perda de poboación que tivo lugar durante a segunda metade do século XX –e de forma especialmente acusada durante a década dos anos cincuenta (-26,5%)– que diminuíría drasticamente a masa crítica do concello, reducíndoa dende entón en máis dun 57% (IGE, 2018)⁴; e a radical transformación cultural que experimentou a súa poboación, transformación condicionada por un rápido proceso de *desruralización* (Domingues, 2011) que rematou por suprimir a acentuada natureza tradicional e agrícola que até recentemente caracterizara o seu territorio, provocando o abandono das terras, a permanencia da pequena agricultura –convertida hoxe nunha actividade de lecer– mesturada con usos predominantemente urbanos e certa intensidade construtiva nas áreas onde o seu territorio se solapa co da rexión urbana de Vigo-Pontevedra.

⁴ Datos consultados en liña na web do *Instituto Galego de Estatística* <<http://www.ige.eu>> [01/07/2018]

Esta mutación produciuse de forma tan rápida e abstracta, que só fica describir o resultado que deu mediante a utilización de (pseudo)conceptos igualmente abstractos para tentar caracterizar a nova lóxica urbana e condición social do hábitat cotiá que produciu. Así, quizais sexa válido volver ao concepto de *paisaxe* para definilo. Unha idea, na opinión de Álvaro Domingues (2013), por exceso de polisemia, talvez demasiado flutuante, vaga e inestable que el define como “(...) unha especie de esponxa: absorbe calquera cuestión que se poida enunciar *paisaxisticamente* e, inversamente, espremendo, tamén sae dela calquera cousa” (Domingues, 2011, p.159). Desa maneira, segundo afirma José M. Martín (2003, *Cit. in* Domingues, 2013), o carácter necesariamente cambiante da paisaxe outórgalle un contido inestable, fráxil e vulnerable que provoca unha tensión permanente entre a preservación e a destrución; a estabilidade e a ameaza; a aceptación e a negación; unha condición de incerteza que:

“(...) encontra na propia diversidade e contradición sociais, unha fonte permanente de consciencia e racionalidade agónicas, ávidas de confrontación, negociación, normalización, imposición, penalización... como forma de regular esa conflictividade” (Domingues, 2013, p.19).

Ese é o motivo polo que Domingues (2011; 2013) afirma que as políticas da paisaxe se mostran extremadamente útiles para comprender cales son os asuntos dos que realmente se fala cando se fala de *paisaxe*, e da maneira en como intervir *na paisaxe*. Para identificar e entender eses asuntos e o “malestar social” derivado do discurso e as representacións da *paisaxe convertida en asunto e ben público*, así como en elemento de identidade e diferenciación fronte aos “procesos acelerados da globalización-masificación e do sentimento de perda de identidade” (Domingues, 2013, p.21), o autor crea o concepto de *paisaxe transxénica* como modo de deixar a un lado posibles desviacións, bloqueos e ilusións de coñecemento na utilización dos significados dispersos e os conceptos vagos que implica usar un termo como *paisaxe*.

Na actualidade, en Galicia, o que a maioría de discusións sobre ambiente, territorio ou paisaxe poñen en cuestión, parece ser unha enorme amalgama de acontecementos que provocaron unha situación de malestar fronte á radical transformación que tivo lugar a consecuencia da aparición de novas formas de produción de paisaxe (ou outros asuntos transformados en paisaxe), ou a dramatización sobre a destrución da *vella Galicia* que deu

orixe ao [moi desafortunado] termo *feísmo*, usado como forma de protesta fronte ao estado de crise, ao carácter periférico do territorio, da economía e cultura galegas no contexto español e global, e ao éxodo de poboación da Galicia rural que despois o seu territorio dos agricultores *xardineiros da paisaxe*. Este tipo de situacións son as que, segundo Álvaro Domingues, fan que pseudo-conceptos como ambiente, territorio ou paisaxe, sexan susceptibles de adquirir calquera significado, transformándose no que el chama *dispositivos comunicativos* que, “máis que do contido variable que poidan posuír, son usados como artillaría de arremetida nos procesos de loita simbólica en tempos de cambio e forte conflitividade social” (Domingues, 2013, p.23). Tal e como o autor continúa dicindo:

É así como vexo a maioría das discusións sobre o que muda nas paisaxes (aínda denominadas) urbanas e rurais (...). Fronte ao descoñecemento e á incompreensión do que está a mudar nos modos de territorialización da sociedade (...), parece que a opinión corrente ficou presa entre o “Centro Histórico” (a vella e boa cidade) e a “Aldea Típica” (o bucolismo dos campos e das súas xentes simples) (Domingues, 2013, p.23).

O mixtión produto do proceso de hibridación do territorio deu lugar a aparición do termo *rururbano* como intento de caracterización simplificada dos novos patróns socio-territoriais. Segundo afirma Domingues (2013), as representacións perduran máis que a realidade que designan no espazo-tempo, polo que a non superación da dicotomía cidade/campo “redundou nun discurso negativo asentado no trauma da perda dos dous” (Domingues, 2013, p.25). Así, a imaxe da cidade compacta como modelo de urbanización transfórmase en *suburbio*, *urbanización difusa*, *dispersión urbana*; mentres o campo é *periurbanizado* e *industrializado*, producindo, para completar a imaxe territorial, unha *industrialización/urbanización rural difusa* (Domingues, 2013). O que tal denominación pon de manifesto é a dobre metamorfose que en realidade tivo lugar no territorio e que, por un lado, evidencia o carácter residual da práctica agrícola, así como unha transformación cultural que se alimenta dunha enorme variedade de referencias globais e locais e, por outro lado, toma forma mediante a creación de novos patróns de aglomeración e dispersión que carecen de límites estables e definidos, dando lugar a unha forma de urbanización extensiva apoiada nunha crecente dotación infraestrutural que

coloniza un territorio inmerso nunha profunda transformación tecnolóxica e social (Domingues, 2013).

A coexistencia no territorio de novos elementos de carácter urbano con outros residuais, herdados da cultura rural, amplía a dificultade que parece posuír a sociedade para asumir definitivamente a perda das referencias tradicionais e as diferencias convencionais entre *cidade* e *campo*. Isto, sumado á aparente incapacidade para superar a dicotomía cidade/campo, tradúcese no que é socialmente entendido como un proceso de *dexeneración* que, tanto desvirtúa a cidade tradicional, como descaracteriza o campo. O concepto de *paisaxe transxénica* toma entón sentido para tentar comprender a transformación que sufriu o territorio, así como para tratar de ampliar a capacidade de observalo, esquivando os conceptos preconcebidos cos que, de forma habitual, percibimos a realidade, de maneira que se entenda a paisaxe como unha “obra aberta onde se mesturan materiais e procesos elementais que xeran, organizan e codifican as estruturas e sistemas complexos dos que fan parte” (Domingues, 2013, p.25). Así, a conceptualización da paisaxe como *organismo xeneticamente modificado* posibilita a percepción da presenza simultánea de elementos pertencentes a *organismos* ou *corpos* conceptualmente distintos (Domingues, 2013).

Para dar nome á nova entidade creada polas actuais formas de asentamento, Thomas Sieverts (2003) crea o concepto de *Zwischenstadt*. Unha idea que define o tipo de área edificada situada entre os antigos centros históricos das cidades e o campo aberto, entre o lugar como espazo de vida e os non-lugares de mobilidade, entre os pequenos ciclos económicos locais e a dependencia do mercado mundial. A principal utilidade deste concepto reside na posibilidade que ofrece para ser usado como ferramenta de planeamento efectiva, ao recoñecer e identificar a serie de condicións previas (Sieverts, 2003, p.xii) que mostra o carácter do novo tipo de asentamento e que deben ser asumidas como condicións de deseño, por exemplo:

1. A distribución global da forza laboral dentro do sistema económico e a mudanza que isto implica no papel que xoga a cidade dentro da estrutura económica mundial;
2. A disolución dos lazos de unión cultural da cidade e a radical pluralización da *cultura de cidade* asociada a ela;

3. O feito de que a natureza está, na actualidade, impregnada case por completo de artefactos, cuestión que terminou por diluír as diferencias entre cidade e natureza.

O que o autor defende na súa tese é que, dentro do actual contexto global, repensar nestes cambios implica a busca e desenvolvemento de novas formas de transformación da cidade europea que, respondendo ás condicións específicas do lugar e dende a percepción ampla das novas posibilidades que ofrece –a pesar dos seus aspectos negativos– a globalización, sexan capaces de propor unha contribución única para lograr unha caracterización europea do modelo de cidade global sen renunciar aos vínculos coas grandes tradicións da cidade europea (Sieverts, 2003).


O carácter da *Zwischenstadt* serve para definir a condición que presenta o territorio de Cotobade, especialmente nas cotas baixas, máis próximas ás redes viarias de alta capacidade e onde existe un certo –aínda que moi tenue– grao de presión urbanística. Esta área do concello aloxa, ademais, á maior parte da súa poboación, constituíndo un importante centro de actividade dentro do municipio. Sen embargo, a medida que os asentamentos se sitúan a cotas máis altas, faise evidente a diminución do grao de actividade que presentan os seus núcleos, practicamente intactos en canto a súa morfoloxía, aínda que profundamente transformados en canto á forma de vida dos seus habitantes e a relación –agora inexistente– coa súa contorna inmediata, de maneira que, ao contrario do que acontece nos núcleos que forman parte da área urbana de Vigo–Pontevedra, as formas de asentamento continúan aquí estreitamente vinculadas á estrutura previa do tecido tradicional de carácter rural. Desesta maneira, pódese establecer unha relación entre a topografía do territorio de Cotobade e a densidade poboacional dos seus asentamentos, que se dilúe a medida que aumenta a altitude.

As características topográficas de Cotobade, sen presentar condicións especialmente complexas, mostran unha acusada diferenza de cota no curto espazo de quince quilómetros que posúe o seu eixo este–leste, e que varía dende os 15 m. sobre o nivel do mar que presenta a ribeira do Léziz na parroquia de Tenorio, ata os 1000 m. de altitude que posúen os picos máis altos da Serra do Cando no seu encontro coas parroquias de Caroi e Corredoira. Esta circunstancia é, probablemente, unha das causas polas que as

principais estradas do sistema viario evitan o paso polo interior do concello, bordeándoo na busca de condicións máis favorables a través de pasos naturais, feito que lle nega ao concello o carácter de *lugar-de-paso*, outorgándolle, a cambio, o de *cul-de-sac*. Posiblemente fora este un dos motivos polos que os núcleos do interior do concello conservaran, de maneira excepcional, a súa morfoloxía e estrutura tradicional, permanecendo, ao longo do recente e radical proceso de cambios, virtualmente intactos. Non se podería afirmar disto que se trata dun acontecemento único ou illado –existen no interior de Galicia infinidade de casos similares–; sen embargo, que este feito se dea nunha situación de extrema proximidade coa área de dinamismo máis activo do territorio galego, amplía exponencialmente o seu interese. Desá maneira, a condición, talvez, máis particular que este feito impón sobre o territorio de Cotobade, sexa a que lle outorga a natureza de *marxe*.


Estatísticas

Paisaxes Marxinais. Cotobade: Lóxicas urbanas dun territorio pos-rural



Dinámicas da poboación mundial 1950 - 2050

Datos: FAOSTAT UNDESA, Population Division – World Population Prospects, the 2015 Revision




Porcentaxe anual da distribución da poboación de España en áreas rurais e urbanas

Datos: United Nations, Department of Economic and Social Affairs, Population Division (2014). World Urbanization Prospects: The 2014 Revision, custom data acquired via website.


España. Porcentaxe de traballadores segundo sector de actividade. (%)

Datos: Ministerio de Agricultura, alimentación e Medio Ambiente 2008




Cotobade. Porcentaxe de traballadores segundo sector de actividade. (%)


Datos: Plan Xeral de Ordenación Municipal de Cotobade, redactado en 2011




Paisaxes Marxinais. Cotobade: Lóxicas urbanas dun territorio pos-rural




Galicia evolución poboación (datos INE)




Provincia de Pontevedra evolución poboación (datos INE)



Cotobade evolución poboación (datos INE)



Cotobade. Licenzas de construción segundo tipo de obra 2000–2014 (datos IGE)




Provincia de Pontevedra. Vivendas familiares segundo tipo e ano de construción do edificio. (datos IGE)

● vivendas principais ● vivendas secundarias ● vivendas baleiras

Cotobade. Porcentaxe de superficie ocupada por usos de cada tipo de sistema

Datos: Instituto Galego de Estatística, 2005.



Definicións:

Xeoforma: Unidade simple e característica do terreo que forma parte da superficie terrestre.

Bioxénese: Relacionase cos usos do solo de dinámica natural.


Agroforestal: Relacionase cos usos do solo de dinámica antrópica.

Artificial: Fai referencia ao grao de alteración antrópica do territorio.

Construído: Inclúe usos do solo de carácter antrópico que se refiren a solo urbanizado e ámbitos edificados.


Cotobade

Incendios forestais e superficie queimada



Distrito Forestal XIX

Incendios forestais e superficie queimada



(datos Xunta de Galicia. Consellería de Medio Rural)













Nota: Dende o ano 2007 a Xunta de Galicia non proporciona datos dos incendios forestais por municipio, senón que emprega unha formula baseada en distritos forestais.

Distrito forestal (Definición Xunta de Galicia. Consellería de Medio Rural)


Constitúe a unidade administrativa básica de planificación da defensa contra lumes forestais de Galicia, dotada de recursos propios e con capacidade de planificación. Cada distrito está composto pola agrupación de municipios pertencentes todos a unha mesma provincia.

Distrito XIX - Caldas-O Salnés: Barro; Bueu; Caldas de Reis; Cambados; Campo Lameiro; Cangas; Catoira; Cotobade; Cuntis; Grove, O; Illa de Arousa, A; Lama, A; Marín; Meaño; Meis; Moaña; Moraña; Poio; Ponte Caldelas; Pontecesures; Pontevedra; Portas; Ribadumia; Sanxenxo; Valga; Vilaboa; Vilagarcía de Arousa; Vilanova de Arousa

Paisaxes Marxinais. Cotobade: Lóxicas urbanas dun territorio pos-rural




Cotobade. Evolución demográfica por parroquias
 Datos: Fortes, X. (2015)





Escalas [M]




Termo Municipal de **Cotobade** (1944). *Mapa Topográfico* [Inexistente]

Fonte: *Elaboración propia. Obra derivada de: – MTN50 1944 CC-BY 4.0 ign.es*



1:100.000 Termo Municipal de **Cotobade** (2014). *Ortoimaxe*

Fonte: *Obra derivada de:* – PNOA 2014 CC-BY 4.0 ign.es




1:100.000 Termo Municipal de **Cotobade** (2015). *Mapa Topográfico*

0 1 5 Km.

Fonte: *Obra derivada de:* – MTN25 2016 CC-BY 4.0 ign.es

Usos do solo


 <i>Frondosas</i>	 <i>Terreo claro</i>	 <i>Regadío</i>
 <i>Coníferas</i>	 <i>Claro con árbores</i>	 <i>Invernadoiros</i>
 <i>Mixtos</i>	 <i>Viña</i>	 <i>Parques e xardíns</i>
 <i>Monte baixo ou matogueira</i>	 <i>Frutais</i>	
 <i>Prado ou pasto</i>	 <i>Regadío</i>	



1:100.000 Termo Municipal de **Cotobade**. *Relevo*

Fonte: *Elaboración propia. Obra derivada de:* – MDT05 2014 CC-BY 4.0 ign.es





1:100.000 Termo Municipal de **Cotobade**. *Hipsometría*

Fonte: *Elaboración propia. Obra derivada de:* – BTN25 2014 CC-BY 4.0 ign.es
– MDT05 2014 CC-BY 4.0 ign.es



Elevación (metros)

 15 - 50	 500 - 550
 50 - 100	 550 - 600
 100 - 150	 600 - 650
 150 - 200	 650 - 700
 200 - 250	 700 - 750
 250 - 300	 750 - 800
 300 - 350	 800 - 850
 350 - 400	 850 - 900
 400 - 450	 900 - 950
 450 - 500	 950 - 1000 m.


Ocupación

Edificación

Rede de Transporte Terrestre

Estradas

Rede Estatal e Primaria
 Rede Secundaria




1:100.000 Termo Municipal de Cotobade. Estado actual

Fonte: – Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Cotobade






Ocupación	Rede de Transporte Terrestre
■ Edificación	Estradas
	— Rede Estatal e Primaria
	— Rede Secundaria




1:100.000 Termo Municipal de **Cotobade**. *Áreas de interese ambiental* 0 1 5 Km.

Fonte: *Elaboración propia. Obra derivada de: – Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Cotobade*

Áreas de interese ambiental e productivo

-  *Áreas con interese paisaxístico*
-  *Áreas con interese ecolóxico*
-  *M.V.M.C, montes veciñais en man común*



1:100.000 Termo Municipal de Cotobade. Cultivos e aproveitamentos



Fonte: Elaboración propia. Obra derivada de:


- BTN25 2014 CC-BY 4.0 ign.es
- MDT05 2014 CC-BY 4.0 ign.es
- Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Cotobade

Cultivos e aproveitamentos

- Eucalipto
- Eucalipto e piñeiro
- Eucalipto, piñeiro e caducifolias
- Caducifolias
- Mato
- Mato pasteiro
- Mato pasteiro con rochas
- Mato e especies
- Mato e caducifolias

Ocupación

- Edificación




1:100.000 Termo Municipal de **Cotobade**. *Estrutura da propiedade*

Fonte: – *Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Cotobade*

0 1 5 Km.

Ocupación

- *Edificación*
- *Parcelario*



1:100.000 Termo Municipal de Cotobade. Estrutura Parroquial

Fonte: – Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Cotobade



Estrutura Parroquial


- | | |
|--|---|
| ■ <i>Santa María de Sacos</i> | ■ <i>San Martiño de Rebordelo</i> |
| ■ <i>San Xurxo de Sacos</i> | ■ <i>Santiago de Loureiro</i> |
| ■ <i>Santiago de Viascón</i> | ■ <i>Santa Mariña de Aguasantas</i> |
| ■ <i>San Pedro de Tenorio</i> | ■ <i>Santo André de Valongo</i> |
| ■ <i>San Lourenzo de Almofrei</i> | ■ <i>San Gregorio de Corredoira</i> |
| ■ <i>San Martiño de Borela</i> | ■ <i>Santiago de Caroi</i> |
| ■ <i>San Miguel de Carballo</i> | |

Ocupación

- *Edificación*

Rede de Transporte Terrestre Estradas

- *Rede Estatal e Primaria*
 — *Rede Secundaria*






1:100.000 Termo Municipal de **Cotobade**. *Estrutura viaria*


Fonte: *Elaboración propia. Obra derivada de: – Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Cotobade*



Rede viaria

Estradas

-  *Rede Estatal*
-  *Rede Primaria*
-  *Rede Secundaria e terciaria*




1:100.000 Termo Municipal de Cotobade. Evolución demográfica (2011) 0 1 5 Km.

Fonte: Elaboración propia. Obra derivada de: - Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Cotobade

Clasificación segundo evolución demográfica


- Fortemente regresiva
- Regresiva
- Estacionaria
- Progresiva
- Fortemente progresiva

Poboación



Rede viaria

- Estradas
- Rede Estatal
 - Rede Primaria
 - Rede Secundaria e terciaria




1:100.000 Termo Municipal de Cotobade. Concentracións parcelarias




Fonte: Elaboración propia. Obra derivada de: - Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Cotobade

- Concentracións parcelarias rematadas
- Concentración parcelaria en proceso



Termo Municipal de Cotobade. **Polígonos Thiessen.** Nivel: *parcelario*



Termo Municipal de Cotobade. **Polígonos Thiessen.** Nivel: *edificado*



Wim Wenders, 1987. *Wings of Desire*. (Ceo sobre Berlín) Fotograma

O espazo á marxe

Creo, en efecto, que o concepto de marxe, de límite, non ten só unha dimensión teórica e incluso poética, senón que pode ser tamén unha categoría operativa para o proxecto contemporáneo. Nas “marxes” entre diferentes realidades territoriais e xeográficas xéranse novos lugares caracterizados pola hibridade e a mestura, trazos inherentes á cultura contemporánea. Por iso penso que afondar nas marxes dá pistas para entender a esencia dos lugares do mundo no que vivimos (Joan Nogué. Cit. in Zecchin, 2011, p.13).

A condición de marxinalidade está xeralmente asociada á chagada da modernidade, tanto para sustentar procesos de alienación, segregación e dominación asociados a ela, como para evocar sociedades e tradicións que se consideran perdidas na actualidade. Deste modo, a marxinalidade, normalmente vinculada a condicións de desvantaxe e exclusión, pode resultar unha condición fascinante cando se entende como a condición do lugar híbrido, de variedade e alteridade. Nos últimos anos, as teorías sociais rebateron enerxicamente a idea de marxinalidade como unha condición asumida e inevitable, normalmente definida dentro dunha estrita lóxica económica (Cullen, Prettes, 2000, *Cit. in* Aru, Putilli, 2014). Nesta perspectiva, ser marxinado entendíase en termos de escaseza de recursos económicos e, consecuentemente, como unha condición social inferior. Esta interpretación foi transferida e aplicada aos máis diversos contextos económicos e sociais, o que permitiu conceptualizar a marxe a través dunha serie de dicotomías opostas, resultando a máis importante, sobre todas as demais, a dicotomía *centro/periferia*. Dende esta perspectiva, a relación entre o que se considera marxinal e

o que non, pódese describir como un continuo de diferentes etapas de integración, dende a completa exclusión á inclusión plena na sociedade (Aru, Putilli, 2014).

Tal e como indican Silvia Aru e Matteo Putilli (2014), nos últimos tempos, a idea determinista e linear de marxinalidade mudou cara definicións máis complexas e diferenciadas que consideran a multiplicidade de formas a través das cales a marxinalidade pode ser experimentada, vivida e percibida. O marxinal xa non é só unha condición externa e determinada, senón tamén unha experiencia persoal interna que resulta nunha continua negociación entre actores, sociedade e lugares, de maneira que a condición de marxinalidade é o produto de relacións, tanto materiais, como simbólicas. Nos últimos tempos, os estudos sociais sobre a marxinalidade gañaron un novo impulso en relación co que se definiu como o *xiro neoliberal* que impulsou a transición cara o pos-Fordismo e ás fases incertas da globalización económica. Mentres as políticas neoliberais redefinen as fronteiras entre o público e o privado, así como entre estado e mercado, ou sociedade e capital, tamén redeseñan as marxes e as marxinalidades a través da imposición de novas formas e procesos de inclusión e exclusión socio-espacial (Aru e Putilli, 2014).

Afirman eses mesmos autores que os estudos recentes sobre os procesos de *xentrificación*, na *cidade revanchista* así como sobre as varias intervencións de rexeneración urbana, renovación, valorización e turistificación de diferentes partes da cidade, evidencian unha contradición estrutural: por un lado, estes procesos presentan unha oportunidade para determinados grupos sociais avantaxados –especialmente para a clase creativa que representa o público obxectivo principal das políticas urbanas neoliberais–; por outro lado, están marcados por crecentes signos de seguranza, normalización, control social, discriminación e segregación (Aru e Putilli, 2014).

No contexto de baixa densidade no que se encontra o concello de Cotobade, poderíase afirmar que, na transición dende unha condición rural cara unha urbana, o destino dos elementos extremos que produciu –*marxe* e *centro*– permanece aínda incerto. O despoboamento dun, e a conurbación do outro, xunto coa acumulación de espazo

residual e o abandono dos vestixios dunha cultura perdida, fortalecen o carácter evidente e problemático da marxe. Fronte á percepción habitual do espazo marxinal que xeralmente lle atribúe connotacións negativas –entendendo *o que está situado á marxe* como un espazo irrelevante para o sistema, un lugar de baixa calidade onde se acumulan os residuos produto do abandono, separado do que é *maioritario* e carecendo, por tanto, dos mesmos dereitos que posúe a maioría– faise aquí necesario encontrar unha maneira diferente de ollar cara certos aspectos da realidade nos que o espazo conceptual da marxe é considerado dende un acercamento positivo e dentro dunha categoría operativa de proxecto.

En termos da súa complexidade orográfica, o espazo marxinal adquire as súas propias especificidades. Nun contexto de baixa e media altitude, a marxinalidade do territorio de Cotobade posúe as súas propias características. Esta condición, en termos de subdesenvolvemento e marxinalización xeográfica, ven determinada, en parte, polas súas desfavorables características xeomorfolóxicas –seccións estreitas, insuficiencia de espazo nos vales, pendentes escarpadas dificilmente accesibles con maquinaria agropecuaria moderna–, polo illamento consecuencia dun sistema viario estruturalmente pobre e carente de conexións de calidade coas principais vías da rexión, a ausencia de industria e limitacións do pequeno comercio, escaseza de turismo e agudos fenómenos de despoboamento. Desta maneira, nas áreas máis altas do seu territorio –nas que non se dan as condicións necesarias para que se poida desenvolver un tipo de urbanismo máis extensivo e que carecen das figuras necesarias para a explotación natural do turismo, a agricultura ou o monte– deposítanse o que Luca Zecchin (2011) denomina como *indicios visibles e invisibles dunha nova marxe cualitativa*, relevantes para o desenvolvemento doutras áreas máis dinámicas.

As evidencias visibles serían o resultado da histórica inexistencia de instrumentos eficaces de ordenación e xestión do territorio; da ausencia dunha estratexia de futuro rigorosa que non se limite aos pobres resultados inmediatos que, con frecuencia, ofrece o prazo curto; da indiferenza cara o fenómeno da autoconstrución e a aparición indiscriminada e aparentemente arbitraria de segundas residencias de baixa calidade; do

abandono dos pequenos núcleos tradicionais e terras de cultivo, cubertas agora, en gran parte, por un bosque de baixa calidade e potencialmente perigoso. Ao mesmo tempo, os indicios invisibles estarían vinculados ao illamento mental, ao que non lle outorga a estes espazos marxinais un papel no territorio, resultando nun desequilibrio entre áreas centrais e marxinais, na desaparición das peculiaridades do lugar provocada polo desarraigo e os sistemas de globalización que tenden a eliminalas. Todos estes indicios de espazo marxinal identifican e determinan novas desvantaxes territoriais. Sen embargo, o problema é aínda enfrontado de acordo a estatísticas cuantitativas e sectoriais que non acaban de recoñecer o espazo marxinal como un espazo apropiado e necesario para construír o futuro da comunidade (Zecchin, 2011).

Impónse así a necesidade de aceptar un feito que non se trata xa da posibilidade remota dun futuro incerto, senón da realidade dun territorio que mostra na actualidade unhas características que viñeron determinadas por un radical proceso de transformación, polo que importa asumilas, e identificar nelas, como suxire a interesante proposta de Luca Zecchin (2011), novas ferramentas de deseño compositivo para a transformación/construción da paisaxe ao longo do tempo, que sexan potencialmente susceptibles de traducirse en accións estratéxicas para o deseño dun territorio que desexa converter a súa condición marxinal nunha oportunidade de desenvolvemento. Neste sentido, os espazos marxinais son os primeiros na lista de *materiais territoriais* capaces de producir proxectos significativos de transformación/construción ao longo do tempo. O acercamento de Zecchin vai máis alá das actuais abstraccións conceptuais do contexto ou a división do territorio en plans sectoriais; o obxectivo procura aquí a reconceptualización do espazo marxinal e a condición de marxe nunha área operativa de proxecto, un proxecto que traballe sobre o existente, reciclando o que foi física ou conceptualmente descartado, o que implica tomar o problema *dende e entre* áreas marxinais como un problema de deseño, arquitectura e construción do territorio.

Recoñecer a complexidade do espazo marxinal, ambiguo por definición ao manter as ideas de marxe, tanto como elemento primario da nosa percepción, representación e construción da realidade, pero tamén polo seu carácter simbólico de secundariedade e

baixa calidade que establece a súa importancia menor en termos comparativos, implica tomar consciencia da gran superficie de territorio que ocupa, pero tamén da imposibilidade de identificalo mediante unha morfoloxía precisa, ao adquirir varias e diferentes formas. Nun territorio que toma forma de maneira crecente como un conxunto de enclaves residenciais capsulares (Cauter, 2001, 2005), con frecuencia conectados aos fluxos de redes globais, pero desconectados localmente, a marxinalidade dos espazos excluídos da rede representa a condición máis significativa da contemporaneidade (Zecchin, 2011), onde as ideas e plans de centralidade poden ser postos en situación de crise: falando metaforicamente, “o espazo marxinal representa o mar que permite a existencia das illas do arquipélago” (Zecchin, 2011, p.27).

Neste sentido, a condición de *marxe* que se revela aquí como transcendental é a que lle outorga o seu carácter limiar, onde o significado do espazo marxinal ten co ver co que toma forma como espazo límite, un espazo situado na marxe de algo. A propia definición do termo indica o extremo, o borde que con frecuencia establece os límites regulares dunha área cualitativamente caracterizable. Deriva do latín *màrgo*, o espazo en branco no que se encadra a escritura nunha páxina, a marca dunha ferida, e está cognada co vocábulo alemán *mark* (fronteira). As marxés supoñen, desá maneira, un elemento primordial de relación entre o home e o mundo: a través deles percibimos e construímos a realidade que nos rodea. Como afirma Gregory Bateson, na súa obra *Espírito e natureza*, percibir implica recoñecer distincións dentro da realidade que observamos, extraer as figuras do fondo. Ademais, mentres a percepción pasa pola distinción das marxés das figuras visibles, a construción representa a delimitación dun espazo por medio das súas marxés físicas. Neste sentido, podemos definir a nosa existencia na terra como un proceso continuo de interpretación e adición de marxés realizado a través da percepción e a construción (Bateson, 2002).

A continuidade do espazo encontra na marxe unha cesura recoñecible en tempo e espazo que, segundo Zecchin (2011), fai que o lugar adquira significado. Se o continuo e o uniforme constitúe o *locus* xeométrico do imperceptible, a liña que representa a marxe

introduce a discontinuidade, a identidade e a relación que conforma un lugar, de maneira que, tal e como indica Mark Augé (2000, p.83):

Se un lugar pode definirse como lugar de identidade, relacional e histórico, un espazo que non pode definirse nin como espazo de identidade nin como relacional nin como histórico, definirá un non-lugar.

E precisa aínda o mesmo autor:

O lugar común ao etnólogo e a aqueles dos que fala é un lugar, precisamente: o que ocupan os nativos que nel viven, traballan, o defenden, marcan os seus puntos fortes, coidan as fronteiras pero sinalan tamén a pegada das potencias infernais ou celestes, a dos antepasados ou dos espíritos que poboan e animan a xeografía íntima, como se o pequeno anaco de humanidade que lles dirixe nese lugar ofrendas e sacrificios fora tamén a quintaesencia da humanidade, como se non houbera humanidade digna dese nome máis que no lugar mesmo do culto que se lles consagra. (Augé, 2000, p.49)

Esta é a razón pola que se fai necesario redescubrir o espazo marxinal como categoría de planeamento, un lugar dende o cal observar e construír novas formas e estratexias que a arquitectura debe explorar.

Observando dende unha perspectiva aérea, a unha escala capaz de atanguer amplas extensións do territorio, fanse evidentes as significativas diferencias entre as funcións territoriais que estruturaron e organizaron o espazo tradicional, e a condición que agora caracteriza o espazo contemporáneo. Mentres que no pasado o espazo supoñía un medio de vital importancia, tanto para a sustentabilidade da ecoloxía humana que o produciu, como para as relacións entre distintas entidades territoriais, hoxe, ese mesmo espazo, perdeu a súa importancia esencial, ficando reducido a mero soporte, un lugar onde os artefactos híbridos encontran, na morfoloxía do seu espazo marxinal, a condición de estar suspendidos entre dous mundos, ou entre dous estados dunha metamorfose (Zecchin, 2011). Así, o espazo que antes xogara un papel transcendental na construción do territorio de carácter tradicional, que aínda hoxe é percibido e representado como tal, parece ter perdido todo significado na actual configuración multipolar da extensa rede de centros nodais que presenta o espazo da *modernidade líquida* de Bauman (2004).

Máis alá do carácter híbrido da paisaxe que toma forma nas áreas baixas do concello, o que acabou por cualificar o seu territorio de media e (relativamente)alta montaña, ademais da diáspora da poboación local, foi o abandono e a aparentemente completa disolución do

vínculo e relación entre os asentamentos e a súa contorna, en definitiva, entre o home e a terra, cubrindo a súa superficie de vestixios e reliquias de intervención humana mentres amplas extensións de terra son *abandonadas*. Se entendemos o desperdicio como o produto do abandono causado pola imposibilidade de utilización ou, porque simplemente non se quere aproveitar, poderemos entender os vestixios que fican despois do uso como o *residuo*. Desa maneira o residuo toma forma como o resto, o remanente, o herdeiro dun acontecemento pasado que foi posteriormente desmantelado e abandonado. Tal e como o describiu Gilles Clément (2007, p.6), “[o residuo] é o resultado do abandono dun terreo anteriormente explotado. A súa orixe é múltiple: agrícola, industrial, urbana, turística, etc. *Residuo* é sinónimo de terreo ermo”. A observación da paisaxe como obxecto *non cousificado* permite descubrir “unha gran cantidade de espazos indecisos, desprovistos de función, aos que resulta difícil darlles nome” (Clément, 2007, p.9), entre cuxos fragmentos non existe similitude de forma. Só posúen unha única cousa en común: que todos constitúen un territorio de refuxio para a diversidade que foi expulsada das demais partes, constituíndo o espazo do que Clément (2007) chama a *Terceira paisaxe*.

A medida que aumenta a altura de cota do territorio de Cotobade, aumenta a complexidade da súa orografía, facéndose cada vez máis máis evidente o carácter residual que presenta. En canto á extensión da *Terceira paisaxe*, Clément (2007, p.14) afirma, no seu manifesto, que o espazo rural “produce tantos máis residuos –e conxuntos primarios– canto máis importante é o seu relevo, e produce tantos menos canto máis débil é o seu relevo”. Esta afirmación e a súa comprobación empírica permiten establecer un axioma que confirma o vínculo entre o relevo acusado e a cantidade de espazo marxinal que produce o territorio; un espazo, segundo o define Clément, marcado polo carácter irresoluto da *Terceira paisaxe*, e que virá determinado pola “evolución que segue o conxunto dos seres biolóxicos que forman o territorio, a falta de calquera clase de decisión humana” (Clément, 2007, p.6).

Esta situación permite establecer a condición do espazo contemporáneo presente nas áreas de montaña de Cotobade mediante as débiles e desiguais relacións entre *espazo* e *territorio*, vinculadas á percepción e que, excluindo partes deste, as considera *terra nullius* (terra de ninguén), caracterizándoas como o produto residual da derelición, o

Res derelictae (Caldura, 2008), que consiste en esencia en aquilo que foi abandonado e que, segundo o Dereito Romano, é susceptible de converterse na propiedade de calquera outro. Sen embargo, tal e como di Caldura, non se trata dun requisito indispensable que aquilo que foi abandonado pase a ser propiedade doutro para adquirir a condición de *Res derelicta*. Nese sentido, o estado de abandono define a súa natureza *en e por si mesmo*, independentemente de cal sexa o seu futuro, o que implica que o que foi abandonado se mostre afectado por un estado de *suspensión*, ao perder a condición de pertenza ao tempo que non determinou unha nova definición do seu status. Esta condición do abandono é sinal da fin da súa etapa *útil* en réxime de propiedade, de tal forma que, dende o estado de *abandono*, parece re-emerxer a condición natural e orixinal de *Res nullius*, o estado inicial e previo das cousas que precede calquera procedemento xurídico capaz de outorgarlles a condición de *propiedade*. Isto non é senón outra evidencia do habitual comportamento, tanto público como privado, que mostra o “desexo de desfacerse (*animus dereliquendi*) dun obxecto unha vez foi baleirado de calquera posible valor” (Caldura, 2008, p.5). Entre a perda de interese e a perda de funcionalidade existe, tamén, o acto de distracción por parte do propietario, que se afasta do que “xa non desexa, do que xa non lle é útil, do que xa non é capaz de exercer función algunha” (Caldura, 2008, p.5).

Segundo afirma aínda Caldura, estas paisaxes –os lugares fragmentados da *terrae et res nullius* (de ninguén) que mostran o estado indeciso entre o *xa non*, determinado por categorías de uso, función e interese, e o *aínda* dunha reserva latente de transformación e rexeneración– non veñen definidas pola distancia, senón pola veciñanza. Estarían polo tanto asociados ao concepto heideggeriano de *cercanía*, á liña elástica, grosa e sinuosa da marxe que permite establecer o límite difuso no momento tenue en que *algo* comeza progresivamente a intensificar a súa presenza. Carecendo de calquera intención de permanencia, supón a fronteira susceptible de ser dirimida entre o que foi establecido por un desexo de orde e apropiación, e aquilo que xorde do acto de distracción da propiedade. Desá maneira, Gilles Clément (2007) representa os lugares do abandono contemporáneo facendo patente a paradoxal condición rexeneradora que emerxe da natureza residual das cousas (Caldura, 2008).

Así, dende o potencial de rexeneración do *Res derelicta*, vólvese sumamente importante recoñecer o momento en que un *espazo incerto* prepara o seu posible rexurdimento, o punto onde o obxecto descartado pode iniciar a súa transformación mediante o uso de practicas operacionais “que non aspiren á simple reciclaxe do desperdicio, (...) senón a recoñecer a condición de apertura que aflora *entre* as cousas e *dende* as cousas carentes de función, uso, interese e decisión” (Caldura, 2008, p.7). Esa condición de apertura deriva da restitución das cousas a unha condición de non pertenza pero, tal e como cuestiona Caldura (2008), que tipo de prácticas operativas poden salvagardar tal condición de apertura? De forma similar, Paul Ricoeur (1965) cuestiona a maneira de intervir nun espazo repleto de carga cultural:

A fin de chegar á ruta que conduce á modernización, ¿é necesario desbotar o vello pasado cultural que foi a razón de ser dunha nación? Este é o paradoxo. Por un lado teñen que arraigar no solo do seu pasado, forxar un espírito nacional e desprezar esta reivindicación espiritual e cultural ante a personalidade colonialista. Pero a fin de tomar parte na civilización moderna, é necesario ao mesmo tempo tomar parte na racionalidade científica, técnica e política, algo que moi a miúdo require o puro e simple abandono de todo un pasado cultural. É un feito: non toda cultura pode soportar e absorber o choque da moderna civilización. Existe este paradoxo: como chegar a ser moderno e regresar ás fontes, como revivir unha antiga e durmida civilización e tomar parte na civilización universal. (Ricoeur, 1965, Cit. in Frampton, 1998, p.37)

Na súa defensa dun rexionalismo crítico, Kenneth Frampton (1998) recoñece a importancia do lugar, remitindo ao pensamento de Heidegger na creación do que el chama *unha arquitectura de resistencia*, pero faino, paradoxalmente, propoñendo a precondition absoluta dun *dominio limitado*, a creación dun *enclave*, un medio capsular capaz de proporcionar unha protección eficaz contra un *exterior hostil*. Tal e como afirma, “só un límite definido permitirá que a forma construída se erga contra –e así resistir– o interminable fluxo procesual da megalópole” (1998, p.50). A importancia que lle outorga ao lugar aparece reflectida novamente cando, a propósito da distinción que fai Semper entre tectónico e estereotómico, cita a defensa que Gregotti fai da primacía do replanteo como acto tectónico primordial:

O peor inimigo da arquitectura moderna é a idea de espazo en termos de esixencias económicas e técnicas, e a indiferenza cara á idea de lugar. A contorna construída é a representación física da súa historia e do modo en que se acumularon diferentes niveles de significado para dar forma a unha cualidade do sitio. A xeografía é a descrición de como os signos da historia se transformaron. O proxecto

arquitectónico está a cargo de revelar a esencia do contexto ambiental a través da súa transformación. Polo tanto, a contorna non é un sistema onde disolver a arquitectura, senón o material máis importante dende onde desenvolver o proxecto. A través do concepto de lugar e do principio do asentamento, o entorno é a esencia da produción arquitectónica. Dende este punto de vista pódense derivar novos principios e métodos de deseño que dan precedencia ao asentamento nunha área específica. A orixe da arquitectura non é a cabana primitiva ou a caverna. Antes de transformar un soporte en columna ou, un teito en tímpano, o home colocou unha pedra sobre o chan para recoñecer un lugar no medio dun universo descoñecido, para telo en conta e modificalo. A pesar da súa simplicidade, tratase dun acto de extrema relevancia. Dende esta perspectiva hai dúas actitudes fundamentais fronte o contexto: a imitación orgánica ou a súa valoración a través de relacións físicas, a definición formal e a interiorización da súa complexidade (Gregotti, 1983, Cit. in Frampton, 1990, p.5).

Sen embargo, estas ideas non proporcionan unha resposta sobre como actuar nos espazos do abandono que sufriron as consecuencias da globalización, aínda sendo ignorados polos fluxos monetarios. Cesar Losada (2014), para analizar a maneira en que os territorios pos-rurais e pos-industriais dan orixe a unha nova forma de *non-lugar* máis complexa, caracterizada polos vestixios fantasmais de pasadas promesas de prosperidade, crea o concepto de *undead places*, lugares *non-mortos* que, como “o corpo embalsamado dunha sociedade que deixou de existir (...) evocan non só aquilo que a terra foi no pasado, senón tamén aquilo que aspiran a ser” (Losada, 2014, p.5).

As cidades fantasma poden ser consideradas, segundo a tese de Losada, como o oposto ao *non-lugar*; mentres este é desprovisto de calquera recordo ou valor afectivo, a cidade fantasma está repleta dunha memoria colectiva que actúa como o “monumento dun imperio extinto”. Os lugares completamente abandonados pódense cualificar, segundo Losada, como *espazo deshumanizado*, pero a intervención humana precedente causou tal impacto no seu medio que non permite a recuperación do estado previo orixinal, puro, e inmaculado, facendo imposible cualificalos como *naturais*. No actual medio cultural pos-romántico o *undead place* encarna valores estéticos, políticos e económicos contraditorios: encontrándose no interludio entre aquilo que foi e aquilo que aínda non é, a morte e o renacemento, o obxecto arquitectónico que mellor expresa a súa esencia non é a *ruína*, senón a *casa pechada*, a casa baleira; edificios que permanecen en desuso como “mansións durmidas esperando a ser novamente ocupadas, resistindo á morte aínda que incapaces de recuperar a vida en plenitude” (Losada, 2014, p.6).

Quizais, segundo afirma o autor, as características máis significantes do *undead place* sexan os procesos epistémicos, culturais e ideolóxicos que implican non só á poboación que os habita, senón tamén a aqueles que decidiron marchar. Os emigrantes tenden a idealizar o seu lugar de orixe como “Arcadias produto do onirismo bucólico e as fantasías pastorais, transformando o *undead place* no *Monumento* da súa identidade persoal e colectiva” (2014, p.7). Isto subxuga ás *áreas fantasmais* á ameaza da xentrificación, normalmente asociada a desenvolvementos estritamente metropolitanos. Desa maneira, nos territorios onde o sector primario deixou de ser rendible e como forma de recuperar algunha produtividade económica potencial, o turismo preséntase como a única opción dispoñible con capacidade de satisfacer a todos os axentes que implica: a poboación local, os emigrantes e o turista casual foron, en moitas ocasións, os causantes de estimular unha *greenification* que parece outorgar unha segunda vida ao *undead place*, superpoñéndolle os prexuízos anacrónicos pintorescos que con frecuencia se asocian á vida no campo.

Por outro lado, ao analizar novamente os lugares incertos do *espazo da marxe*, é posible recoñecer unha condición análoga á que Solà-Morales (2010) identificaba nos lugares baleiros e abandonados no contexto urbano do *terrain vague*:

“unha porción de terra na súa condición expectante, potencialmente aproveitable pero xa con algún tipo de definición na súa propiedade á cal nós somos alleos (...) Lugares aparentemente esquecidos, onde parece predominar a memoria do pasado sobre o presente. Son lugares obsoletos nos que só certos valores residuais parecen manterse a pesar da súa completa desafección da actividade da cidade. Son, en definitiva, lugares externos, estraños, que fican fora dos circuitos, das estruturas produtivas (Solà-Morales, 2010, p.126-127).

O *terrain vague* adquire entón a condición en que se pode afirmar que a cidade xa non se encontra alí pero, sen embargo, a súa natureza artificial de límites imprecisos e carente de formas representativas do poder, é capaz de provocar unha sensibilidade paisaxística ilimitada, de modo que a reacción do mundo da arte contemporánea cara eses lugares é a de preservar o *terrain vague* como “espazos alternativos, estraños, estranxeiros á eficacia produtiva da cidade”, refuxiándose nas súas *marxes* precisamente cando “esa cidade lles ofrece unha identidade abusiva, unha homoxeneidade

esmagadora, unha liberdade baixo control” (Solà-Morales, 2010, p.130). Ante semellante situación, Solà-Morales reconece o papel problemático da arquitectura:

Parece que todo o destino da arquitectura foi sempre o da colonización, o poñer límites, orden, forma, introducindo no espazo estraño os elementos de identidade necesarios para facelo recoñecible, idéntico, universal. Pertence á esencia mesma da arquitectura a súa condición de instrumento de organización, de racionalización, de eficacia produtiva capaz e de transformar o inculto e cultivado, o baldío en produtivo, o baleiro en edificado (Solà-Morales, 2010, p.130).

Desa maneira, a resposta da arquitectura e o deseño urbano ante o baleiro do *terrain vague* parece que non poida ser outra que a introdución de transformacións radicais, “pretendendo, a toda costa, desfacer a maxia incontaminada do obsoleto no realismo da eficacia” (Solà-Morales 2010, p.130). Solà-Morales, usando a terminoloxía propia da estética subxacente ao pensamento de Deleuze, ratifica como a arquitectura irá sempre do lado das formas, do distante, do óptico e do figurativo, mentres que, polo contrario, o individuo escindido da cidade contemporánea buscará “as forzas en lugar das formas, o incorporado en lugar do distante, o háptico en lugar do óptico, o rizomático en lugar do figurativo” (Solà-Morales, 2010, p.131). Polo que, ao contrario do que defende a tradición iluminista do Movemento Moderno, a intervención no preexistente, nos espazos residuais, xa non pode ser comfortable nin eficaz, senón que se “debería producir dende a contraditoria complicidade de non romper os elementos preceptivos que manteñen a continuidade no tempo e no espazo” (Solà-Morales, 2010, p.131).

Para actuar no *terrain vague*, a arquitectura deberá, así, atender á continuidade para non converterse no instrumento agresivo dos poderes e as razóns abstractas:

Pero non á continuidade da cidade planeada, eficaz e lexitimada, senón, todo o contrario, a través da escoita atenta dos fluxos, das enerxías, dos ritmos que o paso do tempo e a perda dos límites estableceron. A nosa cultura abomina o monumento cando este é a representación da memoria pública, da presenza do un e o mesmo. Só unha arquitectura do dualismo, da diferenza da descontinuidade, instalada na continuidade do tempo pode facer fronte á agresión angustiosa da razón tecnolóxica, do universalismo telemático, do totalitarismo cibernético do terror igualitario e homoxeneizador (Solà-Morales, 2010, p.131)



Escalas [s]

[S] *Paisaxe transxénica*










[S] *Undead places*












[S] *Res derelicta*











[S] *Res nullius*







Conclusións

En base ao exposto e defendido ao longo do traballo, identificar conclusións xenéricas que sirvan de modelo operativo de planeamento preséntase como unha tarefa complexa, pero, quizais a conclusión máis importante de carácter xenérico que se pode extraer do proceso de investigación sexa o recoñecemento do feito de que as causas que acaban por determinar a maneira en que territorios concretos evolucionan (crecendo, decrecendo, ou simplemente transformándose) obedecen, en realidade, a procesos orixinados en ámbitos maiores e, en esencia, a fenómenos globais. Precisamente, a condición global dos procesos que influencian a maneira en que evoluciona o espazo urbanizado contemporáneo fai que, para encontrar respostas inmediatas á cuestión de como afrontar as fases desa evolución, se recorra, con frecuencia, a linguaxes xenéricas para materializar solucións concretas en espazos que, se cabe, non as aceptan facilmente.

A poboación do espazo contemporáneo está hoxe absolutamente habituada á ubicuidade do urbanismo e a arquitectura de carácter xenérico que asolaga o medio que habita, a comprende e sabe lela, así como é capaz de recoñecer nela o proceder habitual, a forma supostamente correcta de como intervir no espazo urbanizado. Aparentemente, a única importancia que o espazo público semella manter, é a que lle dá a poboación cando o usa como *medio* que necesariamente ten que ser percorrido para chegar a onde realmente se quere ir. Máis alá dos *enclaves* deseñados para o ocio, xa non parece existir ningunha relación real entre o home e a súa contorna; semella que o espazo público contemporáneo ficou reducido a mero soporte da actividade humana, e dos *enclaves* e *cápsulas* onde esta ten en realidade lugar; aparentemente perdeu algún dos seus trazos máis característicos, como a condición de lugar de encontro e interacción humana, ou a posibilidade do espontáneo.

Este feito, redundou no visible desarraigo que parece afectar ao conxunto da poboación que habita unha nova xeografía despoxada de identidade, onde toda contorna singular parece ter sido destruída. Se é posible ler unha paisaxe como a proxección cultural dunha civilización sobre o medio que habita, a paisaxe do momento presente constituirá a proxección cultural da civilización contemporánea; tanto da actividade máis dinámica que presentan os territorios que tenden a concentrar poboación, como do espazo residual produto do abandono.

O recoñecemento do carácter do lugar contemporáneo, así como dos procesos de globalización que irremediamente o influencian, pon a disposición unha ferramenta operativa de proxecto esencial ao posibilitar a revisión do concepto de escala en canto á estrutura física, organización e ámbitos de relación que presentan os territorios. Nese sentido, faise necesario reconsiderar o espazo marxinal como unha parte do territorio tremendamente valiosa como obxecto de proxecto na restitución da identidade do lugar; unha restitución que terá que ir necesariamente acompañada dun proceso de *apropiación* do territorio por parte da poboación.

Así, o acto de posesión do lugar, debe tomar conciencia da manipulación previa, da carga cultural que contén, potenciando as características particulares que o diferencian, pero debe facelo tendo tamén en conta o carácter que posúe a civilización contemporánea e as súas esixencias. Isto comporta o perigo de caer en intervencións que tentan preservar un carácter de lugar que non responde ás expectativas e ilusións dunha poboación que acumula ideas preconcebidas. A carencia de elementos representativos, ou un nivel excesivo de degradación pode levar, tanto á reconstrución segundo patróns históricos ou temáticos que fagan referencia á identidade colectiva asociada ao lugar, como á eliminación de elementos preexistentes que se poidan considerar danos para a imaxe *ideal* dese lugar. Isto non supón tanto unha *imitación*, como unha *hipersimulación*; con frecuencia se destrúen contornas históricas xenuínas para construír réplicas que coincidan co que a xente espera delas; *hiperrealidades* idealizadas que ofrecen unha imaxe depurada e concentrada no tema sintetizada en anacos fáciles de dixerir para o consumo de turistas e residentes.

A realidade é que o espazo contemporáneo está a mudar, e o fará independentemente de si existe ou non un proxecto eficaz de ordenación do territorio, ou un planeamento para o deseño de realidades específicas. A poboación tende a concentrarse en ámbitos capaces de cubrir as súas esixencias, abandonando os seus lugares de orixe se o considera necesario.

Os núcleos tradicionais situados hoxe nos hámbitos da marxe do espazo contemporáneo de Cotobade, terminaron por adoptar a morfoloxía propia dos enclaves residenciais que forman as redes capsulares características do hábitat hipermoderno. O recoñecemento do potencial de rexeneración dos lugares fragmentados do *terrae et res nullius*, permite comezar avanzar na transformación deses espazos establecendo prácticas operacionais que, baseadas no concepto de veciñanza, consigan dotalos de identidade mediante o acto de apropiación. Desa maneira, poderían chegar a atinxir novamente a condición de ámbito público de cualidade. Nese sentido, faise sumamente importante indagar no significado real e profundo de conceptos como *identidade*, *lugar* ou *paisaxe*, para que o acto de apropiación poida ser consumado con éxito.

Por outro lado, non ten sentido que o planeamento continúe operando en Cotobade (ou en calquera outro lugar) como se dunha illa se tratase. Para o planeamento, os límites administrativos carecen xa de valor. Identificar cales son os seus reais ámbitos relacionais, así como onde se encontran ás súas potenciais oportunidades, será determinante para o seu futuro. Así, seguir insistindo na inmediatez que proporcionan as intervencións concretas de carácter xenérico e desvinculadas de calquera estratexia de futuro, non fará senón empeorar a situación, podendo incluso, segundo a natureza da intervención, agudizar fenómenos de segregación.

Os temas tratados e a liña teórica argumentada ao longo deste traballo xorden, tanto do estreito vínculo persoal con Cotobade, como do xenuíno interese e preocupación polo seu futuro. Nese sentido, a argumentación teórica presentada aquí, intenta mostrar unha lectura positiva na interpretación do seu espazo, proponendo críticas que, en todo caso, pretenden unicamente ser construtivas, e non destrutivas. Trátase dun concello que posúe excepcionais potencialidades e oportunidades e, por tanto, digno dun proxecto de futuro que poña en funcionamento prácticas de planeamento que recoñezan as súas especificidades e potencien o seu carácter distintivo.

Bibliografía

- Ábalos, I. (2005). *Atlas pintoresco Vol. 1: El observatorio*. Barcelona, Gustavo Gili.
- Aru, S. e Putilli, M. (2014). Forms, spaces and times of marginality. An introduction. *Bolletino della società geografica italiana*. Serie XIII, vol. VII, pp. 5-16. [Em linha]. Disponível em: <http://societageografica.net/wp/wp-content/uploads/2016/08/Puttilli_Aru_inglese.pdf> [Consultado em 24/07/2018]
- Ascher, F. (2004). *Los nuevos principios del urbanismo*. Madrid, Alianza.
- Augé, M. (2000). *Los "no lugares"*. Barcelona, Gedisa.
- Augé, M. (2013). Naturaleza, cultura y paisaje. *Revista Colombiana de Antropología*, Vol. 49, núm. 2, pp.223-238 [Em linha]. Disponível em: <<http://www.redalyc.org/articulo.oa?id=105029983010>> [Consultado em 20/11/2017]
- Bachelard, G. (2000). *La poética del espacio*. Buenos Aires, Fondo de Cultura Económica.
- Baigorri, A. (1995) *De lo Rural a lo Urbano*, paper presentado al V Congreso Español de Sociología - Granada, 1995. Grupo 5. Sociología Rural. Sesión 1ª. La Sociología Rural en un contexto de incertidumbre.
- Barreiro, X.L. e Blanco, M. (2012) La recesión económica y cultural del rural gallego: causa, formas y perspectivas. In: Rodríguez, R. (Ed.). *Galicia, un mundo rural vivo*. UIMP + Concello de Lalín
- Bateson, G. (2002). *Espíritu y naturaleza*. Buenos Aires, Amorrortu editores.
- Bauman, Z. (2002). *La cultura como praxis*. Barcelona, Paidós.
- Bauman, Z. (2004). *Modernidad líquida*. Buenos Aires, Fondo de cultura económica
- Bauman, Z. (2005). *Identidad*. Buenos Aires, Losada.
- Besse, J.M. (2006). Las cinco puertas del paisaje. Ensayo de una cartografía de las problemáticas paisajeras contemporáneas. In: Maderuelo, J. (Ed.). *Paisaje y pensamiento*. Madrid, Abada, pp.145-172
- Boomkens, R. (2013). Mediacity: On the Discontinuous Continuity of the Urban Public Sphere. In: Thissen, J., Zwijnenberg, R. e Zijlmans, K. (Ed.). *Contemporary Culture: New directions in art and humanities research*. Amsterdam, Amsterdam University Press, pp.19-36
- Bueno, G. (2004) *El mito de la cultura*. Barcelona, Prensa Ibérica.

- Caldura, R. (2008). *Res derelicta: Dall'abbandono all'emblematicità dei luoghi*. Venezia, Galleria contemporaneo. [Em linha]. Disponível em <http://www.galleriacontemporaneo.it/pdf/mostre/010_C.pdf> [Consultado em 01/07/2018]
- Careri, F. (2003). *Walkscapes. El andar como práctica estética*. Barcelona, Gustavo Gili.
- Carevic, N. e Dominguez, L.A. (2012) Arquitectura y paisaje urbano como globalización específica. *Revista de la Facultad de Arquitectura Universidad Autónoma de Nuevo León*, 6, pp. 87-109 [Em linha]. Disponível em <<https://dialnet.unirioja.es/descarga/articulo/4156805.pdf>> [Consultado em 07/06/2017]
- Castells, M. (1998). *La era de la información. Vol III: Fin de milenio*. Madrid, Alianza Editorial.
- Castells, M. (2000). *La era de la información. Vol I: La sociedad red*. Madrid, Alianza Editorial.
- Castells, M. (2001). *La era de la información. Vol II: El poder de la identidad*. México, Siglo XXI Editores.
- Choay, F. (2004). El reino de lo urbano y la muerte de la ciudad. In: Ramos, A. (Ed.). *Lo urbano en 20 autores contemporáneos*. Barcelona, UPC. pp. 61–72.
- Clément, G. (2007). *Manifiesto del tercer paisaje*. Barcelona, Gustavo Gili
- Consejo de Europa (2000). *Convenio Europeo del Paisaje*. Florencia. [Em linha]. Disponível em <<http://www.mecd.gob.es/planes-nacionales/dms/mecd/cultura-mecd/areas-cultura/patrimonio/mc/planes-nacionales/planes-nacionales/paisaje-cultural/documentos-de-referencia/convencion-florencia.pdf>>. [Consultado em 7/11/2017]
- Dalda, J., García Docampo, M., e Harguindey, J. (2005). *Cidade difusa en Galicia*. Santiago de Compostela, Dirección Xeral de Urbanismo.
- De Caüter, L. (2001). The Capsule and the Network. Preliminary Notes for a General Theory. *Re: Generic City, OASE*, 54, pp.122–134. [Em linha]. Disponível em: <<https://www.oasejournal.nl/en/Issues/54/TheCapsuleAndTheNetwork#122>> [Consultado em 11/12/2017]
- De Caüter, L. (2005). The city in the age of transcendental capitalism. In: De Caüter, L. (Ed.) *Capsular civilization: On the city in the Age of Fear*. Rotterdam, NAI Uitgevers/Publishers, pp.40-53
- Delgado, M. (1999). *El animal público*. Barcelona, Anagrama.
- Domingues, A. (2011). *Vida no campo*. Porto, Dafne editora.

- Domingues, A. (2013). Paisagens Transgénicas. *Zarch*. Nº1, pp. 16–35.
- Fariña, J. (2008). *El Convenio Europeo del Paisaje*. [Em linha]. Disponível em <<https://elblogdefarina.blogspot.com.es/2008/08/el-convenio-europeo-del-paisaje.html>> [Consultado em 2/11/2017]
- Fariña, J. (2015). *Paisaje y paisajes*. [Em linha]. Disponível em <<https://elblogdefarina.blogspot.com.es/2015/12/paisaje-y-paisajes.html>>. [Consultado em 2/11/2017]
- Fortes, X. (2015). *Terra de Cotobade*. Brión, Guiverny.
- Fortes, X. (2017). *Cotobade. Claves dunha historia rural*. Brión, Guiverny.
- Foucault, M. (1967). Of other spaces. In: Dehaene, M. e de Caeter, L. (Ed.). *Heterotopia and the City. Public space in a postcivil society*. London and New York, Routledge. pp. 13-30
- Frampton, K. (1990). Llamado al orden. En defensa de la tectónica. *Architectural Design* 60, no 3-4.
- Frampton, K. (1998). Hacia un regionalismo crítico. In: Foster, H. (Ed.). *La posmodernidad*. Barcelona, Kairos. pp.37-59.
- Gallardo, L. (2013). Lugar y arquitectura. Reflexión de la esencia de la arquitectura a través de la noción de lugar. *Arquiteturarevista*, Vol. 9, n. 2. Julio-Diciembre, pp. 161-169. [Em linha]. Disponível em <<http://oai.redalyc.org/articulo.oa?id=193630143010>>. [Consultado em 31/05/2017]
- García Docampo, M. (2014). Modelos Territoriais: Das tendencias globais ao caso galego. In: García Docampo, M. (Ed.). *Cidades subxacentes. Policentrismos urbanos en Galicia*. A Coruña, Colectivo1aun.
- González, N. (2007). Bauman, identidad y comunidad. *Espiral*, XIV, 40, septiembre–diciembre, pp. 179-198 [Em linha]. Disponível em <<http://www.redalyc.org/articulo.oa?id=13804007>> [Consultado em 01/06/2017]
- Gregotti, V. (2001). *Território da arquitetura*. São Paulo, Editora Perspectiva.
- Hagen, R. e Hagen, R. (2005). *Los secretos de las obras de arte*. Colonia, Taschen.
- Indovina, F. (2004). La ciudad difusa. In: Ramos, A. (Ed.). *Lo urbano en 20 autores contemporáneos*. Barcelona, UPC. pp. 49–59.

- Koolhaas, R. (2004). La ciudad genérica. In: Martín, A. (Ed.). *Lo urbano en 20 autores contemporáneos*. Barcelona, Edicions UPC, pp.73-81
- Lipovetsky, G. e Serroy, J. (2010). *La cultura-mundo*. Barcelona, Anagrama.
- Lipovetsky, G. e Juvín, H. (2011). *El occidente globalizado*. Barcelona, Anagrama.
- Lipovetsky, G. e Charles, S. (2014). *Los tiempos hipermodernos*. Barcelona, Anagrama.
- Losada, C. (2014) *Undead places. Spectral ontology of ghostly rural areas*. [Em linha]. Disponível em <<http://www.inter-disciplinary.net/at-the-interface/wp-content/uploads/2014/05/romerodiaspaper.pdf>>. [Consultado em 18/06/2016]
- Lynch, K. (2008). *La imagen de la ciudad*. Barcelona, Gustavo Gili.
- Maderuelo, J. (2005). *El paisaje. Génesis de un concepto*. Madrid, Abada editores.
- Mallarach, J. e Vilasagra, I. (2002). Los procesos de desconcentración urbana en las ciudades medias españolas. *Ería*, 57. pp. 57–70. [Em linha]. Disponível em <<https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=247526>>. [Consultado em 13/06/2018]
- Martínez, I. (2006). La identidad como problema social y sociológico. *Arbor. Ciencia pensamiento y cultura*, CLXXXII 722, noviembre-diciembre, pp. 811-824 [Em linha]. Disponível em <<http://arbor.revistas.csic.es/index.php/arbor/article/view/69/69>>. [Consultado em 01/06/2017]
- Medina, P. e Rodrigo, M. (2006). Posmodernidad y Crisis de Identidad. *IC. Revista científica de Información y Comunicación*, 45, pp. 125-146 [Em linha]. Disponível em <<http://icjournal-ojs.org/index.php/IC-Journal/article/view/167>> [Consultado em 01/06/2017]
- Monclús, F.J. (1998). *La ciudad dispersa. Suburbanización y nuevas periferias*. Barcelona, Centre de Cultura Contemporània.
- Monclús, F.J. (1999). Ciudad dispersa y ciudad compacta. Perspectivas urbanísticas sobre las ciudades mediterráneas. *D'Humanitats*, N.7, p. 95–110.
- Moneo, R. (1995). Inmovilidad substancial. *Circo* N.24. [Em linha]. Disponível em <http://www.mansilla-tunon.com/circo/epoca1/pdf/1995_024.pdf>. [Consultado em 30/08/2017]
- Montaner, J. (1994). Ensayo sobre arquitectura moderna y lugar. *Boletín Académico. Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña*. N.18, pp. 4-11. [Em linha]. Disponível em <<http://ruc.udc.es/dspace/handle/2183/5251>> [Consultado em 01/06/2017]

- Montaner, J. (1999). *Después del Movimiento Moderno*. Barcelona, Gustavo Gili.
- Montaner, J. (2011). *La modernidad superada*. Barcelona, Gustavo Gili.
- Morén, R. (2005) *Lugar, identidad territorial e inmigración extranjera en áreas rurales y pequeñas ciudades de España. Un estudio cualitativo exploratorio*. Madrid: Observatorio Permanente de la Inmigración (OPI), Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, (libro electrónico) [Em linha].Disponível em <https://www.researchgate.net/publication/267820757_Lugar_identidad_territorial_e_inmigracion_extranjera_en_areas_rurales_y_pequenas_ciudades_de_Espana_Un_estudio_cualitativo_exploratorio> [Consultado em 02/08/2017]
- Nogué, J. (1989). Espacio, lugar, región. Hacia una nueva perspectiva geográfica regional. *Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles*. Nº 9, pp. 63-79 [Em linha]. Disponível em <<https://dialnet.unirioja.es/descarga/articulo/1318196.pdf>>. [Consultado em 08/10/2017]
- Nogué, J. (1992). Turismo, percepción del paisaje y planificación del territorio. *Estudios Turísticos*. Nº115, pp.45-54 [Em linha]. Disponível em <<https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2204939>>. [Consultado em 13/10/2017]
- Nogué, J. (2007). Paisaje, identidad y globalización. *Fabrikart. Arte, Tecnología, Industria, Sociedad*. Nº 7, pp. 136-145 [Em linha]. Disponível em <<http://www.ehu.es/ojs/index.php/Fabrikart/article/view/2227/1843>>. [Consultado em 08/10/2017]
- Nogué, J. (2009). Paisaxe e sentido de lugar. In Diaz-Fierros, F. e López, F. (2009). *Olladas críticas sobre a paisaxe*. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega
- Nogué, J. (2010). El retorno al paisaje. *Enrahonar. Quaderns de Filosofia*, 45, pp. 123-136 [Em linha]. Disponível em <<http://revistes.uab.cat/enrahonar/index>>. [Consultado em 01/06/2017]
- Nogué, J. (2014). Sentido del lugar, paisaje y conflicto. *Geopolítica(s). Revista de estudios sobre espacio y poder*, vol. 5, núm. 2, pp.155-163. [Em linha]. Disponível em <http://dx.doi.org/10.5209/rev_GEOP.2014.v5.n2.48842>. [Consultado em 21/08/2017]
- Norberg-Schulz, C. (1975). *Existencia, espacio y arquitectura*. Barcelona, Blume.
- Norberg-Schulz, C. (1980). *Genius Loci: Towards a phenomenology of architecture*. New York, Rizzoli
- Pallasmaa, J. (2006). *Los ojos de la piel*. Barcelona, Gustavo Gili.

- Paniagua, E. e Pedragosa, P. (2015) La esencia fenomenológica de la arquitectura. *Revista 180*, n. 35 pp. 30–35. [Em linha]. Disponível em <<http://www.revista180.udp.cl/index.php/revista180/article/view/32>> [Consultado em 08/09/2017]
- Paniagua, E. e Roldán, J. (2014). Traer a la presencia y dialogar con el lugar. *Arquitectura y revista*, Vol. 10, n. 2. Julio-Diciembre, pp. 124-133. [Em linha]. Disponível em <<http://www.redalyc.org/html/1936/193637783009/>>. [Consultado em 28/08/2017]
- Paniagua, E. e Roldán, J. (2015). La arquitectura y su significado existencial. *Signa*, Vol. 24, pp. 443-462. [Em linha]. Disponível em <<http://revistas.uned.es/index.php/signa/issue/view/895>> [Consultado em 30/08/2017]
- Pazo, J. (2009). O valor da escala parroquial na análise dos cambios da ocupación territorial na provincia de Pontevedra. *Madrygal*, Nº12, pp. 79-89. [Em linha]. Disponível em <<https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=3150306&orden=239145&info=link>> [Consultado em 24/07/2018]
- Portas, N. e Domingues, A. (1998). La Región Atlántica Norte de Portugal: ¿Metrópolis o metápolis?. In Monclús, F. J. (ed). *La ciudad dispersa*. Barcelona: Centre de Cultura Contemporania de Barcelona.
- Puente, P. (2012) El valor emocional de la experiencia paisajística. Querencias y paisajes afectivos. *Cuadernos Geográficos*, Vol. 51, pp.270-284. [Em linha]. Disponível em <<http://revistaseug.ugr.es/index.php/cuadgeo/issue/view/14>>. [Consultado em 6/10/2017]
- Roca, J. (2012). El sistema urbano en España. *Scripta Nova. Revista electrónica de geografía y ciencias sociales*. XVI, 396 [Em linha]. Disponível em <<http://www.ub.edu/geocrit/sn/sn-396.htm>>. [Consultado em 20/06/2017]
- Rocha, A. (2007). El concepto de cercanía en Martin Heidegger. *Eidos*, n.7 pp. 48-86
- Rodríguez, R. (2003) Espacios rurales: ordenación y desarrollo. *Revista da Faculdade de Letras — Geografía*. I série, vol XIX, pp. 487-494
- Rossi, A. (1982). *The architecture of the city*. Cambridge, The MIT Press
- Sancho, J. e Reinoso, D. (2012) La delimitación del ámbito rural: una cuestión clave en los programas de desarrollo rural. *Estudios Geográficos*. Vol. LXXIII, Nº 273, julio-diciembre, pp. 599-624 [Em linha]. Disponível em <<http://estudiosgeograficos.revistas.csic.es/index.php/estudiosgeograficos/article/view/385/385>> [Consultado em 09/06/2017]
- Sieverts, T. (2003). *Cities without cities*. London, Spon Press.

Solà-Morales, I. (2010). Terrain vague. In: Ábalos, I. (Ed.). *Naturaleza y arteificio*. Barcelona, Gustavo Gili. p. 123-132.

Sorkin, M. (1994). *Variations on a theme park*. New York, Hill and Wang.

Velasco, J.C. (2006). La era de las identidades. A modo de presentación. *Arbor: Ciencia pensamiento y cultura*, CLXXXII 722, noviembre-diciembre, pp. 719-721 [Em linha]. Disponível em <<http://arbor.revistas.csic.es/index.php/arbor/article/view/61/61>>. [Consultado em 01/06/2017]

Zecchin, L. (2011). *Architecture of/in the marginal spaces A methodological approach for the territory of the low and medium mountain*. Tese doutoral. Università Degli Studi Di Trento.

Zoido, F. et alii (2000). *Diccionario de geografía urbana, urbanismo y ordenación del territorio*. Barcelona, Ariel.

Zoido, F. (2003). La Convención Europea del Paisaje y su aplicación en España. In: Folch, R. (Ed.) *El territorio como sistema: conceptos y herramientas de ordenación*. Barcelona, Diputació de Barcelona. [Em linha]. Disponível em <http://www.upo.es/ghf/giest/documentos/paisaje/Zoido_Basesaplicacionconvenioeuropopaisajeenespana.pdf>. [Consultado em 06/11/2017]

Conferencias

Dalda, J. (2009). *Sistemas Urbanos do NW Ibérico: Unha evolución problemática*. [Em linha] Disponível em <<https://vimeo.com/74391485>> [Consultado em 29/05/2018]

Koolhaas, R. (2015). *On the countryside*. Harvard GSD. [Em linha]. Disponível em <<https://youtu.be/shVxB6wRHo0>> [Consultado em 16/04/2018]

Koolhaas, R. e Gianotten, D. (2017). *MTALKS - On countryside*. Melbourne School of design. [Em linha]. Disponível em <<https://youtu.be/F4KGYWz0Ymw>> [Consultado em 16/04/2018]